

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 30 de abril de 2010**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, día 30 de abril de 2010, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 3/10, do 26 de marzo.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 3.401 á nº 6.900, do 2010.

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

3-Modificación do cadro de actuación da cuarta anualidade e disposicións para facilitar a finalización administrativa do Plan piloto de mellora da calidade turística de Portodemouros.

Comisión de Promoción Económica, Emprego e Turismo

4.-Aprobación do novo prazo para a contratación das obras “Rehabilitación da Escola de Guitiriz” e “Obras de conservación e mantemento da casa dos Laoeiros” 1ª fase do Concello da Capela correspondente ao Plan de mellora da calidade turística da zona do Eume.

Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico

5.-Integración da Deputación no Padroado da Fundación Rosalía de Castro.

6.-Aprobación do convenio co Seminario de estudos comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar o proxecto “Percorrendo vieiros da Costa da Morte”.

7.-Aprobación de convenio co Concello da Coruña, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar o *Programa ACoruñaCultura 2010*.

8.-Aprobación de convenio co Concello de Culleredo, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar o *Programa de actividades nos Museos Municipais no ano 2010*.

9.-Aprobación de convenio coa Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar un *ciclo de concertos da Orquestra Sinfónica de Melide, denominado "Gala Lírica"*.

10.-Aprobación de convenio co Concello de Boiro, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar o “Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza no ano 2010”.

11.-Aprobación de convenio coa Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar o ciclo de conferencias: “Unha medicina ao servizo da sociedade” durante o ano 2010.

12.-Aprobación de convenio co Arcebispado de Santiago de Compostela, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar a IV fase do proxecto de publicación do inventario dos fondos parroquiais da Diocese de Santiago de Compostela na provincia da Coruña.

13.-Aprobación de convenio co Concello de Santiago de Compostela, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2010.

14.-Aprobación de convenio co Concello de Porto do Son, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar o Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2010.

15.-Aprobación de convenio coa Fundación Luís Tilve, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar o Proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da U.G.T. e dos movementos sociais de Galicia, VI fase.

16.-Aprobación de convenio co Consorcio das Mariñas, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar a III Mostra de jazz galego "Jazz Mariñas".

17.-Aprobación de convenio coa Asociación dos Amigos da Ópera, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar o LVIII Festival de Ópera da Coruña.

18.-Aprobación de convenio co Concello de Ferrol, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar o Ciclo de Jazz 2010.

19.-Aprobación de convenio co Concello de Muros, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar o Programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2010.

20.- Aprobación de convenio coa Fundación 10 de marzo, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar a V fase do proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico da Fundación e dos movementos sociais.

21.-Aprobación de convenio coa Real Academia Galega de Ciencias, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar un ciclo de conferencias denominado "XIII Avances da ciencia e da tecnoloxía".

22.-Aprobación de convenio coa Fundación Galiza Sempre, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar o programa de actividades culturais 2010: “Arquivo e divulgación histórica”.

23.-Aprobación de convenio co Concello de Ortigueira, correspondente á subvención nominativa destinada a financiar o XXVI Festival Internacional do Mundo Celta.

Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

24.-Aprobación provisional do Plan de travesías 2008 1ª fase quinta, relación integrada polo proxecto modificado nº 1 Mellora da seguridade viaria na DP 1502 Porto a Laraxe P.Q. 0,0 ao 1,1 Cabanas. (Código 0811300010.0)

Solicitar á Xunta de Galicia a declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos para a expropiación do citado proxecto.

25.-Conceder unha prórroga ao Concello de Cedeira para executar o proxecto Senda Peonil na DP 2203 de Cedeira a Punta Candeeira á Capela de Santo Antonio (Cedeira).

26.-Aprobación técnica do Programa de vías provinciais 2009-2011 integrado polo proxecto de ampliación e mellora da estrada DP 5201 de Muxía a Touriñán pola costa P.Q. 2+387 a 4+086 (Muxía).

Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos para a expropiación do citado proxecto.

27.- Aprobación do Plan de vías provinciais 2010 2ª fase integrado polo proxecto actualizado para o ensanche da ponte sobre o Río Allóns no PQ 1+150 da DP 2404 A Laracha á Silva por Golmar (A Laracha) (1011100002.0)

A aprobación definitiva da obra quedará condicionada á resolución do contrato da obra inicial proxecto actualizado para o ensanche da ponte sobre o Río Allóns no PQ 1+150 da DP 2404 A Laracha á Silva por Golmar (A Laracha) (1011100002.0)

28.- Aprobación técnica dos proxectos do Programa de vías provinciais 2009-2011 integrado polo proxecto de ampliación e mellora da estrada DP 1802 Veiga de Cabana ás Pontes de García Rodríguez P.Q. 11+753 ao PQ 17+800 (As Pontes de García Rodríguez)

Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos para a expropiación do citado proxecto.

29.-Aprobación do expediente de modificación do convenio nº 267/1998 de autorización da utilización da zona de servizos das parcelas 34 e 39 do Polígono Industrial de Sabón para o proxecto “Senda Peonil na Av. Arsenio Iglesias”. Concello de Arteixo

30.-Aprobación técnica dos proxectos do Programa vías provinciais 2009-2011 integrado pola ampliación e mellora do trazado da DP 8001 de Cruces a Penabranca do PQ 0+000 ao PQ 0+240 (Sobrado)

Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos para a expropiación do citado proxecto.

Comisión de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento

31.-Aprobación da cuarta fase da anualidade 2010 do proxecto Mandeo.

32.-Aprobación da cuarta e última fase do Plan especial de parques infantís 2009.

33.-Aprobación da quinta e última fase do “Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2).

34.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Bancadas no campo de fútbol de herba artificial en Chaián” do Concello de Trazo, incluída na 3ª fase do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008. Código 08.3250.0043.0

35.-Proposta de achega aos concellos para o sostemento dun grupo municipal de intervención rápida.

36.-Convenio coa Asociación Unión de Sociedades Galegas de Montevideo-Uruguai para o cofinanciamento do equipamento dunha aula de informática.

37.-Convenio coa Asociación Solidariedade Galega do Pobo Saharaí, para o cofinanciamento do proxecto Vacacións en Paz 2010.

38.-Convenio coa Asociación Unidos por Potosí, para o cofinanciamento do proxecto Hogar Santiago Apóstolo de Galicia.

39.-Convenio coa ONG Farmamundi, para o cofinanciamento dun proxecto de atención primaria á saúde e de acceso sostible a medicamentos naturais, en Guatemala.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

40.-Aceptación da prórroga da delegación de competencias tributarias polo Concello de Cambre.

41.-Dar conta da liquidación do orzamento de Consorcio provincial contra incendios e salvamento da Coruña do exercicio 2009.

42.-Dar conta do informe de estabilidade presupostaria da liquidación consolidada.

43.-Propostas de actuación provincial para asumir a xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa municipal por aproveitamento especial do dominio público local a favor das empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.

44.-Modificación da Base núm. 49ª das de execución do orzamento da Deputación provincial exercicio 2010.

45.- Convenio entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega para o desenvolvemento de programas educativos e de normalización lingüística durante o ano 2010

46.-Convenio para a execución das accións no proxecto Ecoinnovación e sustentabilidade na construción de vivendas (Ecoinnova construción) no marco do Programa Empleaverde 2007-2013, suscrito entre o Colexio oficial de arquitectos de Galicia e a Deputación da Coruña.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 30 DE ABRIL DE 2010

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 30 de abril de 2010, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTEs:

DON JOSÉ ANTONIO BAAMONDE LÓPEZ	PP
DON JUAN MANUEL BALEATO IGLESIAS	PP
DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DON IGNACIO CODESIDO BARREIRO	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DONA ESTHER GONZÁLEZ VÁZQUEZ	PP
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON BERNARDINO RAMA SEOANE	PSOE
DON JOSÉ MANUEL REY VARELA	PP
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIÁ	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE

DON JOSÉ MANUEL TRABA FERNÁNDEZ	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 3/10, DO 26 DE MARZO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 3/10, do 26 de marzo.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 3.401 Á Nº 6.900, DO 2010.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 3.401 á nº 6.900, do 2010.

3-MODIFICACIÓN DO CADRO DE ACTUACIÓN DA CUARTA ANUALIDADE E DISPOSICIÓNS PARA FACILITAR A FINALIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO PLAN PILOTO DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DE PORTODEMOUROS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a modificación dos cadros de actuacións da cuarta anualidade do Plan piloto de mellora da calidade turística de Portodemouros, e as disposicións relativas a posibles modificacións de contratos e axustes administrativos dirixidos a finalizar administrativamente o plan, segundo o acordado pola Comisión de Seguimento do convenio na sesión do 14-04-10:

Modificación da cuarta anualidade

	ACTUACIÓN/Proxecto	Orzamento Actualizado
1	Actuación na praia fluvial do Río Furelos 3ª fase	46.645,47
1.B	Xerencia do 1-1-10 a 31-03-10 (mediante baixa Furelos)	13.500,00
1.C.	Comunicación e promoción (mediante baixa Furelos)	6.999,53
2	Posta en valor e acondicionamento de espazos para a celebración da Festa Turística do Viño	72.420,00

3	Comunicación e promoción	26.000,00
4	Sinalización direccional e interpretativa	20.092,15
5	Acondicionamento de Puntos de Información Turística	10.000,00
6	Xerencia (1-12-09 a 31-12-09)	4.500,00
7	Xerencia (1-4-2010 a 30-6-2010)	13.500,00
8	Comunicación e promoción (Peche do Plan)	37.342,85
	Total	250.000,00

Os cambios consisten en utilizar o dispoñible nas actuacións da cuarta anualidade 2. Posta en valor e acondicionamento de espazos para a celebración da Festa Turística do Viño (19.740,00 €) e 4. Sinalización direccional e interpretativa (31.102,85 €), que suman 50.842,85 €, para financiar as seguintes novas actuacións:

7	Xerencia (1-4-2010 a 30-6-2010)	13.500,00
8	Comunicación e promoción (Peche do Plan)	37.342,85
TOTAL		50.842,85

2.- Á actuación de comunicación e promoción (Peche do Plan) imputaranse servizos como a presenza en feiras a través de TURGALICIA, a elaboración dun banco de imaxes de aloxamentos ou a promoción dos paquetes de turismo gastronómico.

Co obxecto de simplificar os esquemas e procedementos administrativos, as actuacións tituladas “comunicación e promoción” poderanse agrupar conservando este título e mantendo o importe global na forma que o Servizo Provincial de Intervención considere óptima.

3.- Posibles modificacións de contratos

Existe a posibilidade de que o contrato de fabricación e instalación de sinais adxudicado na segunda anualidade deba ser modificado pola imposibilidade de executar parte deste debido á denegación ou demora excesiva no outorgamento de permisos.

No caso de levar a cabo esta modificación, acórdase que o orzamento sobranse poderá destinarse a comunicación e promoción sen necesidade de celebración dunha Comisión de Seguimento para aprobar estes cambios, sen prexuízo da obriga de dar conta deles á Comisión.

4.- Resituación de céntimos

Acórdase que os céntimos pendentes de adxudicación na primeira (0,07 €) e segunda anualidade (0,03 €) sexan incorporados a calquera das actuacións con orzamento pendente de adxudicación da cuarta anualidade.

5.- Operacións a realizar polo Servizo de Contabilidade e o Servizo de Intervención

Unha vez que o Pleno aprrobe as modificacións, o Servizo de Contabilidade e o Servizo de Fiscalización deberán anular as actuacións que se minoran, os documentos contables

RC e A que se indican no seguinte cadro, e emitir das actuacións que se incrementan, novos documentos RC e A polos importes indicados.

	ACTUACIÓN/Proxecto	BAIXA	TIPO DOC.	Nº OPERAC.
2	Posta en valor e acondicionamento de espazos para a celebración da Festa Turística do Viño	19.740,00	A/	220090002896
			RC/	220079000056
4	Sinalización direccional e interpretativa	31.102,85	A/	220090002907
			RC/	220079000056
		50.842,85		
	ACTUACIÓN /Proxecto	ALTA	TIPO DOC.	
	ALTA 4ª ANUALIDADE (Pleno 30/04/10)	50.842,85	RC	
7	Xerencia (1-4-2010 a 30-6-2010)	13.500,00	A	
8	Comunicación e promoción (Peche do Plan)	37.342,85	A	

Todas as actuacións citadas son financiadas con cargo á partida 0305 751A 62802, proxecto 2007 3 80010 3 1.”

(Abandona o salón o Sr. García Gorostizu).

4.-APROBACIÓN DO NOVO PRAZO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS “REHABILITACIÓN DA ESCOLA DE GUITIRIZ” E “OBRAS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA CASA DOS LAOEIROS” 1ª FASE DO CONCELLO DA CAPELA CORRESPONDENTE AO PLAN DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DA ZONA DO EUME.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.-Conceder un novo prazo ao Concello da Capela para xustificar ante a Deputación a adxudicación das obras de “Rehabilitación da escola de Guitiriz” e “Obras de conservación e mantemento da casa dos Lagoeiros 1ª fase” incorporadas no Plan de mellora da calidade turística da zona do Eume.

2.-O Concello da Capela deberá xustificar as referidas adxudicacións ante a Deputación co límite do 30 de maio de 2010.”

5.-INTEGRACIÓN DA DEPUTACIÓN NO PADROADO DA FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar a integración da Deputación Provincial da Coruña, como patrón, na Fundación Rosalía de Castro, atendendo ao interese xeral que concorre nos seus obxectivos e finalidade.

2.- Aprobar os estatutos polos que se rexe a Fundación e que figuran incorporados ao expediente.

3.- Nomear representante da Corporación no dito Padroado ao deputado: Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña.”

6.-APROBACIÓN DO CONVENIO CO SEMINARIO DE ESTUDOS COMARCAIS PARA A PROMOCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DA COSTA DA MORTE, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR O PROXECTO “PERCORRENDO VIEIROS DA COSTA DA MORTE”.

Intervencións

Sr. Gacio Vázquez

Moitas grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, outra vez máis, e é a segunda, e sen que sirva de precedente, xa o dixen naquela ocasión, o Grupo Popular vai dar a súa aprobación aos puntos do número 6 ao número 23, ambos incluídos, xa que se trata de aprobación de convenios xa incluídos no Orzamento e, por suposto, cos que o Grupo Popular está totalmente de acordo.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio co Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000 €, concedida para o financiamento do proxecto “Percorrendo vieiros da Costa da Morte 2010”, cun orzamento subvencionado de 40.000 €, de acordo co seguinte texto:

“Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Seminario de Estudos Comarcais para a promoción do patrimonio cultural da Costa da Morte para o financiamento do proxecto “*Percorrendo vieiros da Costa da Morte 2010*”

A Coruña,

REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Xosé María Lema Suárez, presidente do Seminario de Estudos Comarcais para Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte.

Actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que deteñen, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigar nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995 do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia e os arts. 109 e 118 da Lei 5/97 de administración local, nos que se sinala que as deputacións provinciais teñen entre as súas competencias o fomento dos intereses peculiares da provincia, e máis concretamente en materia cultural, a Deputación Provincial da Coruña está especialmente comprometida coa conservación do seu patrimonio cultural.

2.- A asociación cultural Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte é unha entidade de carácter cultural, que ten por finalidade a promoción, difusión, dinamización da cultura galega con especial énfase no estudo da arte, a antropoloxía, a historia, a economía, a etnografía, a lingua, a literatura, a socioloxía e a xeografía das comarcas coruñesas da Costa da Morte.

3.- A Deputación Provincial da Coruña e o Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientadas ás fins arriba sinaladas e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é a realización do proxecto denominado "*Percorrendo vieiros da Costa da Morte 2010*", que se compón dunha serie de iniciativas a través das que se tenta conformar o relato histórico e patrimonial das distintas comarcas que integran a Costa da Morte, para a posta en valor do seu patrimonio cultural.

Ademais das actividades relacionadas co megalitismo, desenvolveranse outras relacionadas co estudo e divulgación de temas etnográficos, arquitectónicos, históricos e paisaxísticos.

O proxecto "*Percorrendo vieiros da Costa da Morte 2010*" terá as seguintes liñas de actuación e realizarase de acordo co orzamento que se sinala:

<i>* Os cruceiros máis sobranceiros da Costa da Morte</i>	
Elaboración e publicación de guía	4.500.-
Elaboración de DVD	15.000.-
Publicación de calendario	2.000.-
<i>* Guía de viaxe polas lendas da Costa da Morte</i>	
Elaboración e publicación de guía	4.500.-
<i>* Roteiros de escritores da Costa da Morte</i>	
Guía do escritor muxián Gonzalo López Abente	2.000.-
<i>* As paisaxes naturais da Costa da Morte</i>	
Elaboración e publicación de guía dos penedos de Pasarela e Traba	2.000.-
Sinalización dalgunha ruta polos penedos	2.500.-
<i>* As pedras míticas e singulares da Costa da Morte</i>	

Elaboración e publicación de guía	4.500.-
* <i>Excursións guiadas polos roteiros propostos</i>	3.000.-
Total	40.000 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará as actividades sinaladas na cláusula anterior cunha achega máxima de **30.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **75 %** do presuposto de gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o **75 %** da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ó 75% do presuposto previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Terceira.- Correspóndelle ao Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte a xestión dos medios materiais e persoais necesarios para o cumprimento das actividades obxecto do convenio, así como o pagamento de tódolos gastos xurdidos da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades que son o seu obxecto.

Se algunha das prestacións supera o importe de 12.000 €, con carácter previo á contratación, o Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía; no caso de que a elección non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberá xustificarse expresamente nunha memoria.

Cuarta.- O Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, os pagamentos deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios indicados

Quinta.- O Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa, como informática ou audiovisual), que xere as súas actividades e na súa páxina web, de conformidade coas normas de identidade corporativa que rexen para as dúas entidades.

Así mesmo, deberá incluírse o logotipo de Deputación en todos os exemplares das publicacións e DVD que se fagan en cumprimento deste convenio.

A Deputación estará presente como entidade patrocinadora nas presentacións aos medios de comunicación e poderá contar cun representante nos actos obxecto deste convenio.

Sexta.- Para a percepción da subvención, o Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, o Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte autoriza á Deputación da Coruña a obter as certificacións necesarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, o Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Sétima.- A Deputación da Coruña aboará a súa achega, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalado na cláusula segunda, nun máximo de dous prazos, despois da presentación da seguinte documentación:

* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do presuposto presentado na solicitude.

Con esta relación achegaranse as facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, antes de facer a fotocopia, e con carácter previo á súa compulsión, deberá estenderse unha dilixencia no orixinal na que se faga constar que o documento foi presentado como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña no ano 2010.

* Nos casos en que sexa de aplicación, a entidade deberá acreditar o cumprimento das obrigas sinaladas no art. 31.3 da Lei xeral de subvencións.

Para o cobro do último prazo presentarase, ademais, a seguinte documentación:

* Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos.

* Documentación que acredite o cumprimento da obrigaón de dar publicidade á achega da Deputación, establecida na cláusula quinta.

* Cinco exemplares de cada unha das publicacións e DVD feitos.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

Oitava.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

* Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.

* Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.

* Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Novena.- O Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte queda sometido ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Décima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte serán remitidos á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Seminario de Estudos Comarcais para a Promoción do Patrimonio Cultural da Costa da Morte será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Undécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non establecido neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do Presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.-APROBACIÓN DE CONVENIO CO CONCELLO DA CORUÑA, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR O PROGRAMA ACORUÑACULTURA 2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio co Concello da Coruña, correspondente á subvención nominativa, por importe de 300.000 €, destinada a financiar o Programa ACoruñaCultura, cun orzamento subvencionado de 375.000 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para o financiamento do Programa ACoruñaCultura 2010”

A Coruña,

REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña.

D. Javier Losada de Aspiazu, alcalde do Concello da Coruña.

MANIFESTAN

- 1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.
- 2.- Que a Concellería de Cultura do Concello da Coruña entende que a cultura é un ben colectivo, que cohesiona socialmente porque identifica e enriquece a unha colectividade que vive no contorno dunha cidade tan singular como A Coruña; ademais, a cultura ten acadado un extraordinario valor social, relacionado directamente coa calidade de vida das persoas, como motor do desenvolvemento económico e como factor decisivo de igualamento social.

3.- Consonte co anterior, a Concellería de Cultura organiza o Programa *ACoruñaCultura*, cos seguintes obxectivos:

* A posta en valor do rico patrimonio cultural da cidade, dando a coñecer a súa historia, a arquitectura, a Coruña literaria, a música...

* A promoción das producións culturais e do noso potencial creativo, en especial da xente máis nova.

* O incremento da oferta cultural con vocación maioritaria, atendendo ás derradeiras tendencias, nun diálogo permanente coa nosa tradición.

* A participación activa da cidadanía.

* Facilitar recursos e medios ao tecido asociativo da cidade.

* Esfuerzo na comunicación e medios para a difusión adecuada da actividade cultural.

* Achegar a cultura a escenarios diversos que faciliten o acceso de todos os públicos.

4.- Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias está o fomento da actividade cultural e a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do Programa *ACoruñaCultura* proposto polo Concello da Coruña e, por iso, no presuposto aprobado polo Pleno da Corporación, foi incluída unha subvención nominativa destinada ao seu financiamento.

5.- Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto o financiamento do Programa *ACoruñaCultura 2010* do Concello da Coruña, coas seguintes áreas e contidos:

ARTES PLÁSTICAS

* ***Programacións interdisciplinares***

Obradoiros con artistas

Mesas redondas

Conferencias

Visitas guiadas

* ***Outonoarte***

Proposta xa consolidada como mostra da arte contemporánea máis vangardista

* ***Baixo as estrelas***

Programa de actividades para celebrar o Día Internacional dos Museos no que participan os museos da cidade, galerías de arte, salas de exposicións, Asociación de Artistas e fundacións.

ACTIVIDADE MUSICAL

* *ACoruñaSon*

Trátase dun certame dirixido a animar e difundir a creación da canción popular en galego no que os autores presentan os seus traballos na páxina web e participan en obradoiros de formación, un concerto colectivo e a gravación dun disco coas cancións gañadoras.

* *Sala O Túnel*

Trátase dunha nova sala de concertos que permitirá a dinamización de propostas musicais novidosas.

ARTES ESCÉNICAS

* *Maxia de rúa*

Participación de magos de varios países con espectáculos nas rúas, prazas e xardíns da cidade durante o mes de setembro.

* *Festival galego de cabaré*

Durante o mes de outubro celebraranse espectáculos de rúa e sala, exposicións, obradoiros e cinema relacionado co xénero.

* *Danza*

Ademais das programacións habituais celebraranse espectáculos en espazos singulares, en diálogo con outras expresións artísticas.

ARREDOR DO LIBRO E A LECTURA

Campaña de fomento e difusión do libro e a lectura ao longo dos meses de abril e maio, cunha programación ampla de actividades realizadas coa colaboración da Federación de Librerías da cidade e das Bibliotecas Municipais.

A CORUÑA LITERARIA

* *III Encontro Cidade da Coruña. As viaxes na literatura*

Organizado coa Asociación de Escritores en Lingua Galega, este encontro celebrarase na sede da Real Academia Galega entre o 19 de abril e o 12 de maio e reunirá, nun ciclo de conferencias, a grandes escritores.

* *Ciclo de poesía "Poetas di(n)versos*

Cita coa poesía peninsular na que unha vez ao mes, ao longo de oito meses, dous poetas de recoñecido prestixio, un de Galicia e outro de fóra, ofrecen un recital.

* *Roteiros literarios pola cidade*

Pretende descubrir a relación de Rosalía de Castro coa cidade.

FEIRA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Espazo que reúne os distintos sectores da nosa cultura: creadores, produtores, distribuidores... O tecido cultural no seu conxunto para achegar a todos os públicos unha visión ampla e global da nosa riqueza creativa.

PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE CULTURAL

Ademais da publicidade correspondente a cada actividade concreta, publícase un boletín con toda a programación cultural, cada dous meses e na rede, a través de QUE +.

A programación ten o seguinte presuposto:

Planificación, organización e xestión	46.500.-
Elaboración de materiais divulgativos	45.000.-
Deseño gráfico, impresión e difusión	48.000.-
Conferenciantes, relatores e artistas plásticos	74.400.-
Deseño, realización, montaxe, comisariado exposicións	87.600.-
Actuacións poéticas, musicais e teatrais	56.000.-
Realización de materiais audiovisuais	12.000.-
Material funxible	4.500.-
Outros gastos	1.000.-
Total	375.000 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará as actividades sinaladas na cláusula anterior cunha achega máxima de **300.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **80 %** do presuposto de gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o **80 %** da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao **75%** do presuposto disposto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Terceira.- Correspóndelle ao Concello da Coruña a organización e o seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o aboamento de todos os gastos derivados da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto daquel.

Cuarta.- O Concello da Coruña entregará á Deputación da Coruña 50 exemplares dos catálogos das exposicións, dos discos e das publicacións que puideran realizarse con motivo das actividades obxecto deste convenio.

Quinta.- O Concello da Coruña comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades financiadas.

Sexta.- O Concello da Coruña comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) que xeren as súas actividades culturais.

Sétima.- Para a percepción da subvención, o Concello da Coruña deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, o Concello da Coruña autoriza á Deputación da Coruña a obter as certificacións necesarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, o Concello da Coruña deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

En todo caso, se o Concello tivera débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízase á Deputación a que o pagamento da súa achega se realice por compensación cos débitos municipais acreditados.

Oitava.- A Deputación da Coruña aboará a subvención despois da sinatura do convenio, do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe de 210.000 €, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Segundo prazo, por importe de 90.000 € ou, no seu caso, a cantidade pendente de pagamento, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada de pagamentos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión).

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** da entrega do material sinalado na cláusula cuarta e do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula sexta.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

No caso de incumprimento dos obxectivos, o concello queda obrigado ao reintegro do percibido máis os xuros de mora devengados. Para a materialización efectiva do devandito reintegro, a Deputación provincial queda facultada para utilizar a compensación cos ingresos da recadación dos impostos do municipio xestionados pola entidade provincial.

Así mesmo, o concello queda obrigado a realizar o reintegro mesmo por compensación, dos importes que corresponda, en caso de percibir outras axudas destinadas á cobertura dos mesmos custos do programa financiado por esta Deputación, na contía que exceda do importe total xustificado.

Novena.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Décima.- O Concello da Coruña queda sometido ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Undécima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello da Coruña será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Duodécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación Provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asínano no lugar e data indicados no encabezamento.“

8.-APROBACIÓN DE CONVENIO CO CONCELLO DE CULLEREDO, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES NOS MUSEOS MUNICIPAIS NO ANO 2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio co Concello de Culleredo, correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000 €, destinada a financiar o Programa de actividades nos Museos Municipais no ano 2010, cun orzamento subvencionado de 53.200 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo para o financiamento do Programa de actividades dos Museos Municipais no ano 2010.

A Coruña,

REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña.

D. Julio Sacristán de Diego, alcalde-presidente do Concello de Culleredo.

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias está o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do labor que os espazos museísticos e culturais de Culleredo desenvolven, non só no ámbito local senón con influencia en toda a comarca das Mariñas e na provincia coruñesa.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello de Culleredo acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto o financiamento do *Programa de actividades dos Museos Municipais no ano 2010*.

Esta programación desenvólvese nas instalacións seguintes:

- * Complexo dos Muíños de Acea de Ama:
 - Sala de exposicións “Xosé Rey Lago”
 - Museo dos Muíños “Andrés Pan Vieiro”
- * Aula de Natureza “Juan Lembeye Lartaud”, no Xardín Botánico Ría do Burgo
- * Museo Etnográfico “Torre de Celas”
- * Edificio de Servizos Múltiples do Burgo

Nestas instalacións realízanse exposicións de pintura, gravado, escultura, fotografía, bibliográficas, de ecoloxía, temas ambientais, artesanía, reciclaxe, etc.; concursos de artes plásticas; conferencias; ciclos de música; cursos; visitas guiadas; publicacións; premios literarios e o Seminario de Historia de Culleredo.

A programación ten o seguinte presuposto:

Docencia	3.399,39.-
Hospedaxe, manutención, viaxes	1.000,00.-
Material didáctico, de oficina e publicitario	1.200,00.-
Seguros e seguridade	1.000,00.-
Mantemento, limpeza e reparacións	5.000,00.-
Persoal	40.600,61.-
Publicacións	1.000,00.-
Total	53.200,00 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará as actividades sinaladas na cláusula anterior cunha achega máxima de **30.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **56,39** % do presuposto de gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o 56,39 % da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do presuposto previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/333A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Terceira.- Correspóndelle ao Concello de Culleredo a organización e o seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o aboamento de todos os gastos derivados da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto daquel.

Cuarta.- O Concello de Culleredo entregará á Deputación da Coruña 50 exemplares dos catálogos das exposicións, dos discos e das publicacións que puideran realizarse con motivo das actividades obxecto deste convenio.

Quinta.- O Concello de Culleredo comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades financiadas.

Sexta.- O Concello de Culleredo comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) que xeren as actividades desenvolvidas nos Museos Municipais.

Sétima.- Para a percepción da subvención, o Concello de Culleredo deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, o Concello de Culleredo autoriza á Deputación da Coruña a obter as certificacións necesarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, o Concello de Culleredo deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

En todo caso, se o Concello tivera débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízase á Deputación a que o pagamento da súa achega se realice por compensación cos débitos municipais acreditados.

Oitava.- A Deputación da Coruña aboará a subvención despois da sinatura do convenio, do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe de 21.000 €, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Segundo prazo, por importe de 9.000 € ou, en seu caso, a cantidade pendente de pagamento, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada de pagamentos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión).

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** da entrega do material sinalado na cláusula cuarta e do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula sexta.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

No caso de incumprimento dos obxectivos, o concello queda obrigado ao reintegro do percibido máis os xuros de mora devengados. Para a materialización efectiva do devandito reintegro, a Deputación provincial queda facultada para utilizar a compensación cos ingresos da recadación dos impostos do municipio xestionados pola entidade provincial.

Así mesmo, o concello queda obrigado a realizar o reintegro mesmo por compensación, dos importes que corresponda, no caso de percibir outras axudas destinadas á cobertura dos mesmos custos do programa financiado por esta Deputación, na contía que exceda do importe total xustificado.

Novena.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Décima.- O Concello de Culleredo queda sometido ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Undécima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Culleredo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Culleredo será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web dcoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Duodécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, do 30 de outubro.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asínano no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.-APROBACIÓN DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN CULTURAL MÚSICA SINFÓNICA NO CAMIÑO DE SANTIAGO, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR UN *CICLO DE CONCERTOS DA ORQUESTRA SINFÓNICA DE MELIDE, DENOMINADO "GALA LÍRICA"*.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio coa Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago, correspondente á subvención nominativa, por importe de 65.600 €, destinada a financiar un ciclo de concertos da Orquestra Sinfónica de Melide, denominado “Gala Lírca”, cun orzamento subvencionado de 87.950 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago para a realización dun ciclo de concertos denominado “Gala Lírca” da Orquestra Sinfónica de Melide en concellos da provincia.

A Coruña,

REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña, e

D. Fernando Vázquez Arias, presidente da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

EXPOÑEN

1.- Que o 26 de outubro de 2005 e, ao abeiro do disposto na Lei de asociacións 191/64, foron aprobados os Estatutos da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago, asociación de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é a contribución ao desenvolvemento global da comunidade, tanto no eido da cultura, como nos aspectos sociais, que axuden a conseguir a mellora na vida da comunidade, mediante a organización de todo tipo de actividades que abarquen os ámbitos culturais, entre outros.

Entre estas actividades está a Orquestra Sinfónica de Melide, da que é titular a Asociación.

2.- Que, de conformidade co artigo 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, da administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3.- Que, no exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio da realización dun ciclo de concertos da Orquestra Sinfónica de Melide, denominado “*Gala Lírca*” e, en tal sentido, nas Bases de Execución do Presuposto para 2010, está incluída unha subvención nominativa.

4.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto o financiamento dun ciclo de concertos da Orquestra Sinfónica de Melide denominado “*Gala Lírica*” en catro concellos da provincia.

O presuposto do ciclo de concertos “*Gala Lírica*” é o seguinte:

* Gastos de artistas	42.850.-
* Útiles do material de orquestra	1.800.-
* Aluguer de tarimas	5.400.-
* Aluguer de material de orquestra	4.700.-
* Desprazamentos	7.500.-
* Produción dos concertos	9.900.-
* Publicidade	6.000.-
* Cátering e hospedaxe	6.300.-
* Gravación DVD	3.500.-
<i>Total de gastos</i>	87.950 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará as actividades sinaladas cunha achega máxima de **65.600 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **74,588 %** do presuposto de gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustificara a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o 74,588 % da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do presuposto previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Terceira.- As obrigas da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago serán as seguintes:

* Aboar todos os gastos de produción.

* Aboar todos os gastos derivados do transporte, montaxe e seguros de materiais.

* Adoptar as medidas de seguridade que sexan necesarias para evitar que se produzan accidentes, dos que non se fará responsable a Deputación.

* Xestionar a cesión dos locais para a celebración de todas as actividades.

* Entregar á Deputación da Coruña 100 exemplares do DVD.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades que son o seu obxecto.

Se algunha das prestacións supera o importe de 12.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía; no caso de que a elección non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberá xustificarse expresamente nunha memoria.

Cuarta.- As datas e os concellos nos que terán lugar as actuacións fixaraos a Deputación, de mutuo acordo coa Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago.

Quinta.- A Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, os pagamentos deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderase realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios indicados.

Sexta.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades, polo que a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago comprométese a facer constar a colaboración da Deputación en toda a publicidade que se faga dos concertos (impresa, informática e audiovisual) e na súa páxina web.

Sétima.- Para o cobro da subvención, a Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, polo que autoriza á Deputación para que solicite directamente as certificacións acreditativas desta situación.

Así mesmo, deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Oitava.- A Deputación da Coruña aboará a súa achega, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalado na cláusula segunda, nun máximo de dous prazos, despois da presentación da seguinte documentación:

* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do presuposto presentado na solicitude.

Con esta relación achegaranse as facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, antes de facer a fotocopia, e con carácter previo á súa compulsión, deberá estenderse unha dilixencia no orixinal na que se faga constar que o documento foi presentado como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña no ano 2010.

Para o cobro do último prazo presentarase, ademais, a seguinte documentación:

* Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, certificacións acreditativas dos concertos, expedidas polos concellos nos que teñan lugar e xustificación da entrega á Deputación dos 100 DVD sinalados na cláusula terceira.

* Documentación que acredite o cumprimento da obriga de dar publicidade á achega da Deputación, establecida na cláusula sexta.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

Novena.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

* Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.

* Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.

* Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Décima.- A Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago queda sometida ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, ós procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Undécima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago serán remitidas á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade establecido no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural Música Sinfónica no Camiño de Santiago será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Duodécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia deste.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non disposto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

10.-APROBACIÓN DE CONVENIO CO CONCELLO DE BOIRO, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR O “PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO CENTRO ARQUEOLÓXICO DO BARBANZA NO ANO 2010”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio co Concello de Boiro, correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000 €, destinada a financiar o Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza no ano 2010, cun orzamento subvencionado de 41.500 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro para o financiamento do “Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza no ano 2010”

A Coruña, a

REUNIDOS

Don Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Don Xosé Deira Triñañes, alcalde-presidente do Concello de Boiro, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen, con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- A Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, establece a obriga dos concellos de protexer, defender, realzar e dar a coñecer o valor cultural dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que radiquen no seu termo municipal.

Así mesmo, a dita lei establece a cooperación das institucións públicas de Galicia para a consecución dos fins dispostos na citada lei.

2.- De conformidade co anterior, o Concello de Boiro ten previsto un programa de actividades no Centro Arqueolóxico do Barbanza, co obxectivo de dinamizar e dar a coñecer o centro e a súa contorna.

3.- De conformidade coa Lei 5/1997, de administración local de Galicia que establece no art. 109 como competencia propia das deputacións a asistencia aos concellos e o fomento dos intereses peculiares da provincia e, no art. 118.b), a conservación de monumentos históricos, e, co obxecto de establecer as condicións da súa colaboración, a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é o financiamento do *Programa de actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza no ano 2010*, de acordo co seguinte presuposto:

<i>Rutas, xeiras e obradoiros</i>	
Monitoraxe, transporte e material rutas	500.-
Desprazamentos xeiras	1.900.-
Entradas xeiras	350.-
Monitoraxe, material obradoiros	500.-
<i>Xornadas e cursos</i>	
Profesorado, difusión, traslados, materiais	1.000.-
<i>IV Encontros arqueolóxicos do Barbanza</i>	
Material didáctico e difusión	1.500.-
Conferenciantes	3.500.-
Manutención	2.500.-
Aluguer audiovisuais	4.200.-
Monitoraxe	500.-
Hospedaxe	500.-
Outros: desprazamentos, material funxible	1.000.-

<i>Programas de sensibilización</i>	
Deseño, montaxe e publicación de DVD	2.500.-
Deseño, montaxe e publicación de guías	600.-
<i>Campo de traballo Neixón 2010</i>	
Maquinaria	3.500.-
Formación	600.-
Manutención	4.000.-
Transporte	850.-
Persoal e informes técnicos	10.500.-
Material funxible e outros	1.000.-
Total	41.500 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará as actividades sinaladas na cláusula anterior cunha achega máxima de **30.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **72,29 %** do total dos gastos e será compatible con achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o **72,29 %** da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do presuposto disposto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/333A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Terceira.- Correspóndelle ao Concello de Boiro a selección do persoal, as adquisicións de material, a organización e seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o pagamento de tódolos gastos xurdidos da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto daquel.

Cuarta.- A Deputación da Coruña contará cun representante nos actos de apertura e clausura dos IV Encontros Arqueolóxicos do Barbanza e o Concello de Boiro entregará á Deputación 50 exemplares do DVD e as guías que se editen.

Quinta.- O Concello de Boiro comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades financiadas.

Sexta.- O Concello de Boiro comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) que xeren as actividades do Centro Arqueolóxico do Barbanza.

Sétima.- Para a percepción da subvención, o Concello de Boiro deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, o Concello de Boiro autoriza á Deputación da Coruña a obter as certificacións necesarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, o Concello de Boiro deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

En todo caso, se o Concello tivera débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízase á Deputación a que o pagamento da súa achega se realice por compensación cos débitos municipais acreditados.

Oitava.- A Deputación da Coruña aboará a subvención despois da sinatura do convenio, do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe de 21.000 €, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Segundo prazo, por importe de 9.000 € ou, en seu caso, a cantidade pendente de pagamento, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada de pagamentos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión).

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** da entrega do material sinalado na cláusula cuarta e do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula sexta.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

No caso de incumprimento dos obxectivos, o concello queda obrigado ao reintegro do percibido máis os xuros de mora devengados. Para a materialización efectiva do devandito reintegro, a Deputación provincial queda facultada para utilizar a compensación cos ingresos da recadación dos impostos do municipio xestionados pola entidade provincial.

Así mesmo, o concello queda obrigado a realizar o reintegro mesmo por compensación, dos importes que corresponda, en caso de percibir outras axudas destinadas á cobertura dos mesmos custos do programa financiado por esta Deputación, na contía que exceda do importe total xustificado.

Novena.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Décima.- O Concello de Boiro queda sometido ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Undécima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Boiro serán remitidos á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Boiro será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Duodécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, do 30 de outubro.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes o asinan no lugar e data indicados no encabezamento.“

11.-APROBACIÓN DE CONVENIO COA REAL ACADEMIA DE MEDICINA E CIRURXÍA DE GALICIA, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR O CICLO DE CONFERENCIAS: “UNHA MEDICINA AO SERVIZO DA SOCIEDADE” DURANTE O ANO 2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio coa Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, correspondente á subvención nominativa, por importe de 15.000 €, destinada a financiar o ciclo de conferencias: “Unha medicina ao servizo da sociedade” durante o ano 2010, cun orzamento subvencionado de 18.771 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia para o financiamento dun ciclo de conferencias titulado “Unha medicina ao servizo da sociedade” durante o ano 2010.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excm. Deputación da Coruña, asistido polo secretario xeral D. José Luis Almau Supervía.

D. José Carro Otero, presidente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

MANIFESTAN

1. Que ambas as partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.
- 2.- Que a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia ten prevista a organización dun ciclo de conferencias titulado “**Unha medicina ao servizo da sociedade.**”

O propósito deste ciclo é contribuír á mellor educación sanitaria da poboación xuvenil naqueles temas socio-sanitarios que, por abuso e mala práctica, xeran serios problemas de gran preocupación xeral; en concreto, os temas a tratar serán: sexualidade irresponsable, pautas alimenticias, agresividade escolar e social, alcoholismo-tabaquismo, drogadiccións, novas adicións, inactividade física, prácticas e usos que modifican o aspecto corporal e accidentes de tráfico.

O ciclo está integrado por 15 conferencias dirixidas a alumnos de bacharelato de I.E.S. de toda a provincia.

3.- Que a Deputación da Coruña, consciente da importancia que ten a difusión dos coñecementos médicos para mellorar o nivel sanitario da poboación da provincia e, coñecedora da necesidade social de fomentar a extensión deste tipo de actividades para incidir na mellora da saúde pública, ten a intención de impulsar o desenvolvemento daquelas prácticas que contribúan ao coñecemento dos temas relacionados coa saúde.

En función das consideracións anteriores, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia e a Deputación Provincial da Coruña acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é o financiamento dun ciclo de conferencias titulado “*Unha medicina ao servizo da sociedade*”, que se impartirá nos concellos de Arteixo, Boiro, Carnota, Ferrol, A Laracha, Melide, Muros, Narón, Oleiros, Ordes, Padrón, Pontedeume, As Pontes, Rianxo e Teo.

No caso de non poder realizar a conferencia nalgún dos municipios, poderán ser substituídos por outro, preferentemente: Betanzos, A Coruña, Negreira, Noia, Pobra do Caramiñal, Ribeira, Santa Comba, Vimianzo e Zas.

O ciclo de conferencias ten o seguinte orzamento de gastos:

Organización: desprazamentos e axudas de custo	1.300.-
Imprenta	2.400.-
Correo, mensaxería	300.-
Conferenciantes: honorarios, desprazamentos e axudas de custo	4.925.-
Presentadores: desprazamentos e axudas de custo	700.-
Moderadores: desprazamentos e axudas de custo	700.-
Medios audiovisuais: mantemento e repostos	300.-
Fotografía, gráficos, etc.	550.-
Secretaría	7.596.-
Total	18.771 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará as actividades sinaladas na cláusula anterior cunha achega máxima de 15.000 €.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **79,91 %** do total dos gastos que figuran no orzamento anterior e será compatible coa achega doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o 79,91 % da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito suficiente sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Terceira.- As conferencias serán impartidas por académicos numerarios e correspondentes da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, así como por outros profesionais das ciencias da saúde.

A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia ocuparase da organización do ciclo de conferencias en todos os seus aspectos, desde a contratación dos conferenciantes e o aboamento dos honorarios que proceda, ata as relacións cos concellos: localización de salas, reservas, etc.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades que constitúen o seu obxecto.

Se algunha das prestacións supera o importe de 12.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá solicitar polo menos tres presupostos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas en base a criterios de eficiencia e economía; no caso de que a elección non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberá xustificarse expresamente nunha memoria.

Cuarta.- A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia comprométese a asesorar á Deputación da Coruña en todas aquelas cuestións de carácter sanitario que esta considere conveniente.

A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia autorizará, con carácter gratuíto e previa solicitude da Deputación, o uso do seu salón de actos para a celebración de conferencias, ou de calquera outra actividade de carácter cultural que a Deputación realice.

Quinta.- A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades.

Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, os pagamentos deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderase realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios indicados

Sexta.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador do ciclo polo cal deberá facerse constar de forma expresa o devandito patrocinio en toda a publicidade que se realice.

Sétima.- Para o cobramento da subvención, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia autoriza á Deputación da Coruña a obter as certificacións necesarias da *Axencia Estatal da Administración Tributaria* e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Oitava.- A Deputación da Coruña aboará a súa achega, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalado na cláusula segunda, logo da presentación da seguinte documentación:

* Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos.

* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do orzamento presentado na solicitude.

Con esta relación achegaranse as facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias cotexadas, antes de facer a fotocopia, e con carácter previo á súa compulsa, deberá estenderse unha dilixencia no orixinal na que se faga constar que o documento foi presentado como xustificante de gasto para a cobranza dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña no ano 2010.

No caso de gastos de persoal, poderán achegarse como xustificante as nóminas acreditativas do pagamento e os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais.

* Documentación que acredite o cumprimento da obriga de dar publicidade á achega da Deputación, establecida na cláusula sexta.

O total do importe que se ten que aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

Novena.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizado desde o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Décima.- A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia queda sometida ao control financeiro da Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Undécima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Ao mesmo tempo, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Duodécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia deste.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do Orzamento xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

12.-APROBACIÓN DE CONVENIO CO ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR A IV FASE DO PROXECTO DE PUBLICACIÓN DO INVENTARIO DOS FONDOS PARROQUIAIS DA DIOCESE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NA PROVINCIA DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio co Arcebispado de Santiago de Compostela, correspondente á subvención nominativa, por importe de 84.000 €, destinada a financiar a *IV fase do proxecto de publicación do inventario dos fondos parroquiais da Diocese de Santiago de Compostela na provincia da Coruña*, cun orzamento subvencionado de **127.744,30 €**, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela para o financiamento da “IV Fase do proxecto de publicación do inventario dos fondos parroquiais da Diocese de Santiago de Compostela na provincia da Coruña”

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

O Excmo. e Rvdmo. Sr. D. Julián Barrio y Barrio, arcebispo de Santiago de Compostela.

Ámbalas dúas partes, no nome e a representación que teñen e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- Ámbalas dúas partes recoñecen o interese e valor histórico do conxunto formado polos fondos parroquiais depositados no Arquivo Histórico Diocesano: trátase dunha colección de documentos que abarcan dende o século XV ata a metade do século XX, recollidos e concentrados no Arquivo Histórico Diocesano dende a súa fundación no ano 1975 e, sobre

todo, nos últimos sete anos, mediante os diversos proxectos financiados pola Deputación da Coruña.

3.- A documentación está formada por libros manuscritos, legados e impresos, nun número aproximado de 18.250 legados e 37 pergamiños soltos, procedentes dos arquivos de 711 parroquias; as datas da documentación están entre 1443 e 2001, aínda que o comezo dos arquivos parroquias sitúase na segunda metade do século XVI.

4.- Os libros parroquiais teñen un especial interese, xa que os rexistros civís comezaron a súa andaina no ano 1870, polo que son practicamente a única documentación que pode aportar datos de tipo xenealóxico dende o século XVI ata o presente.

Tamén é documentación moi importante para o coñecemento da produción artística e cultural, da antropoloxía e socioloxía da nosa terra, da medicina, a xeografía...

5.- Neste contexto subscríbese o presente convenio de colaboración no que se fixan as actuacións que se levarán a cabo nos fondos parroquiais depositados no Arquivo Histórico Diocesano e, consonte co anterior, a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela, co obxecto de difundir este patrimonio documental, acordan subscribir o presente convenio de colaboración, segundo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é o financiamento da *“IV Fase do proxecto de publicación do inventario dos fondos parroquiais da Diocese de Santiago de Compostela na provincia da Coruña”*

Nesta cuarta fase do proxecto realizaranse os seguintes traballos:

- * Publicación, dos fondos correspondentes ás parroquias da provincia da Coruña comprendidas entre as letras A e C, completas.
- * Calendario, recollida, traslado e transferencia dos arquivos parroquiais xa programados.
- * Desinfección da documentación transferida.
- * Limpeza e catalogación.
- * Informatización dos fondos.
- * Restauración.
- * Uso e consulta.
- * Revisión e actualización dos arquivos parroquiais.

O *presuposto* dos traballos é o seguinte:

* Persoal (equipo de 5 persoas)	92.294,30.-
* Dirección do proxecto	16.550,00.-
* Limpeza	4.200,00.-
* Materiais consumibles	9.500,00.-
* Axudas de custo e quilometraxe	5.200,00.-

Total **127.744,30 €**

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará o presente convenio cunha achega máxima de **84.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **65,76 %** do presuposto de gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o **65,76 %** da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do presuposto previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Terceira.- Correspóndelle ao Arcebispado de Santiago de Compostela a xestión dos medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o aboamento de todos os gastos derivados da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto daquel.

Se algunha das prestacións supera o importe de 12.000 €, con carácter previo á contratación, o Arcebispado de Santiago de Compostela deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía; no caso de que a elección non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberá xustificarse expresamente nunha memoria.

Cuarta.- O Arcebispado de Santiago de Compostela comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o considere, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, os pagamentos deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderase realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios indicados.

Quinta.- O Arcebispado de Santiago de Compostela comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa, como informática ou audiovisual), que xeren as actividades do Arquivo Histórico Diocesano.

A Deputación da Coruña resérvase os dereitos de publicación da obra inventario dos fondos parroquiais da Diocese de Santiago de Compostela na provincia da Coruña por un período de dous anos.

Sexta.- Para a percepción da subvención, o Arcebispado de Santiago de Compostela deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, o Arcebispado de Santiago de Compostela autoriza á Deputación da Coruña a obter as certificacións necesarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, o Arcebispado de Santiago de Compostela deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Sétima.- A Deputación da Coruña aboará a súa achega, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalado na cláusula segunda, nun máximo de dous prazos, despois da presentación da seguinte documentación:

* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acreedor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do presuposto presentado na solicitude.

Con esta relación achegaranse as facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presentes copias compulsadas, antes de facer a fotocopia, e con carácter previo á súa compulsa, deberá estenderse unha dilixencia no orixinal na que se faga constar que o documento foi presentado como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña no ano 2010.

* Nos casos en que sexa de aplicación, a entidade deberá acreditar o cumprimento das obrigas sinaladas no art. 31.3 da Lei xeral de subvencións.

Para o cobro do último prazo presentarase, ademais, a seguinte documentación:

* Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos.

* Documentación que acredite o cumprimento da obriga de dar publicidade á achega da Deputación, establecida na cláusula quinta.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

Oitava.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Novena.- O Arcebispado de Santiago de Compostela queda sometido ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Décima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Arcebispado de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Arcebispado de Santiago de Compostela será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Undécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non disposto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. “

13.-APROBACIÓN DE CONVENIO CO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR O *SOSTEMENTO DO CENTRO SOCIOCULTURAL E XUVENIL DO ENSANCHE DURANTE O ANO 2010.*

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio co Concello de Santiago de Compostela, correspondente á subvención nominativa, por importe de 180.000 €, destinada a financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2010, cun orzamento subvencionado de 232.000 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o *sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2010.*

A Coruña,

REUNIDOS

O Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña, que actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O Sr. D. Xosé Sánchez Bugallo, alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela, que actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade que intervén con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- Mediante acordo adoptado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2002, aprobouse a subscripción dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e Caixa Galicia, polo que Caixa Galicia cedía á Deputación da Coruña o uso a título gratuito de 1.268,50 metros cadrados na planta baixa do local sito na Rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Xuvenil.

A devandita “obra benéfico-social en colaboración” foi aprobada por acordos da Asemblea Xeral da Caixa de Aforros de Galicia, o 16 de xuño de 2001 e 22 de xuño de 2002.

O acordo entre as dúas entidades foi subscrito o 30 de xullo de 2002 e formalizouse en documento administrativo nº 64/2002.

2.- O 19 de abril de 2005 o alcalde de Santiago de Compostela dirixíase a esta Deputación solicitando a integración do Centro Xuvenil na Rede Municipal de Centros Socioculturais para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños, á vez que facer posible unha mellor

coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2006, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso do local sito na rúa de Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Sociocultural e Xuvenil, para a súa xestión polo Concello de Santiago de Compostela.

4.- O convenio de cesión de uso formalizouse o día 31 de maio de 2006 en documento administrativo nº 37/2006 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento do centro durante catro anos.

5.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións desta colaboración, A Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLAÚSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o *sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2010*.

A achega da Deputación destinarase a financiar os seguintes gastos:

* Persoal	
3 uxieres	69.500.-
2 animadores socioculturais	79.500.-
1 auxiliar administrativo	31.000.-
* Limpeza	
2 operarios	52.000.-
* Mantemento	
* Subministracións	
Total	232.000 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financia os gastos sinalados cunha achega de **180.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **77,59 %** dos gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o **77,59 %** da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao **75%** do presuposto previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Terceira.- Correspóndelle ao Concello de Santiago de Compostela a organización e o seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o aboamento de todos os gastos derivados da súa realización.

De conformidade co artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, deberá solicitar, polo menos, tres ofertas de distintos provedores, nos casos de subministración de bens ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica por importe superior a 12.000 €.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto daquel.

Cuarta.- O Concello de Santiago de Compostela comprométese a facilitar, de balde, á Deputación Provincial da Coruña o uso das instalacións do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche para realizar actividades culturais, por un período máximo de quince días cada ano, despois da solicitude por parte da Deputación cunha antelación dun mes e durante un máximo de dez anos.

Quinta.- O Concello de Santiago de Compostela comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

Sexta.- O Concello de Santiago de Compostela comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) que xeren as actividades desenvolvidas no centro.

Sétima.- Para a percepción da subvención, o Concello de Santiago de Compostela deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, o Concello de Santiago de Compostela autoriza á Deputación da Coruña a obter as certificacións necesarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, o Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

En todo caso, se o Concello tivera débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízase á Deputación a que o pagamento da súa achega se realice por compensación cos débitos municipais acreditados.

Oitava.- A Deputación da Coruña aboará a subvención despois da sinatura do convenio, do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe de 126.000 €, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Segundo prazo, por importe de 54.000 € ou, no seu caso, a cantidade pendente de pagamento, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada de pagamentos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión).

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** da entrega do material sinalado na cláusula cuarta e do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula sexta.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

En caso de incumprimento dos obxectivos, o concello queda obrigado ao reintegro do percibido máis os xuros de mora devengados.

Así mesmo, o concello queda obrigado a realizar o reintegro mesmo por compensación, dos importes que corresponda, en caso de percibir outras axudas destinadas á cobertura dos mesmos custos do programa financiado por esta Deputación, na contía que exceda do importe total xustificado.

Novena.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Décima.- O Concello de Santiago de Compostela queda sometido ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Undécima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Duodécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia deste.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

14.-APROBACIÓN DE CONVENIO CO CONCELLO DE PORTO DO SON, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A

FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO CASTRO DE BAROÑA NO ANO 2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio co Concello de Porto do Son, correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000 €, destinada a financiar o Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2010, cun orzamento subvencionado de 37.500 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Porto do Son para o financiamento do Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2010.

A Coruña,

REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña

D. Manuel Tomé Piñeiro, alcalde-presidente do Concello de Porto do Son

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias están o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do labor que desenvolve o Centro de Interpretación do Castro de Baroña, non só no ámbito local senón con influencia en toda a bisbarra do Barbanza.

Que, de acordo coas consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello de Porto do Son acordan subscribir o presente convenio de colaboración segundo as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto a colaboración da Deputación Provincial da Coruña no financiamento do Programa de actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña no ano 2010, de acordo co seguinte presuposto:

Persoal	19.740,96.-
III Mostra Soncelta do Castro de Baroña	12.259,04.-
Sinalización de xacementos de interese cultural	2.000,00.-
Publicación do volume VI da colección Castro de Baroña	2.500,00.-
Material gráfico (trípticos, cadernos de campo, roteiros, xornal) e de oficina	1.000,00.-
Total	37.500,00 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará as actividades sinaladas na cláusula anterior cunha achega máxima de **30.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **80 %** do presuposto de gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o **80 %** da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do presuposto previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/333A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Terceira.- Correspóndelle ao Concello de Porto do Son a organización e o seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o aboamento de todos os gastos derivados da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá ningunha relación contractual entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto daquel.

Asemade, o Concello de Porto do Son comprométese á obtención das licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos de cumprimento da legalidade urbanística e o respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio natural.

Cuarta.- O Concello de Porto do Son comprométese coa Deputación da Coruña a facilitar os seguintes servizos:

* Entrega de 50 exemplares do IV volume da colección Castro de Baroña.

* Visitas guiadas para escolares e público en xeral aos petróglifos, ao Castro de Baroña e ao Centro de Interpretación.

* Cesión do uso das instalacións do Centro de Interpretación para a realización de actividades e exposicións organizadas pola Deputación.

Quinta.- O Concello de Porto do Son comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, os pagamentos deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderase realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios indicados.

Sexta.- O Concello de Porto do Son comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do Centro de Interpretación do Castro de Baroña e na súa páxina web.

Sétima.- Para a percepción da subvención, o Concello de Porto do Son deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, o Concello de Porto do Son autoriza á Deputación da Coruña a obter as certificacións necesarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, o Concello de Porto do Son deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Oitava.- A Deputación da Coruña aboará a subvención despois da sinatura do convenio, do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe de 21.000 €, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, logo da presentación da seguinte documentación:

***Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adjudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adjudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

***Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Segundo prazo, por importe de 9.000 € ou, no seu caso, a cantidade pendente de pagamento, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

***Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

***Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada de pagamentos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión).

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** da entrega do material sinalado na cláusula cuarta e do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula sexta.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

En caso de incumprimento dos obxectivos, o concello queda obrigado ao reintegro do percibido máis os xuros de mora devengados. Para a materialización efectiva do devandito reintegro, a Deputación provincial queda facultada para utilizar a compensación cos ingresos da recadación dos impostos do municipio xestionados pola entidade provincial.

Así mesmo, o concello queda obrigado a realizar o reintegro mesmo por compensación, dos importes que corresponda, en caso de percibir outras axudas destinadas á cobertura dos mesmos custos do programa financiado por esta Deputación, na contía que exceda do importe total xustificado.

Novena.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Undécima.- O Concello de Porto do Son queda sometido ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Duodécima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Porto do Son serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Porto do Son será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Décimo terceira.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do Orzamento xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

15.-APROBACIÓN DE CONVENIO COA FUNDACIÓN LUÍS TILVE, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR O PROXECTO DE INVESTIGACIÓN, RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DO ARQUIVO HISTÓRICO DA U.G.T E DOS MOVEMENTOS SOCIAIS DE GALICIA, VI FASE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio coa Fundación Luís Tilve, correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000 €, destinada a financiar o proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da U.G.T. e dos movementos sociais de Galicia, VI fase, cun orzamento subvencionado de 37.500 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Luís Tilve para o financiamento da continuación do “Proxecto de investigación, recuperación e conservación do arquivo histórico da U.G.T e dos movementos sociais de Galicia, VI fase”.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña, que actúa en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. Jesús Mosquera Sueiro, presidente da Fundación Luís Tilve.

Ámbalas dúas partes, no nome e na representación que teñen e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- Ámbalas dúas partes recoñecen o interese e valor histórico dos fondos documentais referentes aos movementos sociais en Galicia depositados nos arquivos de sindicatos e outros organismos públicos ou privados.

3.- A Fundación Luís Tilve é a depositaria do arquivo histórico e documental da U.G.T Galicia, que lle cedeu a xestión do arquivo, así como a custodia, ordenación e mantemento dos seus fondos.

4.- Con base nas razóns sinaladas, a Deputación da Coruña vén de financiar cinco fases do proxecto, mediante os correspondentes convenios de colaboración asinados nos anos 2004, 2006, 2007, 2008 e 2009.

Nestes anos, a Fundación organizou un arquivo que cumpre coas mellores condicións marcadas pola arquivística, organizou unha biblioteca especializada no mundo obreiro e laboral de gran calidade, compilou material documental en risco de desaparecer e unha gran cantidade de actividades de investigación que axudan a coñecer e comprender o noso pasado.

5.- Nesta sexta fase de estruturación do arquivo histórico levarase a cabo a continuación dos traballos iniciados e a súa adecuación aos novos tempos tecnolóxicos, de xeito que mellore, tamén, a súa difusión e servizo.

6.- En relación as bases indicadas subscríbese o presente convenio de colaboración, no que se determinan as actuacións que se levarán a cabo para recuperar e conservar o patrimonio documental referente aos movementos sociais en Galicia, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é o financiamento do *“Proxecto de investigación, estruturación e conservación do arquivo histórico da U.G.T e dos movementos sociais en Galicia, V fase”*, a través do que se pretenden conseguir os seguintes obxectivos:

* Continuar co proceso de recuperar, mediante ingresos ordinarios (transferencias) ou ingresos extraordinarios (doazóns, legados ou reintegración), toda a documentación, tanto endóxena como esóxena, referente aos movementos sociais en Galicia, e moi particularmente, aqueles xerados pola U.G.T. en Galicia, así como polas súas federacións e unións comarcais, centrándose nesta ocasión nas derradeiras transferencias feitas dende U.G.T, sen esquecer o tratamento da documentación recollida noutras institucións e o cada vez maior volume de documentación doada ou cedida por familiares e actores da vida social e sindical da etapa franquista, da transición e dos primeiros anos da democracia.

- * Identificar, clasificar, ordenar, describir e expurgar a nova documentación achegada ao arquivo da Fundación.
- * Continuar co proceso de busca e compilación de documentación relativa aos movementos sociais nos distintos arquivos galegos e españois, así como facer copia da documentación que poida resultar de interese, engadíndoa á documentación do arquivo.
- * Continuar co proceso de busca e compilación de prensa de carácter obreira e social en museos, bibliotecas e hemerotecas de toda España, coa intención de adquirir copias ou orixinais para a súa inclusión no arquivo e biblioteca da Fundación e, na medida do posible, dixitalizar o material.
- * Continuar co proceso de busca e compilación de cartelería de carácter obreiro para a súa clasificación, ordenación, descrición, difusión e conservación.
- * Continuar co proceso de dixitalización da documentación fotográfica, mellorar a súa difusión e adaptación aos novos medios informáticos, garantindo a súa conservación.
- * Conservar esta nova documentación custodiándoa nas mellores condicións, garantindo a súa seguridade e a orde máis axeitada, mediante as técnicas arquivísticas de clasificación, descrición e ordenación, procedendo logo á publicación do inventario co seu cadro de clasificación ou dunha guía do arquivo.
- * Catalogar as novas publicacións que vaian chegando, tanto monográficas, como seriadas, introducindo a información na base de datos en rede do *Proxecto Meiga*. Estas obras integraranse na Biblioteca Especializada no Mundo do Traballo da Fundación.
- * Servir á administración, á organización sindical e moi especialmente aos cidadáns, garantindo a consulta e favorecendo a investigación, a información e a xestión administrativa; así como facilitando sistemas de reprodución que aseguren tanto a conservación como o uso da documentación.
- * Engadir a nova información ou estudos adquiridos á páxina web, nun espazo sinalado como *Centro Documental* no que poida incluírse novo material para ser consultado a través da rede.
- * Elaborar publicacións froito dos traballos de investigación realizados e da información adquirida.
- * Transformar formatos documentais antigos (cintas de audio en casset, cintas de vídeo en VHS, Beta, etc.) en formatos actuais de fácil lectura e uso (CD, DVD, etc.).
- * Mellorar a base de datos biográfica do movemento obreiro coa fin de que sexa incluída na web a través do *Centro Documental*.
- * Difundir os estudos realizados, a documentación e o fondo bibliográfico a través de prensa, seminarios, xornadas, publicacións, exposicións, etc.
- * Continuar a clasificación do fondo de material informativo relacionado co movemento obreiro (dípticos, trípticos, folletos).

- * Continuar a catalogación do material audiovisual, conservándoo en caixas especiais.
- * Realizar conferencias e mesas redondas nas que se dea a coñecer os resultados das investigacións levadas a cabo.

Este proxecto realizarase de acordo co seguinte presuposto de gastos:

<i>* Gastos de persoal</i>	
Persoal técnico e administrativo	31.115.-
<i>* Subministracións exteriores</i>	
Comunicacións, material funxible	1.000.-
<i>* Outros gastos</i>	
Seminarios, reunións, desprazamentos	2.400.-
<i>* Gastos diversos</i>	2.985.-
Total	37.500 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará o presente convenio cunha achega máxima de **30.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **80 %** do total dos gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o **80 %** da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao **75%** do presuposto previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Terceira.- A coordinación do proxecto corresponde ao presidente e ao secretario da Fundación Luís Tilve, que terán as seguintes funcións:

- * Marcar as liñas de actuación de acordo co proxecto.
- * Facer un seguimento da marcha dos traballos e ordenar a súa temporalización.
- * Aprobar o traballo realizado así como os gastos.
- * Certificar os informes, pagamentos e traballos realizados, para o seu envío á Deputación.

A Fundación contará cun equipo técnico de persoal especializado en arquivística e catalogación, que será contratado para facer os traballos obxecto do presente convenio.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades que son o seu obxecto.

Se algunha das prestacións supera o importe de 12.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación Luís Tilve deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía; no caso de que a elección non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberá xustificarse expresamente nunha memoria.

Cuarta.- A Fundación Luís Tilve comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o considere, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, os pagamentos deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderase realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios indicados.

Quinta.- A Fundación Luís Tilve comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (impresa, informática e audiovisual) que xeren as súas actividades e na súa páxina web, de conformidade coas normas de identidade corporativa que rexen para as dúas entidades.

A Deputación estará presente como entidade patrocinadora nas presentacións aos medios de comunicación e poderá contar cun representante nos actos obxecto deste convenio.

Sexta.- Para a percepción da subvención, a Fundación Luís Tilve deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, a Fundación Luís Tilve autoriza á Deputación da Coruña a obter as certificacións necesarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, a Fundación Luís Tilve deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Sétima.- A Deputación da Coruña aboará a súa achega, nun máximo de dous prazos, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalada na cláusula segunda, previa presentación da seguinte documentación:

* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do presuposto presentado na solicitude.

Con esta relación achegaranse as facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, antes de facer a fotocopia, e con carácter previo á súa compulsión, deberá estenderse unha dilixencia no orixinal na que se faga constar que o documento foi presentado como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña no ano 2010.

* Nos casos en que sexa de aplicación, a entidade deberá acreditar o cumprimento das obrigas sinaladas no art. 31.3 da Lei xeral de subvencións.

Para o cobro do último prazo presentarase, ademais, a seguinte documentación:

* Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos.

* Documentación que acredite o cumprimento da obriga de dar publicidade á achega da Deputación, establecida na cláusula quinta.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

Oitava.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

* Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.

* Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.

* Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Novena.- A Fundación Luís Tilve queda sometida ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Décima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Luís Tilve serán remitidos á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Luís Tilve será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Undécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non disposto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

16.-APROBACIÓN DE CONVENIO CO CONSORCIO DAS MARIÑAS, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR A III MOSTRA DE JAZZ GALEGO "JAZZ MARIÑAS".

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio co Consorcio das Mariñas, correspondente á subvención nominativa, por importe de 60.000 €, destinada a financiar a III Mostra de jazz galego “Jazz Mariñas”, cun orzamento subvencionado de 75.000 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio das Mariñas para o financiamento da III Mostra de jazz galego “Jazz Mariñas”.

A Coruña,

REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

D. Julio Sacristán de Diego, presidente do Consorcio das Mariñas

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

EXPOÑEN

1.- O Consorcio das Mariñas é un organismo que está integrado polos concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, e constituíuse por acordo plenario de 4 de agosto de 2000 coa finalidade, entre outras, de realizar actividades de interese público e común.

2.- O Consorcio das Mariñas, no seu interese de incidir na promoción dos estilos musicais minoritarios ou que teñen menor acceso ás canles habituais de promoción de espectáculos, organiza unha Mostra de jazz galego, que xurde como froito da colaboración institucional das Concellerías de Cultura dos nove concellos que integran o Consorcio, coa intención de dar apoio ao jazz local e provincial.

3.- A Deputación da Coruña, como entidade de carácter provincial, que exerce competencias en materia de actividades culturais e de promoción da música, está interesada en participar na iniciativa formulada polo Consorcio das Mariñas.

Por todo o anterior, ambos os dous organismos acordan subscribir o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Consorcio das Mariñas para o financiamento da *III Mostra de jazz galego "Jazz Mariñas"*, que se celebrará ao longo dos meses de maio e xuño de 2010 nos nove concellos que integran o Consorcio, e no que se incluíron concertos de grupos galegos e obradoiros musicais, de acordo co seguinte presuposto:

Honorarios grupos	15.300,00.-
Concertos didácticos	12.220,00.-
Son	11.680,00.-
Backline	300,00.-
Piano	1.800,00.-
Web	200,00.-
Deseño	1.000,00.-
Pago SGAE	1.500,00.-
Produción	10.000,00.-
Comunicación	3.000,00.-
Publicidade	4.655,17.-
Extra produción	3.000,00.-
Subtotal	64.655,17.-
IVE (16%)	10.344,83.-
Total	75.000,00 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará os gastos sinalados na cláusula anterior cunha achega máxima de **60.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **80 %** do presuposto de gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o **80 %** da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ó 75% do presuposto previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Terceira.- Correspóndelle ao Consorcio das Mariñas o outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da *III Mostra de jazz galego "Jazz Mariñas"*, a organización e seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o pagamento de tódolos gastos xurdidos da súa realización.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas co Consorcio das Mariñas, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

Se algunha das prestacións supera o importe de 12.000 €, con carácter previo á contratación, o Consorcio das Mariñas deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía; no caso de que a elección non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberá xustificarse expresamente nunha memoria.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto daquel.

Cuarta.- O Consorcio das Mariñas comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades financiadas.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, os pagamentos deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios indicados.

Quinta.- O Consorcio das Mariñas fará constar, en toda a publicidade que realice con motivo da *III Mostra de jazz galego "Jazz Mariñas"* que a Deputación Provincial da Coruña subvenciona o evento.

Sexta.- O Consorcio das Mariñas deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, para a percepción da subvención, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, o Consorcio das Mariñas autoriza á Deputación da Coruña para obter as certificacións necesarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, o Consorcio das Mariñas deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

En todo caso, se o Consorcio tivera débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízase á Deputación a que o pagamento da súa achega se realice por compensación cos débitos acreditados.

Sétima- A Deputación da Coruña aboará a subvención despois da sinatura do convenio, do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe de 42.000 €, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Segundo prazo, por importe de 18.000 € ou, no seu caso, a cantidade pendente de pagamento, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Consorcio, da relación clasificada de pagamentos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión).

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixera das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

En caso de incumprimento dos obxectivos, o Consorcio queda obrigado ao reintegro do percibido máis os xuros de mora devengados. Para a materialización efectiva do devandito reintegro, a Deputación provincial queda facultada para utilizar a compensación cos ingresos da recadación dos impostos xestionados pola entidade provincial.

Así mesmo, o consorcio queda obrigado a realizar o reintegro mesmo por compensación, dos importes que corresponda, en caso de percibir outras axudas destinadas á cobertura dos mesmos custos do programa financiado por esta Deputación, na contía que exceda do importe total xustificado.

Oitava.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Novena.- O Consorcio das Mariñas queda sometido ao control financeiro da Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Décima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio das Mariñas serán remitidos á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio das Mariñas será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web www.dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Undécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, a modificación e a resolución do convenio.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asínano no lugar e data indicados no encabezamento.”

17.-APROBACIÓN DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DOS AMIGOS DA ÓPERA, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR O LVIII FESTIVAL DE ÓPERA DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio coa Asociación dos Amigos da Ópera, correspondente á subvención nominativa, por importe de 65.000 €, destinada a financiar o LVIII Festival de Ópera da Coruña, cun orzamento subvencionado de 700.000 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Asociación dos Amigos da Ópera para o financiamento do LVIII Festival de Ópera da Coruña.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación provincial da Coruña, e

Dna. Natalia Lamas Vázquez, presidenta da Asociación dos "Amigos da Ópera" da Coruña.

EXPOÑEN

1.- Que o 1 de febreiro de 1989 e, ao abeiro do disposto na Lei de asociacións 191/64, aprobáronse os estatutos vixentes da Asociación dos "Amigos da Ópera" da Coruña, asociación

de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é o de cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades que poidan conducir á súa expansión e coñecemento.

2.- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

3.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio do LVIII Festival de Ópera que se celebrará na cidade da Coruña, neste ano e, en tal sentido, no orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa, por importe de 65.000 €.

4.- Que co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto colaborar no financiamento do *LVIII Festival de Ópera da Coruña* que terá lugar nos meses de setembro e outubro do presente ano, de acordo co seguinte programa:

Óperas.-

- * “*Otello*”, de Verdi: 2 e 5 de setembro
- * “*La fille du régiment*”, de Donizetti: 24 de setembro
- * “*Guillaume Tell*”, de Rossini: 2 de outubro

Concertos.-

- * *Concerto lírico*: Bárbara Frittoli: 18 de setembro
- * *Concerto lírico*: Lise Lindstrom e Simon O'Neill: 1 de outubro
- * “*As novas voces galegas*”: Paloma Silva: 10 de setembro

O orzamento das actividades sinaladas, que financiará a Deputación é o seguinte:

Producións, aluguer de producións, escenografía, decorados, vestuario	300.000.-
Contratación de artistas	250.000.-
Aloxamentos, viaxes e publicidade	100.000.-
Contratación da Gala Lírica	50.000.-
Total	700.000 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará o presente convenio cunha achega máxima de 65.000 €.

Esta achega supón unha porcentaxe do financiamento do **9,29 %** do orzamento de gastos sinalado e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o 9,29 % da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601335A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Terceira.- Corresponde á Asociación dos "Amigos da Ópera":

A.- Aboar todos os gastos de produción.

B.- Aboar todos os gastos derivados do transporte, montaxe e seguros de materiais.

C.- Adoptar as medidas de seguridade que sexan necesarias para evitar que se produzan accidentes, dos que non se fará responsable a Deputación.

D.- Xestionar a cesión dos locais para a celebración de todas as actividades.

E.- Aboar e xestionar todos os gastos de publicidade e difusión en prensa.

F.- Proporcionar os contidos do material gráfico a realizar na Imprenta provincial; este material entregárase á Imprenta provincial maquetado e con probas, en PDF de alta resolución.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual algunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto deste.

Se algunha das prestacións supera o importe de 12.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación dos "Amigos da Ópera" deberá solicitar, polo menos, tres presupostos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas con base a criterios de eficiencia e economía; no caso de que a elección non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberá xustificarse expresamente nunha memoria

Cuarta.- Correspóndelle á Deputación da Coruña:

A.- Achegar a cantidade de 65.000 €.

B.- Realizar os seguintes traballos de imprenta:

* Programas de man: imprimirase un modelo para cada un dos seis espectáculos, cunha tiraxe máxima de 2.000 exemplares para cada día de representación.

* Carteis: imprimirase un único modelo, cunha tiraxe máxima de 15.000 exemplares.

* Libro-catálogo do Festival: imprimirase un único modelo, cunha tiraxe de 2.000 exemplares, de acordo coas seguintes características: Páxinas: 208 máximo

Tamaño: 17 x 24

Encadernación: rústica

Ningún material realizado na Imprenta provincial poderá conter publicidade comercial.

Quinta.- A Asociación dos "Amigos da Ópera" comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, os pagamentos deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios indicados.

Sexta.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador das actividades, polo cal deberá facerse constar de forma expresa o devandito patrocinio en toda a publicidade que se realice e na páxina web da Asociación.

Sétima.- Para o cobro da subvención, a Asociación dos "Amigos da Ópera" deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, a Asociación dos "Amigos da Ópera" autoriza á Deputación da Coruña a obter as certificacións necesarias da *Axencia Estatal da Administración Tributaria* e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, a Asociación dos "Amigos da Ópera" deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Oitava.- A Deputación da Coruña aboará á Asociación dos "Amigos da Ópera" o importe da subvención da forma seguinte:

Primeiro prazo, por importe de 26.000 €, despois de asinar o convenio e logo da presentación de copias de contratos por un importe de 100.000 €, como mínimo.

Segundo prazo, por importe de 39.000 € ou, no seu caso a cantidade pendente de pagamento en función do importe dos gastos xustificadas, unha vez finalizado o Festival e despois da presentación da seguinte documentación:

* Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos.

* Documentación que acredite o cumprimento da obriga de dar publicidade á achega da Deputación, establecida na cláusula sexta.

* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do orzamento presentado na solicitude.

Con esta relación achegaranse as facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias cotexadas, antes de facer a fotocopia, e con carácter previo á súa compulsa, deberá estenderse unha dilixencia no orixinal na que se faga constar que o documento foi presentado como xustificante de gasto para a cobranza dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña no ano 2010.

Se se xustifican gastos de persoal, deberán achegarse como xustificante as nóminas acreditativas do pagamento e os documentos xustificativos de ingreso dos seguros sociais.

O total do importe que se ten que aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

Novena.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizarse desde o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Décima.- A Asociación dos "Amigos da Ópera" queda sometida ao control financeiro da Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Undécima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación dos "Amigos da Ópera" serán remitidos á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Ao mesmo tempo, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitirá a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co

fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación dos "Amigos da Ópera" será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Duodécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non disposto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do Orzamento xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento, e na Lei 30/2007, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

18.-APROBACIÓN DE CONVENIO CO CONCELLO DE FERROL, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR O CICLO DE JAZZ 2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio co Concello de Ferrol, correspondente á subvención nominativa, por importe de 28.000 €, destinada a financiar o Ciclo de Jazz 2010, cun orzamento subvencionado de 35.543 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para o financiamento do *Ciclo de Jazz 2010*

A Coruña,

REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

D. Vicente Irisarri Castro, alcalde-presidente do Concello de Ferrol, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen, coa capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- A Deputación Provincial e o Concello de Ferrol exercen competencias en materia de promoción de actividades culturais e teñen a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento das fins dispostas na normativa vixente.

2.- O Concello de Ferrol está a organizar unha serie de actividades co obxectivo de actualizar o pulo que o jazz tivo na cidade, mediante máster class no Conservatorio, concertos no Teatro Jofre e jam sessions no Centro Torrente Ballester, dirixidas á recuperación do jazz na bisbarra.

3.- En virtude do disposto no art. 118. d) da Lei 5/97 que lle outorga competencias para a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento da cultura na provincia, e como complemento á programación de actuacións musicais que desenvolve con carácter anual, a Deputación provincial está interesada en colaborar coas actividades sinaladas.

4.- En función das consideracións anteriores, o Concello de Ferrol e a Deputación da Coruña acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é o financiamento do *Ciclo de Jazz 2010*, que terá lugar ao longo de todo o outono, entre os meses de setembro e decembro, coas actuacións dos grupos: Víctor Aneiros, Roberto Somoza, Guilia Valle e Mercedes Peón.

Como complemento ás actuacións realizarase unha *máster class* no Conservatorio e unha *jam session* no Conservatorio Centro Torrente Ballester.

As actividades realizaranse de acordo co seguinte presuposto:

Honorarios Víctor Aneiros	5.000.-
Honorarios Roberto Somoza	5.000.-
Honorarios Guilia Valle	7.000.-
Honorarios Mercedes Peón	4.020.-
Produción	5.000.-
Publicidade e comunicación	7.000.-
Equipos luz e son	2.523.-
Total (IVE incluído)	35.543 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará o citado ciclo cunha subvención nominativa por importe máximo de **28.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **78,78 %** do total dos gastos e será compatible con achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o **78,78 %** da cantidade realmente xustificada.

Se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do presuposto previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Terceira.- Correspóndelle ao Concello de Ferrol a contratación dos grupos incluídos no Ciclo, a selección do persoal, as adquisicións de material, a organización e seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o pagamento de tódolos gastos xurdidos da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades que son o seu obxecto.

Cuarta.- O Concello de Ferrol comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a realización das actividades obxecto do presente convenio.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, os pagamentos deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios indicados.

Quinta.- O Concello de Ferrol comprométese a facer constar a colaboración da Deputación en toda a publicidade (impresa, informática e audiovisual) do Ciclo, e na súa páxina web, de conformidade coas normas de identidade corporativa que rexen para as dúas entidades.

Sexta.- Para a percepción da subvención, o Concello de Ferrol deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, o Concello de Ferrol autoriza á Deputación da Coruña a obter as certificacións necesarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, o Concello de Ferrol deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

En todo caso, se o Concello tivera débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízase á Deputación a que o pagamento da súa achega se realice por compensación cos débitos municipais acreditados.

Sétima.- A Deputación da Coruña aboará a subvención despois da sinatura do convenio, do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe de 19.600 €, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Segundo prazo, por importe de 8.400 € ou, en seu caso, a cantidade pendente de pagamento, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada de pagamentos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión).

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

No caso de incumprimento dos obxectivos, o concello queda obrigado ao reintegro do percibido máis os xuros de mora devengados. Para a materialización efectiva do devandito reintegro, a Deputación provincial queda facultada para utilizar a compensación cos ingresos da recadación dos impostos do municipio xestionados pola entidade provincial.

Así mesmo, o concello queda obrigado a realizar o reintegro mesmo por compensación, dos importes que corresponda, en caso de percibir outras axudas destinadas á cobertura dos mesmos custos do programa financiado por esta Deputación, na contía que exceda do importe total xustificado.

Oitava.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Novena.- O Concello de Ferrol queda sometido ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Décima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidos á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención ó Concello de Ferrol será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Undécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei

38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

19.-APROBACIÓN DE CONVENIO CO CONCELLO DE MUROS, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DO MUSEO DO POZO DO CACHÓN NO ANO 2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio co Concello de Muros, correspondente á subvención nominativa, por importe de 60.000 €, destinada a financiar o Programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2010, cun orzamento subvencionado de 77.746,74 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Muros para o financiamento do Programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2010.

A Coruña,

REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña.

D. Domingos Dosil Cubelo, alcalde-presidente do Concello de Muros.

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que o Concello de Muros é titular do muíño de marea do Pozo do Cachón que é unha magnífica obra de enxeñería da segunda metade do século XIX.

Este edificio emprazado na ría de Muros foi rehabilitado a partir do ano 1990, rematando as obras no ano 1999.

No ano 2004, coa colaboración desta Deputación, foi realizado un proxecto de musealización destinado a integrar o muíño de marea nun circuito de actividades vinculadas ao turismo cultural que levou á conversión do edificio no Centro de Interpretación de Muíños da Costa da Morte, que empezou a funcionar no mes de abril de 2005.

Que a Deputación da Coruña, entre cuxas competencias está o fomento da actividade cultural, a posta en valor dos espazos naturais, a difusión do patrimonio histórico e monumental, é consciente da importancia do labor que este espazo museístico de Muros desenvolve, non só no

ámbito local senón con influencia en toda a comarca da Costa da Morte e Barbanza e na provincia coruñesa.

Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello de Muros acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto o financiamento do *Programa de actividades do Museo do Pozo do Cachón no ano 2010*, no que se inclúen as seguintes:

- ❖ Visitas guiadas no Museo do Pozo do Cachón.
- ❖ Saídas guiadas dende o Museo do Pozo do Cachón aos muíños de Longarela, muíño de Pontella, muíño de Riomaior, muíños de vento na illa de Santa Catalina, estacións de arte rupestre e outros lugares de interese.
- ❖ Exposicións temporais.
- ❖ Mostra de artesanía.
- ❖ Xornadas de xogos tradicionais.
- ❖ Obradoiro “O mundo do pan”.
- ❖ Obradoiros culturais.
- ❖ Edición de materiais gráficos e audiovisuais sobre os muíños e as actividades a desenvolver.

A programación ten o seguinte presuposto:

Salario animador turístico-cultural	14.337,00
Salario monitor obradoiros	5.803,20
Saídas e visitas guiadas (guías, desprazamentos)	19.921,28
Obradoiro do pan	2.000,00
Xogos tradicionais	2.500,00
Mostra de artesanía e exposicións temporais	5.000,00
Publicidade do Museo e actividades	1.740,00
Edicións de material	2.400,00
Salario limpadora	6.207,84
Gastos mantemento edificio	10.224,92
Subministracións, material funxible e outros	7.612,50
Total	77.746,74 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará as actividades sinaladas na cláusula anterior cunha achega máxima de **60.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **77,17 %** do presuposto de gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o **77,17 %** da cantidade realmente xustificada.

Se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do presuposto previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/333A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Terceira.- Corresponde ao Concello de Muros a organización e o seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o aboamento de todos os gastos derivados da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto del.

Asemade, o Concello de Muros comprométese á obtención das licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos de cumprimento da legalidade urbanística e o respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio natural.

Cuarta.- O Concello de Muros comprométese coa Deputación da Coruña a facilitar os seguintes servizos:

* Visitas guiadas para escolares e público en xeral ao Museo do Pozo do Cachón.

* Cesión do uso das instalacións do Centro de Interpretación de Muñíos da Costa da Morte para a realización de actividades e exposicións organizadas pola Deputación.

Quinta.- O Concello de Muros comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden, e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, os pagamentos deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios indicados.

Sexta.- O Concello de Muros comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do Museo do Pozo do Cachón.

Sétima.- Para a percepción da subvención, o Concello de Muros deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, o Concello de Muros autoriza á Deputación da Coruña a obter as certificacións necesarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, o Concello de Muros deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

En todo caso, se o Concello tivera débedas vencidas, líquidas e esixibles por ingresos de dereito público provincial, autorízase á Deputación a que o pagamento da súa achega se realice por compensación cos débitos municipais acreditados.

Oitava.- A Deputación da Coruña aboará a subvención despois da sinatura do convenio, do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe de 42.000 €, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Segundo prazo, por importe de 18.000 € ou, en seu caso, a cantidade pendente de pagamento, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada de pagamentos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e CIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión).

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** da entrega do material sinalado na cláusula cuarta e do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula sexta.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

No caso de incumprimento dos obxectivos, o concello queda obrigado ao reintegro do percibido máis os xuros de mora devengados. Para a materialización efectiva do devandito reintegro, a Deputación provincial queda facultada para utilizar a compensación cos ingresos da recadación dos impostos do municipio xestionados pola entidade provincial.

Así mesmo, o concello queda obrigado a realizar o reintegro mesmo por compensación, dos importes que corresponda, en caso de percibir outras axudas destinadas á cobertura dos mesmos custos do programa financiado por esta Deputación, na contía que exceda do importe total xustificado.

Novena.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Décima.- O Concello de Muros queda sometido ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Undécima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Muros serán remitidos á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Muros será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Duodécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia deste.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non disposto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

20- APROBACIÓN DE CONVENIO COA FUNDACIÓN 10 DE MARZO, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR A V FASE DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN, RECUPERACIÓN, CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO ARQUIVO HISTÓRICO DA FUNDACIÓN E DOS MOVEMENTOS SOCIAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio coa Fundación 10 de Marzo, correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000 €, destinada a financiar a V fase do proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico da Fundación e dos movementos sociais, cun orzamento subvencionado de 37.977,28 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación 10 de Marzo para o financiamento da V fase do proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico da Fundación e dos movementos sociais.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. Manuel Villares Creo, presidente da Fundación 10 de Marzo, en nome e representación desta e no uso das facultades que lle outorga o art. 12 dos seus Estatutos.

Actuando ambos no exercicio dos seus respectivos cargos, recoñecéndose mutuamente competencia para actuar na representación que teñen,

EXPOÑEN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en

materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- Ámbalas dúas partes recoñecen o interese e valor histórico dos fondos documentais referentes aos movementos sociais en Galicia depositados nos arquivos de sindicatos e outros organismos públicos ou privados.

3.- A Fundación 10 de Marzo considera necesario facer da cultura e a investigación un instrumento ao servizo da clase traballadora e do conxunto da sociedade, para lograr unha sociedade máis xusta e equitativa.

4.- A Fundación 10 de Marzo é a depositaria do arquivo histórico e documental do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, que lle cedeu a xestión do arquivo, así como a custodia, ordenación e mantemento dos seus fondos.

5.- A Fundación 10 de Marzo está a desenvolver un proxecto con obxectivos como o de recuperación da documentación sobre os movementos sociais da Coruña que existe en mans particulares ou de institucións; a recuperación e catalogación das publicacións sobre o mesmo tema; a difusión pública dos seus fondos, a través tanto da investigación, como da publicación de estudos, conferencias, cursos de formación, produción de exposicións, etc.

6.- Neste contexto, subscribíse o presente convenio de colaboración, no que se determinan as actuacións que se levarán a cabo para recuperar e conservar o patrimonio documental referente aos movementos sociais en Galicia, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é o financiamento da *V fase do proxecto de investigación, recuperación, conservación e difusión do arquivo histórico da Fundación 10 de Marzo e dos movementos sociais na Coruña*, que se concreta nas accións que se sinalan deseguido, co presuposto que se indica:

* Persoal do arquivo	30.577,28.-
* Exposición <i>A Transición</i> maquetación, textos, enmarcación, embalaxes	5.100,00.-
* Maquetación do libro <i>Republicanas de corazón</i>	2.300,00.-
Total	37.977,28 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará o presente convenio cunha achega máxima de **30.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **78,99 %** do total dos gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o **78,99 %** da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do presuposto previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Terceira.- Correspóndelle á Fundación 10 de Marzo a selección do persoal, as adquisicións de material, a organización e seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o pagamento de tódolos gastos xurdidos da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades.

Se algunha das prestacións supera o importe de 12.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación 10 de Marzo deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía; no caso de que a elección non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberá xustificarse expresamente nunha memoria.

Cuarta.- A Fundación 10 de Marzo entregará á Deputación de Coruña 50 exemplares do libro *Republicanas de corazón*.

Quinta.- A Fundación 10 de Marzo comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o considere, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, os pagamentos deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios indicados.

Sexta.- A Fundación 10 de Marzo comprométese a facer constar a colaboración da Deputación en toda a publicidade (impresa, informática e audiovisual) dos programas que se desenvolvan en cumprimento do presente convenio, e na súa páxina web, de conformidade coas normas de identidade corporativa que rexen para as dúas entidades.

Sétima.- Para a percepción da subvención, a Fundación 10 de Marzo deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, a Fundación 10 de Marzo autoriza á Deputación da Coruña a obter as certificacións necesarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, a Fundación 10 de Marzo deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Oitava.- A Deputación da Coruña aboará a súa achega, nun máximo de dous prazos, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalada na cláusula segunda, previa presentación da seguinte documentación:

* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do presuposto presentado na solicitude.

Con esta relación achegaranse as facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, antes de facer a fotocopia, e con carácter previo á súa compulsada, deberá estenderse unha dilixencia no orixinal na que se faga constar que o documento foi presentado como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña no ano 2010.

Para o cobro do último prazo presentarase, ademais, a seguinte documentación:

* Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos e xustificación da entrega do material establecida na cláusula cuarta.

* Documentación que acredite o cumprimento da obriga de dar publicidade á achega da Deputación, establecida na cláusula sexta.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

Novena.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Décima.- A Fundación 10 de Marzo queda sometida ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Undécima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación 10 de Marzo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación 10 de Marzo será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Duodécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non disposto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

21.-APROBACIÓN DE CONVENIO COA REAL ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR UN CICLO DE CONFERENCIAS DENOMINADO "XIII AVANCES DA CIENCIA E DA TECNOLOXÍA".

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio coa Real Academia Galega de Ciencias, correspondente á subvención nominativa, por importe de 12.960 €, destinada a financiar un ciclo de

conferencias denominado "XIII Avances da ciencia e da tecnoloxía", cun orzamento subvencionado de 16.200 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Ciencias para a organización do ciclo de conferencias denominado "XIII Avances da ciencia e da tecnoloxía"

A Coruña,

REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación da Coruña.

D. Ernesto Viéitez Cortizo, presidente da Real Academia Galega de Ciencias.

MANIFESTAN

Que ambas as partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Real Academia Galega de Ciencias ten prevista a organización dun *ciclo de conferencias en Santiago de Compostela denominado "XIII Avances da ciencia e da tecnoloxía"*, que se desenvolverá ao longo do presente ano.

Que a Deputación da Coruña, consciente da importancia que ten a divulgación das ciencias e máis concretamente das novas tecnoloxías, coñecedora da necesidade social de fomentar a extensión deste tipo de actividades, e considerando a complementariedade desta actividade coa política de concesión de bolsas á investigación que vén desenvolvendo desde hai anos neste organismo, está interesada en colaborar na organización das citadas conferencias.

En función das consideracións anteriores, a Real Academia Galega de Ciencias e a Deputación Provincial da Coruña acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- A Deputación da Coruña colaborará na programación, organización, difusión e promoción dun ciclo de conferencias que terá lugar en Santiago de Compostela, durante o mes de novembro do presente ano, de acordo co seguinte orzamento de gastos:

Honorarios conferenciantes	5.250.-
Viaxes conferenciantes	1.500.-
Organización	1.800.-
Hoteis	1.000.-
Restaurantes	1.500.-
Coordinación	750.-
Secretaría	700.-
Imprenta	800.-
Publicidade e varios	1.000.-
Asistencia son	1.800.-

Gastos menores	100.-
Total	16.200 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará os gastos sinalados na cláusula anterior cunha achega máxima de 12.960 €.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **80 %** do total dos gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o 80 % da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Terceira.- A planificación e organización do ciclo correrá a cargo da Real Academia Galega de Ciencias, realizándose a dita planificación en base, fundamentalmente, a criterios orientados á consecución da maior calidade e prestixio do curso.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña, e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto deste.

Se algunha das prestacións supera o importe de 12.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega de Ciencias deberá solicitar, polo menos, tres presupostos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas con base a criterios de eficiencia e economía; no caso de que a elección non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberá xustificarse expresamente nunha memoria.

Cuarta.- A Real Academia Galega de Ciencias elaborará unha memoria do ciclo de conferencias que poderá ser editada por calquera dos dous organismos.

A Real Academia Galega de Ciencias ofrecerá asesoramento á Deputación en cuestións relativas a aqueles premios que a Deputación convoque e que, pola súa natureza, así o requiran; igualmente intercambiará datos coa Biblioteca da Deputación cando así se solicite e enviaralle dous exemplares das súas publicacións.

Quinta.- A Real Academia Galega de Ciencias comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto do presente convenio.

Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, os pagamentos deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o

pagamento en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios indicados.

Sexta.- A Deputación da Coruña constitúese en organismo patrocinador do ciclo, polo cal deberá facerse constar de forma expresa o devandito patrocinio en toda a publicidade que se realice.

Sétima.- Para a cobranza da subvención, a Real Academia Galega de Ciencias deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, a Real Academia Galega de Ciencias autoriza á Deputación da Coruña a obter as certificacións necesarias da *Axencia Estatal da Administración Tributaria* e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, a Real Academia Galega de Ciencias deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Oitava.- A Deputación Provincial da Coruña aboará á Real Academia Galega de Ciencias o importe da súa achega, de acordo coa porcentaxe de financiamento establecido na cláusula segunda, nun máximo de dous prazos, logo da presentación da seguinte documentación:

- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou declaración de non telas.
- Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto ao orzamento que figura na cláusula primeira.

Con esta relación chegaranse as facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias cotexadas, antes de facer a fotocopia, e con carácter previo á súa compulsión, deberá estenderse unha dilixencia no orixinal na que se faga constar que o documento foi presentado como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña no ano 2010.

Estes gastos referiranse ás actividades desenvolvidas no ano 2010, aínda que fosen anteriores á sinatura deste convenio.

Para o cobro do último prazo presentarase, ademais a seguinte documentación:

* Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas para a concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e dos resultados obtidos, asinada polo responsable do proxecto.

* Documentación que acredite o cumprimento da obriga de dar publicidade á achega da Deputación, establecida na cláusula sexta.

O total do importe que se ten que aboar non excederá da cantidade sinalada na cláusula segunda, aínda no caso de que os gastos fosen superiores aos orzados.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

Novena.- O prazo de vixencia do presente convenio será dun ano a partir da data de sinatura debendo presentarse a documentación xustificativa neste prazo.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Décima.- A Real Academia Galega de Ciencias queda sometida ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Undécima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega de Ciencias serán remitidos á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Ao mesmo tempo, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega de Ciencias será publicada no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Duodécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puidesen xurdir como consecuencia deste.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do Orzamento xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

22.-APROBACIÓN DE CONVENIO COA FUNDACIÓN GALIZA SEMPRE, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAI 2010: “ARQUIVO E DIVULGACIÓN HISTÓRICA”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio coa Fundación Galiza Sempre, correspondente á subvención nominativa, por importe de 60.000 €, destinada a financiar o programa de actividades culturais 2010: “Arquivo e divulgación histórica”, cun orzamento subvencionado de 75.000 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galiza Sempre para o desenvolvemento do programa de actividades culturais 2010: *Arquivo e divulgación histórica*.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

D. Xosé Manuel Beiras Torrado, presidente da Fundación Galiza Sempre, en nome e representación desta e no uso das facultades que lle outorga o art. 13 dos seus Estatutos.

Actuando ambos no exercicio dos seus respectivos cargos, recoñecéndose mutuamente competencia para actuar na representación que teñen,

EXPOÑEN

1.- Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúelles ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

2.- Ámbalas dúas partes recoñecen o interese do coñecemento e divulgación da recente historia sociopolítica galega, así como do estudo da traxectoria e achegas do nacionalismo galego ao avance da democracia e as liberdades en Galicia.

3.- A Fundación Galiza Sempre ten entre os seus obxectivos fundacionais o fomento e realización de actividades culturais que teñan por fin o estudo e desenvolvemento do

pensamento político, social, económico e cultural de Galicia, difundir o pensamento político daquelas persoas e entidades que traballan pola consecución da soberanía da nación galega, o progreso social e o afondamento da democracia, así como profundar no coñecemento da realidade galega na súa dimensión política, social, cultural e económica.

4.- Para o cumprimento dos seus obxectivos, a Fundación Galiza Sempre pode realizar, segundo o art. 6 dos estatutos, as seguintes actividades:

* Edición, redacción e subvención de publicacións e outros materiais.

* Organización dun arquivo do nacionalismo galego e do pensamento político e social de Galicia.

* Promoción, organización e realización de exposicións, actividades públicas e campañas de prensa, radio e televisión, coa intención de difundir os obxectivos fundacionais.

5.- Neste marco, a Fundación Galiza Sempre desenvolve dúas liñas de actuación prioritarias:

* A promoción do pensamento socioeconómico, político e cultural, con tres eixes temáticos: o mundo das nacións sen estado; o neoliberalismo, a exclusión e a desigualdade social, a crise e as súas alternativas; e a realidade e as políticas públicas alternativas.

* A preservación e difusión da memoria histórica do nacionalismo galego, coas seguintes iniciativas: exposicións; web sobre a historia do nacionalismo galego; programas radiofónicos; publicacións; documentais; mesas redondas; homenaxes a persoeiros do nacionalismo; e o proxecto 90 anos de ideas nacionalistas.

6.- Neste contexto, subscribíese o presente convenio de colaboración, no que se determinan as actuacións que se levarán a cabo, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O obxecto do presente convenio é o financiamento do proxecto *Arquivo e divulgación histórica* que ten como obxectivos fundamentais: preservar e divulgar o pensamento de figuras relevantes do nacionalismo galego e promover intercambios no ámbito europeo en materia de investigación e divulgación sobre os dereitos dos pobos.

O presuposto de gastos do proxecto é o seguinte:

Persoal de dirección, coordinación, organización e seguimento	32.000.-
Colaboracións, equipamento e servizos técnicos	20.000.-
Deseño, produción, edición e distribución (publicacións e web)	9.000.-
Produción e organización: actos aloxamentos, desprazamentos	11.000.-

Administración e xestión	3.000.-
Total	75.000 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará o presente convenio cunha achega máxima de **60.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **80 %** do total dos gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o **80 %** da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao **75%** do presuposto previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Terceira.- O equipo do proxecto de investigación estará formado polas seguintes persoas:

- * Responsable do proxecto é Xabier Macías Virgós, director-xerente da Fundación.
- * Persoal técnico de xestión: Alberte Souto, Ldo. en Dereito e Tania Ameneiro, Lda. en Ciencias Políticas.
- * Asesoramento histórico: Xusto Beramendi, catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela.
- * Colaboracións: bolseiros e colaboradores eventuais e o Centro Maurits Coppieters, fundación política recoñecida polo Parlamento Europeo.

Correspóndelle á Fundación Galiza Sempre a selección do persoal, as adquisicións de material, a organización e seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o pagamento de tódolos gastos xurdidos da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto daquel.

Se algunha das prestacións supera o importe de 12.000 €, con carácter previo á contratación, a Fundación Galiza Sempre deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía; no caso de que a elección non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberá xustificarse expresamente nunha memoria.

Cuarta.- A Fundación Galiza Sempre comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime, a execución das actividades.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, os pagamentos deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios indicados.

Quinta.- A Fundación Galiza Sempre comprométese a facer constar a colaboración da Deputación en toda a publicidade (impresa, informática e audiovisual) dos programas que se desenvolvan en cumprimento do presente convenio, e na súa páxina web, de conformidade coas normas de identidade corporativa que rexen para as dúas entidades.

Así mesmo, a Fundación Galiza Sempre comprométese a entregarlle á Deputación da Coruña un 20% dos exemplares editados.

Sexta.- Para a percepción da subvención, a Fundación Galiza Sempre deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, a Fundación Galiza Sempre autoriza á Deputación da Coruña a obter as certificacións necesarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, a Fundación Galiza Sempre deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Sétima.- A Deputación da Coruña aborará a súa achega, nun máximo de dous prazos, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalada na cláusula segunda, previa presentación da seguinte documentación:

* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acreedor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do presuposto presentado na solicitude.

Con esta relación achegaranse as facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, antes de facer a fotocopia, e con carácter previo á súa compulsas, deberá estenderse unha dilixencia no orixinal na que se faga constar que o documento foi presentado como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña no ano 2010.

Estes gastos referiranse exclusivamente ás actividades desenvolvidas no ano 2010, aínda que foran anteriores á sinatura deste convenio.

Para o cobro do último prazo presentarase, ademais, a seguinte documentación:

* Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos, asinada polo responsable do proxecto.

* Documentación que acredite o cumprimento da obriga de dar publicidade á achega da Deputación e xustificación da entrega das publicacións establecida na cláusula quinta.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

Oitava.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

* Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.

* Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.

* Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Novena.- A Fundación Galiza Sempre queda sometida ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Décima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Galiza Sempre serán remitidos á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Galiza Sempre será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web dicatoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Undécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

23.-APROBACIÓN DE CONVENIO CO CONCELLO DE ORTIGUEIRA, CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR O XXVI FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio co Concello de Ortigueira, correspondente á subvención nominativa, por importe de 100.000 €, destinada a financiar o XXVI Festival Internacional do Mundo Celta, cun orzamento subvencionado de 500.000 €, de acordo co seguinte texto:

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ortigueira para a celebración do XXVI Festival Internacional do Mundo Celta

A Coruña,

REÚNENSE

D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude da facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. Rafael Girón Martínez, alcalde-presidente do Concello de Ortigueira, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

EXPOÑEN

1.- A Deputación provincial, ao igual que o Concello de Ortigueira, exerce competencias en materia de actividades culturais e de promoción, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

2.- No Concello de Ortigueira vense celebrando dende hai 32 anos o *Festival Internacional do Mundo Celta*, o cal acadou renome tanto a nivel nacional, como internacional, promocionando o Concello de Ortigueira e, dunha forma indirecta no ámbito cultural, turístico e social á provincia e á comunidade autónoma que o declarou de interese turístico para Galicia.

3.- Actualmente o *Festival Internacional do Mundo Celta*, foi declarado de interese turístico de Galicia e nacional e no ano 2005 foi declarado de interese turístico internacional polo goberno de España. Por todo iso debe coidarse moito a calidade da programación artística, infraestruturas e servizos, de xeito que acade en cada edición, un nivel máis alto; isto supón uns gastos que non poden financiarse exclusivamente a través dos presupostos xerais do concello.

4.- Atendendo á finalidade da actuación que pretende o Concello de Ortigueira e tratándose dun evento cultural e turístico que, ademais, promociona en diversos ámbitos o municipio e, polo tanto, susceptible de recibir axudas da Deputación, a través do seu presuposto de gastos, é polo que ambas administracións acordan formalizar o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ortigueira que permita a celebración do *XXVI Festival Internacional do Mundo Celta* os días 8, 9, 10 e 11 de xullo de 2010.

Os gastos que se financiarán coa subvención da Deputación son os seguintes:

1.- Aluguer de infraestruturas

Escenarios, iluminación, son, electricidade, xeradores, produción,
persoal de produción, backline, tarimas, sanitarios, autobuses,
Medios de transporte 189.500.-

2.- Contratacións artísticas

Cachés de grupos, bandas de música, desprazamentos, hoteis,
alimentación, cátering, gastos diversos 130.000.-

3- Organización e coordinación

Seguros, persoal contratado, protección civil, seguridade,
protocolo, promoción e publicidade, prensa, cartelería, imprenta,
Merchandising, imprevistos 180.500.-

Total gastos 500.000 €

Segunda.- A Deputación da Coruña financiará os gastos sinalados na cláusula anterior cunha achega máxima de **100.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **20 %** do total dos gastos e será compatible con achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o **20 %** da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do presuposto previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/46201, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Terceira.- Correspóndelle ao Concello de Ortigueira realizar pola súa conta todos os documentos que sexan precisos para a completa organización, programación e celebración do *Festival Internacional do Mundo Celta* e levar a cabo as actuacións consistentes na execución e contratación, dirección facultativa, técnica e cultural, xestión, programación, infraestruturas e instalacións necesarias para o seu desenvolvemento e celebración.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación Provincial da Coruña e as persoas físicas ou xurídicas que realicen as actividades obxecto do convenio.

Cuarta.- O Concello de Ortigueira comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime pertinente, a realización das actividades obxecto do presente convenio.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, os pagamentos deberán quedar acreditados documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios indicados.

Quinta.- O Concello de Ortigueira incluírá en toda a publicidade que realice con motivo do *Festival Internacional do Mundo Celta* e na súa páxina web á Deputación Provincial da Coruña como institución que subvenciona o evento. Ademais reservarase un espazo no recinto do Festival para que esta poida instalar un posto e así mesmo un tempo destinado á emisión de vídeos publicitarios da Deputación entre as actuacións artísticas do escenario principal.

Sexta.- Para o cobramento da subvención, o Concello de Ortigueira deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, o Concello de Ortigueira autoriza á Deputación da Coruña para que obteña as certificacións necesarias da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social.

Así mesmo, o Concello de Ortigueira deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa

Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Sétima.- A Deputación aboará a súa achega en dous prazos, da seguinte forma:

Primeiro prazo, por importe de 70.000 €, logo da sinatura deste convenio, co carácter de anticipo prepagable a xustificar.

Segundo prazo, por importe de 30.000 € ou, no seu caso a cantidade pendente de pagamento en función do importe dos gastos xustificadas, despois da presentación da seguinte documentación:

* Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos.

* Documentación que acredite o cumprimento da obriga de dar publicidade á achega da Deputación, establecida na cláusula quinta.

* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* Certificación dos ingresos derivados das actividades organizadas con motivo do Festival.

* Certificación clasificada dos gastos da actividade, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, as datas de pagamento; tamén se indicarán as desviacións respecto do presuposto detallado na cláusula primeira.

* Nos casos en que sexa de aplicación, o concello deberá acreditar o cumprimento das obrigas sinaladas no art. 31.3 da Lei xeral de subvencións.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

En caso de incumprimento dos obxectivos, o concello queda obrigado ao reintegro do percibido máis os xuros de mora devengados. Para a materialización efectiva do devandito reintegro, a Deputación provincial queda facultada para utilizar a compensación cos ingresos da recadación dos impostos do municipio xestionados pola entidade provincial.

Oitava.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Novena.- O Concello de Ortigueira queda sometido ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Décima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ortigueira serán remitidos á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o disposto no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ortigueira será publicada no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta Deputación.

Undécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

24.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2008 1ª FASE QUINTA, RELACIÓN INTEGRADA POLO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 1502 PORTO A LARAXE P.Q. 0,0 AO 1,1 CABANAS. (CÓDIGO 0811300010.0)

SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS PARA A EXPROPIACIÓN DO CITADO PROXECTO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“

1. Aprobar provisionalmente o Plan de travesías 2008 1ª fase, quinta relación, integrado polo proxecto que a continuación se relaciona cun presuposto total de 787.146,35€ e que a continuación se detalla:

DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
Modificado nº 1 Mellora da seguridade viaria na D.P. 1502 Porto a Laraxe P.Q. 0,0 ao P.Q. 1,1 (Cabanas) (Código 0811300010.0).	787.146,35€
TOTAL	787.146,35€

2. Expor ao público unha vez aprobados provisionalmente por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

2. Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana, tal como:

Proxéctase unha ampliación da sección da calzada mediante carrís de 3,25m. fronte aos 2,7m. actuais. Igualmente proxéctanse beiravías de 0,5m.

Mellóranse as condicións de accesibilidade peonil mediante a construción de beirarrúas de 1,50 m. de ancho en ambos lados da calzada.

Proxéctase a construción de aparcadoiros de 2,00 metros de ancho en determinadas zonas que poden consultarse no proxecto (en zonas sen construcións).

Proxéctase unha urbanización xeral:

- alumeadado
- proxéctase unha rede de saneamento e outra de recollida de pluviais
- proxéctase a rede de abastecemento ao longo de toda a actuación

Como consecuencia dos requisitos funcionais que se acaban de describir faise necesaria a execución dunha serie de actuacións entre as que se destacan:

1. Construción de varios muros de contención.
2. Execución de terrapléns e desmontes.

Co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade para os peóns á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial dos vehículos, todo isto, tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas bandas a outras estradas e pistas de parcelaria.

A RELACIÓN DE PROXECTOS PARA A SOLICITUDE A XUNTA DE GALICIA É:

DENOMINACIÓN	VALORACIÓN DE EXPROPIACIÓNS
Modificado nº 1 Mellora da seguridade viaria na D.P. 1502 Porto a Laraxe P.Q. 0,0 ao P.Q. 1,1 (Cabanas) (Código 0811300010.0).	47545,22€

4. Polo que se refire á contratación das obras estas serán obxecto do expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o plan e consten as correspondentes autorizacións e permisos, así como a dispoñibilidade dos terreos.”

25.-CONCEDER UNHA PRÓRROGA AO CONCELLO DE CEDEIRA PARA EXECUTAR O PROXECTO SENDA PEONIL NA DP 2203 DE CEDEIRA A PUNTA CANDEIRA Á CAPELA DE SANTO ANTONIO (CEDEIRA).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Conceder unha prórroga ata o 30-7-2010 para que o Concello de CEDEIRA remita a documentación da base 3.2. DO TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAR OS PROXECTOS QUE SE HAN DE INCLUÍR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007 e que literalmente di:

A.1) Certificación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto de travesías.

A.2) No suposto de que non dispoñan dos terreos necesarios para executar as obras, o concello deberá adoptar o correspondente acordo plenario onde conste expresamente o compromiso de aboarlle á Deputación, dentro do prazo máximo de 3 meses contados dende o requirimento da Deputación, de todas as cantidades que por calquera caso teña que aboar a Deputación como consecuencia dos trámites necesarios para adquirir os terreos, incluídos os correspondentes expedientes expropiatorios, tanto en fase de prezo xusto determinada pola Deputación, como polo Xurado de Expropiación ou por xuíces e tribunais da Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa, facultando á Deputación a que perciba os importes correspondentes mediante compensación ou con cargo ás entregas a conta e liquidacións derivadas da xestión recadatoria exercida pola Deputación por delegación do Concello.

Para estes efectos o proxecto técnico aprobado na programación inicial conterá unha valoración estimada do custo das adquisicións ou expropiacións necesarias. A dita valoración terá carácter medianamente orientativo por canto o compromiso municipal deberá alcanzar o importe efectivo e real que finalmente deba aboarse pola adquisición dos terreos necesarios para executar as obras incluídas no proxecto.

B) Certificación do Pleno da Corporación municipal na que consten os seguintes acordos:

- a) Aprobación do proxecto e autorización á Deputación para executar as obras facendo constar que constan con todas as autorizacións e permisos necesarios para a súa execución.*
- b) Conformidade coas presentes bases.*

c) *Compromiso de aceptación da entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se asumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.*

d) *Delegación no alcalde-presidente para formalizar o correspondente convenio.*

Todo iso a efectos de sometelo, unha vez cuberto o trámite da remisión da documentación, novamente ao Pleno da Corporación para a súa aprobación provisional.

No caso de que non se remita a documentación requirida no prazo fixado arquivarase o expediente.”

26.-APROBACIÓN TÉCNICA DO PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 INTEGRADO POLO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA ESTRADA DP 5201 DE MUXÍA A TOURIÑÁN POLA COSTA P.Q. 2+387 A 4+086 (MUXÍA).

SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS PARA A EXPROPIACIÓN DO CITADO PROXECTO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán o PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011. A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA
AMPLIACION E MELLORA DA ESTRADA DP 5201 DE MUXIA A TOURIÑÁN POLA COSTA PK 2+387 A 4+086 (MUXIA)	1.031.972,24
Totais	1.031.972,24

2.Expor ao público o citado proxecto mediante anuncio que se vai publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

3.Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das obras AMPLIACION E MELLORA DA ESTRADA DP 5201 DE MUXIA A TOURIÑÁN POLA COSTA PK 2+387 A 4+086 (MUXIA), tales como que:

O presente proxecto de "Ampliación e mellora do trazado na estrada DP 5201 de Muxía a Touriñán pola costa. PK 2+387 ao PK 4+086", ten por obxecto a definición, cálculo e valoración das obras necesarias para a mellora do trazado da estrada DP 5201 ao seu paso por Lourido. Recóllense, neste sentido, as seguintes accións a considerar na redacción do proxecto:

Calzada en DP 5201 de Muxía a Touriñán pola costa:

Ampliación da calzada ata obter 7 m de calzada e 0,5 m de beiravía

Revestimento en formigón de cunetas en zonas de erosión/pouca pendente.

Tubaxes de pluviais: deberán garantir a estanquidade e o diámetro mínimo será de 30 cm.

Prolongación ou nova construción da drenaxe transversal

Reposición de servizos afectados.

Construción dunha senda peonil pola marxe dereita da calzada

Creación dun miradoiro en torno ao PK 3+263

XUSTIFICACIÓN DA SOLUCIÓN ADOPTADA

O obxecto do proxecto é ampliar e mellorar o trazado en planta e alzado da estrada DP 5201 entre a zona xa ensanchada e o lugar de Lourido, onde está prevista a construción dun Parador Nacional.

Este proxecto inclúe un tramo de variante en Lourido, xa que as condicións que presenta a travesía do núcleo urbano non son as necesarias para o tráfico peonil e rodado.

Levarase a cabo a ampliación da plataforma ata obter 7 m de calzada e 0,5 m de beiravías.

Proxéctase unha senda de 2,00 m de anchura pola marxe dereita e a construción dun miradoiro

CLIMATOLOXÍA, HIDROLOXÍA E DRENAXE

Defínense e xustifícanse as obras de drenaxe necesarias para a execución da modificación do trazado da DP 5201 de Muxía a Touriñán pola costa.

No tramo que nos ocupa a traza intercepta un total de 6 concas hidrográficas, discorrendo a maior parte do trazado a media ladeira. Cabe distinguir entre dúas clases de obras, drenaxe transversal: aquelas que se sitúan en terraplén na súa totalidade, resoltas mediante tubaxes de formigón con sendas embocaduras con aletas nos seus extremos, e aquelas que se atopan nunha zona de media ladeira, executándose así mediante tubaxes de formigón cun pozo nun dos seus extremos, e embocadura con aletas na oposta.

As novas ODT proxectadas están situadas nas inmediacións de obras de drenaxe transversal existentes na actualidade e resoltas mediante marcos e bueiros. O novo trazado favorece a confluencia das augas para ser interceptadas nun único punto, neste caso, mediante un cano de formigón armado.

En materia de drenaxe lonxitudinal, isto é, evacuación das augas superficiais e tamén as procedentes das marxes da plataforma, proxéctanse cunetas superficiais revestidas de formigón, evitando a erosión en pendentes fortes e facilitando a evacuación nas débiles; desaugando directamente ao terreo ou ás obras de drenaxe transversal.

Naqueles tramos en que a altura de terraplén sexa elevada (≥ 2 m.) e exista risco de erosión sobre o noiro, das augas superficiais, instalarase un bordo no borde da beiravía, que en combinación cun pequeno caz construído coa propia rodaxe, permitirá conducir as augas ata puntos onde, por medio de baixantes prefabricadas de formigón, sácanse ao terreo natural.

A drenaxe superficial dimensionouse para un período de retorno de 10 anos, período recomendado pola norma. Na drenaxe transversal consideráronse os caudais correspondentes a un período de retorno de $T=100$ anos.

TRAZADO XEOMÉTRICO

Levarase a cabo a ampliación da plataforma para obter unha calzada de 7 metros e beiravías de 0,5 metros (sección 7/8).

Considerouse o establecido na Instrución de estradas 3.1-IC, adoptando os parámetros para unha estrada C-50.

Os parámetros de dimensionamento adoptados para o trazado exposto obtivéronse a partir da Instrución de estradas 3.1-IC e son os seguintes:

- § Velocidade mínima de proxecto: 50 km/h
- § Sección tipo: 7/8

EIXOS	RADIO MÍNIMO (m)	RADIO MÁXIMO (m)	PENDENTE MÁXIMA (%)
1	50	300	12,64
5	20	20	8,00
6	60	60	28,25
7	20	25	21,53
8	50	50	13,78
9	50	60	16,10
10	150	150	10,31
11	-	-	11,70
12	30	30	17,00

Parámetros en planta:

O trazado en planta da solución adoptada queda definido polas seguintes características:

EIXOS	LONXITUDE (m)	Nº ALIÑACIÓNS	RADIO MÍNIMO (m)
1	1.699	74	30
5	69,25	3	20
6	97,67	3	60
7	67,69	5	20
8	47,01	3	50
9	45,05	3	50
10	37,94	1	150
11	30,68	1	-
12	74,61	3	30

Parámetros en alzado:

O trazado en alzado da solución adoptada queda definido polas seguintes características:

EIXOS	PENDENTE MÍNIMA (%)	PENDENTE MÁXIMA (%)
1	0	12,64
5	0	8,00
6	7,84	28,25
7	3,37	21,53
8	0	13,78
9	0	16,10
10	0	10,31
11	0	11,70
12	0	17,00

A sección tipo proxectada ten as seguintes características:

- § Beiravías 0,50 m
- § Carrís 3,50 m

- § Senda: 2,00 m
- § Aparcadoiro(onde exista): 2,50 m
- § Miradoiro: 5,00 m

Para o cálculo dos peraltes seguiu-se a Norma de trazado 3.1.-IC.

Farase necesaria a colocación de barreiras de seguridade debido á existencia de terrapléns de altura superior a 3 m en:

Ø MARXE DEREITA (EIXO 6):

0+070-0+100

Ø MARXE DEREITA (EIXO 10)

0+030-0+040

Colocarase tamén bionda nos PK onde se van construír os muros de dique:

Ø MARXE DEREITA (EIXO 1):

3+020-3+068

3+263-3+300

Faise necesaria a implantación de bionda naqueles puntos nos que é preciso colocar caz, tal e como se especifica no anexo N° 6 Hidroloxía e Drenaxe:

Ø MARXE ESQUERDA (EIXO 6):

0+045-0+100

Ø MARXE DEREITA (EIXO 11):

0+000-0+020

Ø MARXE DEREITA (EIXO 1):

2+420-2+480

2+580-2+670

2+750-2+770

3+580-3+640

3+680-3+750

3+920-3+950

3+960-4+086

Colocarase unha varanda METÁLICA sobre o bordo da senda peonil, nos seguintes tramos do EIXO 1:

2+420-2+480

2+580-2+670

2+750-2+770

3+020-3+068

3+263-3+300

- 3+580-3+640
- 3+680-3+750
- 3+920-3+950
- 3+960-4+086

PLANEAMENTO URBANÍSTICO. AFECCIÓNS AO PATRIMONIO

Neste apartado compílouse toda a normativa urbanística existente respecto ao municipio de Muxía, o cal resulta afectado polo trazado da estrada.

Para obter a citada información consultáronse as Normas Subsidiarias de Planeamento, N.S.P. 4/05/1995.

A estrada obxecto de proxecto, desde o PK 2+387 ao PK 4+086, discorre por solo de protección paisaxístico, limitando con solo de protección forestal.

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4. Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras

TITULO DO PROXECTO
AMPLIACIÓN E MELLORA DA ESTRADA DP 5201 DE MUXÍA A TOURINÁN POLA COSTA PK 2+387 AO 4+086 (MUXIA),

mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para as reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

**27.- APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2010 2ª FASE INTEGRADO POLO PROXECTO ACTUALIZADO PARA O ENSANCHE DA PONTE SOBRE O RÍO ALLÓNS NO PQ 1+150 DA DP 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR (A LARACHA) (1011100002.0)
A APROBACIÓN DEFINITIVA DA OBRA QUEDARÁ CONDICIONADA Á RESOLUCIÓN DO CONTRATO DA OBRA INICIAL PROXECTO ACTUALIZADO PARA O ENSANCHE DA PONTE SOBRE O RÍO ALLÓNS NO PQ 1+150 DA DP 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR (A LARACHA) (1011100002.0)**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.Aprobar o Plan de VÍAS PROVINCIAIS 2010 SEGUNDA FASE cun orzamento total de 211.067,2 .- euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que se detalla.

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
PROXECTO ACTUALIZADO PARA O ENSANCHE DA PONTE SOBRE O RIO ALLÓNS NO P.K. 1+150 DA EP 2404 A LARACHA Á SILVA POR GOLMAR	211.067,20

(A LARACHA) (1011100002.0)	
----------------------------	--

2. Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se vai publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

3. A adxudicación definitiva da obra quedará condicionada á resolución do contrato da obra inicial ENSANCHE DA PONTE SOBRE O RÍO ALLÓNS NO P.K. 1+150 DA E.P. 2404 A LARACHA A SILVA POR GOLMAR (A LARACHA) (0711100010.0).”

28.- APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS DO PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 INTEGRADO POLO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DA ESTRADA DP 1802 VEIGA DE CABANA ÁS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ P.Q. 11+753 AO PQ 17+800 (AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ)

SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS PARA A EXPROPIACIÓN DO CITADO PROXECTO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán o PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 . A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e á súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA
AMPLIACIÓN E MELLORA DA ESTRADA DP 1802 VEIGA DE CABANA ÁS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ PK 11+753 AO PK 17+800 (AS PONTES)	1.425.623,49
Totais	1.425.623,49

2. Expor ao público o citado proxecto mediante o anuncio que se vai publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

3.Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das obras AMPLIACION E MELLORA DA ESTRADA DP 1802 VEIGA DE CABANA ÁS PONTES DE GARCÍA RODRIGUEZ PK 11+753 AO PK 17+800 (AS PONTES), tales como que:

A data de hoxe a estrada provincial ten unha calzada con ancho de entre 4, 5m e 5 m entre o PK 11+753 e o 14+900 con firme irregular de tratamentos asfálticos; entre o PK 14+900 e 16+200 discorre por unha zona con numerosas vivendas, con calzada de 6 m con mestura bituminosa en quente; e entre o PK 16+200 e o 17+800 presenta un trazado moi sinuoso, con curvas de pequeno radio con calzada de 6 m escasos en mestura bituminosa en quente.

Trátase dunha estrada con intensidade de tráfico elevada pola súa proximidade ás Pontes, onde a calzada é estreita no seu primeiro tramo (11+753 a 14+900), onde hai numerosa presenza de vivendas no segundo tramo (14+900 e 16+200) e onde existe un trazado sinuoso con curvas de pequeno radio no terceiro tramo (16+200 e o 17+800), factores tales que obrigan a unha actuación urxente de mellora de seguridade viaria co obxecto de garantir unhas condicións mínimas de seguridade para a gran intensidade de tráfico e de peóns na zona de vivendas. Por tanto proxéctase no primeiro tramo a ampliación da estrada desde os 4,5 – 5 m actuais a unha sección de 8 m (2 carrís de 3,5m e beiravías de 0,5 m); no segundo tramo proxéctase apegar á calzada actual de 6 m sendas peonís de 1,80 m de ancho para favorecer o tránsito peonil na zona de vivendas nas debidas condicións de seguridade; no terceiro tramo amplíase a calzada a unha sección de 8 m (2 carrís de 3,5m e beiravías de 0,5 m) e corríxense as curvas de pequeno radio dotando o devandito tramo dun novo trazado co obxecto de mellorar as condicións de seguridade na circulación dos vehículos.

Proxéctanse capas de firme mediante regas superficiais, as sendas peonís execútanse mediante mestura bituminosa en frío con leitada bituminosa de cor, canalízanse as augas pluviais na zona de sendas. Contémplase a sinalización horizontal e vertical necesarias, así como barreiras de seguridade en zona de desnivel.

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4.Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras

TITULO DO PROXECTO

AMPLIACION E MELLORA DA ESTRADA DP 1802 VEIGA DE CABANA ÁS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ PK 11+753 A PK 17+800 (AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ)

mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para as reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

29.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO Nº 267/1998 DE AUTORIZACIÓN DA UTILIZACIÓN DA ZONA DE SERVIZOS DAS PARCELAS 34 E 39 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN PARA O PROXECTO “SENDA PEONIL NA AV. ARSENIO IGLESIAS”. CONCELLO DE ARTEIXO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación do convenio número 267/1998, do 9 de decembro, para a instalación dun campo de fútbol dentro do Plan 2000 deportes anualidades 1998-2001, para autorizar a súa utilización na construción da senda peonil na avenida Arsenio Iglesias.

2.- Autorizar a utilización da zona de servizos das parcelas 34, 35, 36, 37, 38 e 39 do Polígono Industrial de Sabón.

3.- Condicionar a dita autorización ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- (1) A autorización tan só é válida para as obras que se teñen que realizar no viario 2 (avenida de Arsenio Iglesias) da EP 0509, rede viaria do Polígono Industrial de Sabón, entre os puntos quilométricos en que están situadas as parcelas afectadas.
- (2) Será obriga do Concello de Arteixo sinalizar de forma adecuada o tramo de execución das obras, cos correspondentes sinais de perigo e redución de velocidade, así como con aquelas outras que polo tipo de obras e o risco que estas poidan supor para o tráfico rodado e que sexan necesarias para os peóns.
- (3) No caso de que sexa necesaria a ocupación da calzada o Concello de Arteixo sinalizará adecuadamente a dita ocupación cunha antelación mínima de 300 metros coa finalidade de evitar accidentes.
- (4) Durante o tempo que dure a ocupación da calzada o Concello de Arteixo terá a unha ou dúas persoas, en función do tramo ocupado, dedicadas a regular a circulación de vehículos pola estrada.
- (5) No caso de que sexa necesario o corte da calzada o Concello de Arteixo está obrigado a sinalizar coa antelación suficiente os trazados alternativos.
- (6) O Concello de Arteixo adoptará todas as medidas necesarias para manter o estado de vialidade actual da estrada durante o período de tempo que dure a realización das obras.
- (7) Igualmente, o Concello de Arteixo sinalizará adecuadamente os movementos dos camións necesarios para a execución das obras a fin de evitar posibles accidentes.
- (8) Será obriga do Concello de Arteixo emendar todos os danos que puidesen producirse coas obras.
- (9) De conformidade co disposto no artigo 98 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (L.R.X.P.A.C.), no caso de que o Concello de Arteixo non cumpra a dita obriga procederase á execución subsidiaria de tales obras con cargo á fianza constituída, reclamándose as cantidades que excedan da contía da devandita fianza por vía executiva.
- (10) De igual forma, será obriga do Concello de Arteixo indemnizar calquera dano (físico, moral ou material) que se produza nos bens e dereitos de terceiros como consecuencia, ben da realización dos transportes que se

autorizan, ben do mal estado da estrada durante os devanditos transportes ou posteriormente á data da súa finalización ata que non se realicen os traballos de reparación necesarios para devolver a estrada ao seu estado actual, podendo esta Corporación esixir o seu aboamento pola vía de constrinximento segundo o disposto no artigo 97 da L.R.X.P.A.C.

- (11) Tamén será obriga do Concello de Arteixo comunicar ao Servizo de Vías e Obras desta Deputación provincial as datas de inicio e finalización das obras.
- (12) A concesión desta autorización non exime ao Concello de Arteixo da obriga de tramitar cantas autorizacións e licenzas sexan necesarias para a execución das obras, incluíndo a de circulación con vehículos de gran tonelaxe e transportes especiais.
- (13) No caso de que sexa necesario realizar algunha reparación nas tubaxes que discorren pola zona de servizos que se pretende asfaltar os gastos de reparación e demolición serán por conta do Concello de Arteixo.
- (14) No caso de que sexa necesario realizar algunha reparación o Concello de Arteixo terá que levantar o asfalto no prazo máximo de 24 horas desde que sexan requiridos para iso polo persoal desta Deputación.
- (15) O incumprimento de calquera das condicións anteriores dará lugar ás responsabilidades que en dereito procedan
- (16) No punto 2.2 SERVICIOS AFECTADOS E EXISTENTES, do documento MEMORIA, e punto 3.5 ILUMINACIÓN, onde fai referencia ás liñas aéreas de M.T., indicar que deben instalarse as conexións independentemente das existentes.
- (17) No punto 3.3 PAVIMENTOS, do documento MEMORIA, onde se detallan os tipos de tratamentos, sinalar que deben ser demolidos e repostos no caso de avarías nas zonas de afección polo solicitante.
- (18) No punto 3.4 XARDINERÍA, do documento MEMORIA, onde consta a instalación dunha rega automática, incidir na necesidade da instalación á rede de abastecemento allea á este Servizo.
- (19) No punto 3.6. RECOLLIDA DE PLUVIAIS, do documento MEMORIA, rubricase a instalación detallada.
- (20) No plano número 5- Sección do Paseo, obsérvase no terreo entre o bordo da beirarrúa e a cuneta, un noiro cunha pendente de 30º, segundo as cotas sinaladas no plano. No momento de realizar a obra, este Servizo fará as indicacións pertinentes no tocante ao noiro, co fin de non crear ningún impacto visual e técnico nas instalacións enterradas existentes.
- (21) A beirarrúa do plano número 5, terá un ancho mínimo de 1,80 metros segundo as disposicións da Xunta nesta materia.

4.- Transcorrido o devandito prazo someterase ao Pleno para resolver as reclamacións que no seu caso se formulen ou para a súa aprobación definitiva.

5.- Facultar o presidente desta Corporación para a execución do presente acordo.”

30.-APROBACIÓN TÉCNICA DOS PROXECTOS DO PROGRAMA VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 INTEGRADO POLA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA DP 8001 DE CRUCES A PENABRANCA DO PQ 0+000 AO PQ 0+240 (SOBRADO)

SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS PARA A EXPROPIACIÓN DO CITADO PROXECTO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1. Aprobar tecnicamente os proxectos que integrarán o PROGRAMA DE VÍAS PROVINCIAIS 2009-2011 . A citada aprobación condicionarase á existencia de crédito adecuado e suficiente na anualidade correspondente e a súa aprobación definitiva.

TITULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DA OBRA
AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO DA D.P. 8001 DE CRUCES A PENABRANCA DO PQ 0+000 AO 0+240 (SOBRADO)	144.645,47
Totais	144.645,47

2. Expor ao público o citado proxecto mediante o anuncio que se vai publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

3.Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das obras AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA D.P. 8001 DE CRUCES A PENABRANCA DO PQ 0+000 AO 0+240 (SOBRADO), tales como que:

A área de actuación da obra sitúase no núcleo de Cruces dentro do Concello de Sobrado.

Trátase dunha estrada con intensidade de tráfico elevada pola súa proximidade a Cruces, onde a calzada é estreita e onde hai numerosa presenza de vivendas

A obra consiste na ampliación da plataforma actual que ten un ancho de cinco metros e que carece de beirarrúas, a outra formada por dous carrís de tres metros e medio con zona de aparcadoiro de dous metros e medio de anchura e beirarrúas de metro oitenta de ancho.

Como consecuencia das obras é necesario executar muros de contención nalgunhas parcelas dado o movemento de terras que se executa.

A rede de cuncas pluviais executarase con tubaxe compacta de PVC de 315 mm. Proponse un colector por rúa discorrendo pola zona de aparcadoiro, sendo entón a

súa capacidade portante mínima de 85,55 l./seg., valor moi superior ao caudal punta total.

Deixarase unha canalización de tubaxe de PVC baixo as beirarrúas para a colocación exterior no seu día da iluminación pública.

Contémplase a sinalización horizontal e vertical necesarias, así como barreiras de seguridade en zona de desnivel.

Tendo en conta a proximidade das vivendas á estrada e a inseguridade para os peóns e vehículos faise necesaria unha actuación urxente de mellora de seguridade viaria co obxecto de garantir unhas condicións mínimas de seguridade para a gran intensidade de tráfico e de peóns na zona de vivendas.

Todo isto coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

4. Someter a información pública o expediente expropiatorio para a execución das obras

TITULO DO PROXECTO
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA D.P. 8001 DE CRUCES A PENABRANCA DO PQ 0+000 AO 0+240 (SOBRADO)

mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia cun prazo de quince días para as reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se producen.”

31.-APROBACIÓN DA CUARTA FASE DA ANUALIDADE 2010 DO PROXECTO MANDEO.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver os pregos de prescricións técnicas particulares para a contratación das actuacións que máis adiante se indican, que desenvolven o contido do proxecto reformulado denominado “Mandeo. Posta en valor das cuncas fluviais 1ª fase: Río Mandeo”, financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta o período 2007-2010, de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013.

E logo de ver o proxecto técnico elaborado polo arquitecto gañador do concurso de ideas convocado por esta Deputación para a redacción do proxecto e que levaba aparelada a dirección de obra polo prezo ofertado polo adxudicatario

1º.- Aprobar a cuarta fase da anualidade 2010 do proxecto Mandeo na que se inclúen as actuacións que deseguido se indican, que serán contratadas por esta Deputación.

Tendo en conta que o artigo 79 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010 establece que a partir do 1 de xullo de 2010 o tipo impositivo xeral do IVE incrementase do 16% ao 18%, e que a contratación e execución destas actuacións previsiblemente realizarase estando xa vixente o novo tipo impositivo, os orzamentos dos correspondentes contratos calculáronse tanto co 16% como co 18% de IVE.

ORZAMENTO CALCULADO CO 16% DE IVE				
Código	Denominación	2010 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	TOTAL 2008- 2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)
10.2800.0030.0	Centro Etnográfico en Curtis Pr. Mandeo	619.226,06	0,00	619.226,06
		265.382,60	0,00	265.382,60
		884.608,66	0,00	884.608,66
10.2800.0031.0	Dirección Centro Etnográfico en Curtis Pr. Mandeo	11.368,00	0,00	11.368,00
		4.872,00	0,00	4.872,00
		16.240,00	0,00	16.240,00
10.2800.0032.0	Redacción proxecto mellora zona fluvial Os Caneiros Pr. Mandeo	6.160,00	0,00	6.160,00
		2.640,00	0,00	2.640,00
		8.800,00	0,00	8.800,00
TOTAL		636.754,06	0,00	636.754,06
		272.894,60	0,00	272.894,60
		909.648,66	0,00	909.648,66

ORZAMENTO CALCULADO CO 18% DE IVE				
Código	Denominación	2010 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)	TOTAL 2008- 2011 70% FEDER 30% Deput. TOTAL (€)
10.2800.0030.0	Centro Etnográfico en Curtis Pr. Mandeo	629.902,37	0,00	629.902,37
		269.958,16	0,00	269.958,16

		899.860,53	0,00	899.860,53
10.2800.0031.0	Dirección Centro Etnográfico en Curtis Pr. Mandeo	11.564,00	0,00	11.564,00
		4.956,00	0,00	4.956,00
		16.520,00	0,00	16.520,00
10.2800.0032.0	Redacción proxecto mellora zona fluvial Os Caneiros Pr. Mandeo	6.266,20	0,00	6.266,20
		2.685,52	0,00	2.685,52
		8.951,72	0,00	8.951,72
TOTAL		647.732,57	0,00	647.732,57
		277.599,68	0,00	277.599,68
		925.332,25	0,00	925.332,25

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/172D/650 do orzamento provincial para o exercicio 2010.

3º.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.”

32.-APROBACIÓN DA CUARTA E ÚLTIMA FASE DO PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan especial de parques infantís 2009, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión realizada o día 31 de outubro de 2008 (BOP nº 255, do 5 de novembro de 2008), e modificadas na súa base 9 polo acordo plenario provincial de aprobación da primeira fase do plan do 26 de xuño de 2009 (BOP nº 149 do 2 de xullo de 2009).

Despois de ver as solicitudes presentadas polos diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases.

Logo de ver a proposta de selección das obras subscrita polo presidente da Comisión Informativa de Plans Especiais, Medio Ambiente, Contratación e Equipamento, na que se inclúen as solicitudes que integran a cuarta e última fase do plan porque contan co informe técnico favorable relativo a cada un dos proxectos e demais documentación administrativa e técnica correcta.

1º) Aprobar a cuarta e última fase do Plan especial de parques infantís 2009, cuxas bases foron aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión realizada o día 31 de outubro de 2008, e cuxo texto íntegro publicouse no BOP nº 255, do 5 de novembro de 2008 e modificadas na súa base 9 para facelo prepagable polo acordo plenario provincial de aprobación da primeira fase do plan do 26 de xuño de 2009 (BOP nº 149 do 2 de xullo de 2009).

Neste plan inclúense as 4 actuacións que se indican no anexo que se xunta, coa indicación do seu detalle entre os respectivos concellos e a Deputación. Os datos de financiamento das 4 actuacións incluídas nesta fase detállanse tanto co tipo impositivo de IVE aplicable actualmente vixente do 16%, como co tipo de 18% que vai entrar en vigor a partir do 1 de xullo de 2010 segundo o artigo 79 da Lei 26/2009 do 23 de decembro.

O resumo dos importes totais desta cuarta e última fase do plan é o seguinte:

Cuarta e última fase Plan especial de parques infantís	Presuposto IVE 16%	Presuposto IVE 18%
Deputación	233.021,21	237.754,92
Concellos	41.533,27	41.533,27
T O T A L	274.554,48	279.288,19

O financiamento deste plan realizarase con cargo á Partida 0501/171B/76201 do vixente presuposto provincial.

2º) Aprobar os proxectos técnicos das obras incluídas neste plan.

Despois de realizar todas as actuacións proxectadas nos parques, estes deben cumprir estritamente o indicado no Decreto 245/2003, do 24 de abril, pola que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís, así como da Lei de accesibilidade 8/1997 do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e tamén no Decreto 35/2000, do 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, os paneis informativos que se coloquen nos parques deben axustarse ao indicado no citado Decreto 245/2003 e ao sinalado no apartado 2.1 da base 2 das reguladoras do plan.

3º) A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 7, 8 e 9 reguladoras deste plan.

O prazo para a contratación das obras incluídas nesta 4ª e última fase amplíase ata o día 30 de novembro de 2010.

4º) Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presente ningunha alegación.

5º) Remitir o expediente para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e a Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe”.

PLAN DE PARQUES INFANTÍS 2009

ANEXO : Obras da cuarta e última fase do Plan de parques infantís 2009

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO CO 16% IVE			PRESUPOSTO CO 18% IVE		
			CONCELLO	DEPUTACIÓN	TOTAL	CONCELLO	DEPUTACIÓN	TOTAL
DUMBRIA	09.3260.0071.0	ESTUDO TÉCNICO AVALIACIÓN E ADAPTACIÓN P. INFANTÍS - CONCELLO DUMBRIA	11.000,12	60.000,00	71.000,12	11.000,12	61.224,14	72.224,26
ORDES	09.3260.0072.0	ACOND. E ADEC. Á NORMATIVA VIXENTE P. INFANTIL FELIX RDGZ. DE LA FUENTE - C. ORDES	10.199,77	57.798,73	67.998,50	10.199,77	58.971,12	69.170,89
PORTO DO SON	09.3260.0073.0	ACOND. PARQUES INFANTIS EN MIÑORTOS, QUEIRUGA E NOVÁS - CONCELLO PORTO DO SON	10.058,03	56.995,48	67.053,51	10.058,03	58.151,58	68.209,61
ZAS	09.3260.0074.0	ACONDICIONAMENTO E REFORMA DOS PARQUES INFANTÍS MUNICIPAIS. - CONCELLO ZAS	10.275,35	58.227,00	68.502,35	10.275,35	59.408,08	69.683,43
	4							
		TOTAL	41.533,27	233.021,21	274.554,48	41.533,27	237.754,92	279.288,19

33.-APROBACIÓN DA QUINTA E ÚLTIMA FASE DO “PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE DESTINADO AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE REPOSICIÓN ASOCIADOS AO MANTENIMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS ESENCIAIS DOS CONCELLOS 2009 (PAC-2).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos (PAC-2), aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 27 de marzo de 2009, cuxo texto íntegro está publicado no BOP nº 74, do 1 de abril de 2009.

Logo de ver a resolución da Presidencia desta Deputación do 3 de setembro de 2009, relativa á interpretación da base 2 das reguladoras deste plan.

Despois de ver as solicitudes presentadas polos diversos concellos da provincia ao abeiro das citadas bases:

1º) Aprobar a quinta e última fase do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos (PAC-2), aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o día 27 de marzo de 2009, cuxo texto íntegro está publicado no BOP nº 74, do 1 de abril de 2009.

No anexo I a este acordo inclúense as actuacións solicitadas polos concellos que se integran nesta quinta fase, estruturadas no apartado A, no que se conteñen as novas obras ou subministracións, coa indicación do seu detalle de financiamento entre os respectivos concellos e a deputación, e nun apartado B no que se indica o importe da achega provincial que cada concello destina ao financiamento da achega municipal obrigatoria para participar noutros plans ou programas da deputación ou doutras administracións públicas que teñan como obxecto as actuacións de reposición ou mantemento ou as subministracións indicadas nas bases do plan.

Os datos de financiamento detallado das actuacións incluídas nesta fase especificanse no citado anexo co seu presuposto calculado tanto co tipo impositivo de IVE aplicable actualmente vixente do 16%, como co tipo de 18% que vai entrar en vigor a partir do 1 de xullo de 2010 segundo o artigo 79 da Lei 26/2009 do 23 de decembro.

Tendo en conta o sinalado, o resumo dos importes totais desta quinta e última fase do plan, co 16% e co 18% de IVE, é o seguinte:

DATOS CO 16% DE IVE	Novas actuacións (Anexo I)	Financiamento de achegas municipais (Anexo II)	T O T A L
Deputación	844.385,87	34.925,18	879.311,05
Concellos	53.206,74		53.206,74
T O T A L	897.592,61	34.925,18	932.517,79

DATOS CO 18 % DE IVE	Novas actuacións (Anexo I)	Financiamento de achegas municipais (Anexo II)	T O T A L
Deputación	859.861,60	34.925,18	894.786,78
Concellos	53.206,74		53.206,74
T O T A L	913.068,34	34.925,18	947.993,52

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0501/459F/76201 do vixente presuposto provincial.

2º) Aprobar os proxectos técnicos das obras ou os pregos das subministracións incluídas neste plan.

3º) A aprobación definitiva da actuación do plan base que deseguido se indica queda condicionada ao cumprimento do requisito que se indica a continuación, que deberá acreditarse con carácter previo á adxudicación desta:

Concello e código	Denominación da obra	Condición a cumprir
Boiro 09-3270-0131.0	Repa.e mellora do parque infantil de Cespón. Concello de Boiro	<ul style="list-style-type: none"> • Obter a autorización autonómica da Sección de Patrimonio Histórico da Coruña

4º) Aprobar o plan complementario ao presente plan, no que se inclúen os investimentos que se relacionan no anexo II a este acordo. Estes investimentos teñen carácter de supletorios e financiarase con cargo aos remanentes que se poidan producir por anulacións de proxectos ou baixas de licitación nas actuacións do plan base do respectivo concello, polo que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

A aprobación definitiva da actuación do Plan complementario que deseguido se indica queda condicionada ao cumprimento do requisito que se detalla a continuación, que deberá acreditarse con carácter previo á adxudicación desta:

Concello e código	Denominación da obra	Condición a cumprir
Porto do Son	Pav. vial en lousa de pedra de AC-550 á praia. Concello de Porto do Son	<ul style="list-style-type: none"> • Obter a autorización da Demarcación de Costas de Galicia

5º) A contratación e execución das obras realizarana os respectivos concellos, de acordo co establecido nas bases 7, 8 e 9 reguladoras deste plan.

O prazo para a contratación das obras incluídas nesta 5ª e última fase ampliase ata o día 30 de novembro de 2010.

6º) Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións despois de que transcorra o dito prazo sen que se presente ningunha alegación.

7º) Remitir o expediente para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o dito prazo sen que se emita ningún informe”.

A) OBRAS OU SUBMINISTRACIÓNS

CONCELLO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO CO 16% IVE			PRESUPOSTO CO 18% IVE			
		DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL	DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL	
Arteixo	09.3270.0128.0	Mant. e repo. viais mpal. parrq. Morás, Barrañán, Chamín e outros	179.185,20	0,00	179.185,20	182.274,60	0,00	182.274,60
	09.3270.0129.0	Miniexcavadora departamento obras. e serv. Concello de Arteixo	44.554,44	0,00	44.554,44	45.322,62	0,00	45.322,62
		SUBTOTAL	223.739,64	0,00	223.739,64	227.597,22	0,00	227.597,22
Boiro	09.3270.0130.0	Repa. área aparcamento en Abanqueiro. Concello de Boiro	43.510,47	0,00	43.510,47	44.260,65	0,00	44.260,65
	09.3270.0131.0	Repa e mellora do parque infantil de Cespón. Concello de Boiro	27.321,02	3.014,79	30.335,81	27.844,05	3.014,79	30.858,84
	09.3270.0132.0	Mellora san. Av. Constitución, Magdalena e Belles. Boiro	40.102,50	0,00	40.102,50	40.793,92	0,00	40.793,92
	09.3270.0133.0	Peche perimetral e al. pista poldva. cuberta parroquia Bealo	20.500,00	39.496,45	59.996,45	21.534,42	39.496,45	61.030,87
		SUBTOTAL	131.433,99	42.511,24	173.945,23	134.433,04	42.511,24	176.944,28
Dodro	09.3270.0134.0	Dúmper con pa autocargable e miniexcavadora. Concello de Dodro	49.263,28	10.695,50	59.958,78	50.297,05	10.695,50	60.992,55
		SUBTOTAL	49.263,28	10.695,50	59.958,78	50.297,05	10.695,50	60.992,55
Pontedeume	09.3270.0135.0	Reparación de pluviais no Barro e outros. Concello de Pontedeume	44.776,08	0,00	44.776,08	45.548,08	0,00	45.548,08
	09.3270.0136.0	Reparación de pluviais en Castrelo e outros. Concello de Pontedeume	51.821,38	0,00	51.821,38	52.714,85	0,00	52.714,85
		SUBTOTAL	96.597,46	0,00	96.597,46	98.262,93	0,00	98.262,93
Pontes, As	09.3270.0137.0	Repa. aglomerado viais mpal. S. Pedro de Eume... As Pontes	123.401,50	0,00	123.401,50	125.529,11	0,00	125.529,11
	09.3270.0138.0	Aglomerado de pista no Narón. Concello das Pontes	30.612,79	0,00	30.612,79	31.140,60	0,00	31.140,60
	09.3270.0139.0	Repa asf. viais mpal. acc. Porto dos Frades...As Pontes	66.296,15	0,00	66.296,15	67.439,19	0,00	67.439,19
		SUBTOTAL	220.310,44	0,00	220.310,44	224.108,90	0,00	224.108,90
Porto do Son	09.3270.0140.0	Conservación de pistas nas prrq. de Goiáns, Baroña, Ribasieira e outras	92.903,19	0,00	92.903,19	94.504,97	0,00	94.504,97
	09.3270.0141.0	Repa. viais de comunicación no concello de Porto do Son	30.137,87	0,00	30.137,87	30.657,49	0,00	30.657,49
		SUBTOTAL	123.041,06	0,00	123.041,06	125.162,46	0,00	125.162,46
		TOTAL	844.385,87	53.206,74	897.592,61	859.861,60	53.206,74	913.068,34

B) ACHEGAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS

CONCELLO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO CO 16% IVE			PRESUPOSTO CO 18% IVE		
		DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL	DEPUTACION	CONCELLO	TOTAL
Boiro	09.3270.0339.0 Aport. mpal. Plan parques infantís. Saltiño. Obra 55		10.583,24	10.583,24	10.583,24		10.583,24
	09.3270.0340.0 Aportac.mpal.Plan iluminación cmp. fútbol Vista Alegre.Obra 6		10.574,98	10.574,98	10.574,98		10.574,98
	09.3270.0341.0 Aportac. Mpal. Programa Subvencións actividades e investimentos 2009. Arranxo poldvo. escolar		13.766,96	13.766,96	13.766,96		13.766,96
	SUBTOTAL		34.925,18	34.925,18	34.925,18		34.925,18
	TOTAL		34.925,18	34.925,18	34.925,18		34.925,18

C) RESUMO

A) OBRAS OU ADQUISICIÓNS	844.385,87	53.206,74	897.592,61	859.861,60	53.206,74	913.068,34
B) ACHEGAS A OUTROS PLANS OU PROGRAMAS	34.925,18		34.925,18	34.925,18		34.925,18
TOTAL	879.311,05	53.206,74	932.517,79	894.786,78	53.206,74	947.993,52

ANEXO II: PLAN COMPLEMENTARIO

CONCELLO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO CO 16% IVE	PRESUPOSTO CO 18% IVE
		DEPUTACION	DEPUTACION
Arteixo	Pav. rúas interiores do Igrexario de Lañas e asf. Rúa Amendoeiros en Larín	64.846,62	65.964,67
Pontedeume	Pavimentación do camiño da Orela, Ombre. Concello de Pontedeume	37.201,78	37.843,19
Pontes, As	Mellora pav. tramo pista acceso a Porto dos Frades. Concello das Pontes	30.097,63	30.616,55
Porto do Son	Pav. vial lousa pedra de AC-550 a praia Subigrexá. Porto do Son	42.223,28	42.951,27
		174.369,31	177.375,68

34.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “BANCADAS NO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL EN CHAIÁN” DO CONCELLO DE TRAZO, INCLUÍDA NA 3ª FASE DO PLAN ESPECIAL DE ILUMINACIÓN E OUTROS COMPLEMENTOS NOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE HERBA ARTIFICIAL 2008. CÓDIGO 08.3250.0043.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto técnico reformado da obra “Bancadas no campo de fútbol de herba artificial en Chaián” do Concello de Trazo, incluída na 3ª fase do Plan especial de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol municipais de herba artificial 2008, código 2008.3250.0043.0. O proxecto reformado implica un incremento no seu presuposto tal e como se indica, que é financiado integramente polo concello, permanecendo invariable a achega da deputación.”

2008.3250.0043.0 BANCADAS CAMPO DE FÚTBOL ARTIFICIAL EN CHAIÁN (CONCELLO DE TRAZO)			
	PROXECTO INICIAL	PROXECTO REFORMADO	DIFERENZA
DEPUTACIÓN	60.000,00	60.000,00	0,00
CONCELLO	13.270,80	23.290,04	10.019,24
TOTAL	73.270,80	83.290,04	10.019,24

35.-PROPOSTA DE ACHEGA AOS CONCELLOS PARA O SOSTEMENTO DUN GRUPO MUNICIPAL DE INTERVENCIÓN RÁPIDA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e dezaseis concellos da provincia da Coruña para o sostemento dun Grupo Municipal de Intervención Rápida 2010.

A relación dos concellos é a seguinte: Arteixo, Arzúa, Betanzos, Boiro, Boqueixón, Brión, Carballo, Cee, Miño, Noia, Ordes, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, Ribeira, Santa Comba e Vimianzo.

Con efectos dende a súa sinatura ata o día 31 de marzo de 2011, e con efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2010, e podendo prorrogarse antes de que finalice o prazo de vixencia.

A Deputación Provincial da Coruña contribuirá cun total de 720.000 euros correspondentes a un gasto de 45.000 euros por cada concello e que se aboará de conformidade co disposto na cláusulas 3ª e 6ª do convenio con cargo á aplicación 0305/135B/46201.”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA E O CONCELLO DE PARA O SOSTEMENTO DUN GRUPO
MUNICIPAL DE INTERVENCIÓN RÁPIDA 2010**

A Coruña, de de dous mil dez

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

O Sr. Don alcalde-presidente do Concello de

EXPOÑEN

- 1.- Que ámbalas dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.
- 2.- Que a Deputación da Coruña, tendo entre as súas competencias o fomento e a administración dos intereses peculiares da súa provincia, está interesada na colaboración cos concellos no sostemento de Grupos Municipais de Intervención Rápida (GMIR), que é un corpo enmarcado dentro da seguridade civil dos municipios e que teñen como principal función ter unha infraestrutura altamente operativa que permita dar resposta inmediata ante situacións de emerxencia que impliquen riscos para as persoas ou os bens materiais das áreas dos distintos concellos.
- 3.- Que a Deputación da Coruña non dispón dos medios persoais nin materiais axeitados para afrontar esta tarefa.
- 4.- Que os GMIR levan actuando dende agosto de 1997 coa colaboración da Xunta de Galicia e máis a FEGAMP.
- 5.- Que o presente convenio é consecuente coas liñas de actuación que a Deputación vén realizando nas materias de protección civil e campañas de prevención de incendios.

Por todo isto e coa fin de establecer as condicións de colaboración necesarias e acadar o fin proposto, a Deputación da Coruña e o Concello de acordan subscribir o presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA .-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e os concellos no sostemento dun Grupo Municipal de Intervención Rápida, en orde a conseguir a inmediata resposta a situacións de emerxencia en: incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, inundacións, primeiros auxilios, asistencia domiciliar, apoio en materia de seguridade viaria, actividades ambientais, cooperación en axudas humanitarias e cantas outras supoñan dar resposta ás emerxencias do municipio.

En ningún caso formarán parte do obxecto do presente convenio actividades ou investimentos que sexan incluídas noutros plans ou programas provinciais.

SEGUNDA.- ORZAMENTO

O Concello de _____ ten creado un Grupo Municipal de Intervención Rápida composto, en principio e como aproximación por: un responsable encargado da coordinación técnica, un xefe de Grupo, encargado da coordinación dos operativos do grupo, dous capataces, encargados da coordinación das distintas quendas, podendo exercer un dos capataces de xefe de Grupo, e dez peóns, organizaranse en quendas de mañá, tarde e noite, de tal xeito que poidan estar localizables as 24 horas do día para actuar en calquera emerxencia que poida acontecer nas áreas da súa contorna.

A Deputación participará mediante o aboamento dunha subvención ao concello dos gastos de sostemento do Grupo por un importe máximo de 45.000,- euros que irán destinados a financiar os gastos de nóminas de persoal e material funxible.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 45.000,00 €. No caso de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da Deputación ata a cantidade xustificada.

No caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da Deputación non superará a cantidade indicada da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0305/135B/462.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado coa excepción de:

- * Programas dirixidos a concellos para actividades e investimentos durante o 2010.
- * Convenio de colaboración na campaña de actuación contra os incendios forestais.
- * Convenios de Servizos Sociais.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior

CUARTA.-CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao Concello de o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
- 2.No procedemento de contratación, o concello axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

QUINTA.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
- 2.Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do concello.

SEXTA.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Consonte co disposto nas Bases de execución do Orzamento 2010, ata o 70 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se expedirá un primeiro pagamento a prol do concello pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
 - Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e da adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
2. Rematada completamente a realización da actividade, aboarase o 30 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):
 - Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONCELLO, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - Certificación clasificada dos gastos realizados (comprendidos entre as datas 01.01.2010 e 31.12.2010), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello na documentación achegada. E se transcorreran máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o concello terá dereito aos aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

SÉTIMA.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas, polo menos, TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o concello deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao concello para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao concello da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o concello terá dereito ao

abonamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento

OITAVA.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarase de oficio esta.

NOVENA.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

DÉCIMA.-CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

DÉCIMO PRIMEIRA.-REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades comportará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

DÉCIMO SEGUNDA.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do concello serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, incorporárase ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura ata o día 31 de marzo de 2011, e terá efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro de dous mil dez
2. Logo da solicitude do concello, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e do concello, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

En proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e a data indicados no encabezamento.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do de dous mil dez.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA
CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE

Salvador Fernández Moreda

36.-CONVENIO COA ASOCIACIÓN UNIÓN DE SOCIEDADES GALEGAS DE MONTEVIDEO-URUGUAI PARA O COFINANCIAMENTO DO EQUIPAMENTO DUNHA AULA DE INFORMÁTICA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Unión de Sociedades Galegas de Montevideo (Uruguai) para o financiamento do equipamento dunha aula de informática con efectos dende a súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2011, cunha achega provincial de 21.712,08 euros (80% de financiamento) e que se aboará de conformidade co disposto na cláusulas 3ª e 6ª do convenio con cargo á aplicación 0103/232C/781.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIÓN DE SOCIEDADES GALEGAS, DE MONTEVIDEO (URUGUAI) PARA O FINANCIAMENTO DO EQUIPAMENTO DUNHA AULA DE INFORMÁTICA

Na cidade de , o de de dous mil dez

□REUNIDOS

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervéñ neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Eduardo Alonso González, que intervéñ neste acto en nome e representación da Unión de Sociedades Galegas, cuxo domicilio social está na Rúa Francisco Gómez, 965, Montevideo (Uruguai), actuando como presidente e conforme coas competencias que ten atribuídas de acordo cos seus estatutos.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A Deputación da Coruña é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, entre cuxas competencias está a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

A Unión de Sociedades Galegas (en adiante a beneficiaria) é unha asociación civil sen fins de lucro, que nace no ano 1984, co obxecto de propiciar a integración e coordinación das asociacións civís que representan ás colectividades galegas na República Oriental do Uruguai. Actualmente agrupa a 12 organizacións deste tipo.

Ademais das actividades culturais e sociais que promove en pro da tradición e cultura galegas, desenvolve outras de carácter educativo e formativo, tales como cursos de informática, dirixidos principalmente a mocidade descendentes de galegos, que se levan a cabo no seu “Centro de estudos de informática Galicia”.

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias se encontran afastados da súa terra.

A problemática situación económica e social pola que están atravesando a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns e cidadás galegos/as estean vivindo unha difícil situación de precariedade económica e asistencial.

Con tal motivo, a Deputación Provincial da Coruña, en sesión ordinaria do Pleno Corporativo do día, aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da Unión de Sociedades Galegas (Uruguai) por importe de 21.712,08 euros, coa finalidade de colaborar coa citada entidade no financiamento do equipamento dunha aula de informática, nos termos que se establezan no oportuno convenio administrativo que se aprobe en execución do citado acordo.

Como é finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidade de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están máis necesitados, e estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior, acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, suxeito ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto da subvención nominativa é colaborar no financiamento do acondicionamento dunha aula e do equipamento informático (hardware e software), incluído o mobiliario necesario, co obxecto da realización de cursos de informática dirixidos á colectividade galega en Uruguai, principalmente á mocidade.

SEGUNDA: ORZAMENTO

O orzamento dos gastos aludidos no apartado anterior ascende a 27.140,10 €, segundo o detalle que se incorpora como anexo.

TERCEIRA. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento dos citados investimentos cunha achega máxima de 21.712,08 € (VINTE E UN SETECENTOS DOCE EUROS E OITO CÉNTIMOS), sobre un orzamento de 27.140,10 €, o que equivale a un coeficiente de financiamento do 80 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232C/781, do orzamento xeral para 2010, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente, sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado. En caso de que pola concorrencia doutras axudas ou subvencións se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

CUARTA. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

A entidade beneficiaria comprométese a dar difusión e deixar constancia do financiamento provincial. Para estes efectos, e sen prexuízo doutros medios de difusión, na aula de informática obxecto dos investimentos instalarase un cartel alusivo ao financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

QUINTA. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á Unión de Sociedades Galegas o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe da adquisición supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación poderá fraccionarse ata en dous prazos e materializarse mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola beneficiaria, despois da presentación previa da seguinte conta xustificativa dos gastos e na porcentaxe de financiamento establecida (80 %), sen que en ningún caso os pagamentos totais poidan exceder do importe máximo da axuda concedida (21.712,08 €):

A. Informe Xeral (parcial ou final) suscrito polo representante da Unión de Sociedades Galegas, relativo aos investimentos realizados, aludindo ao cumprimento dos obxectivos da subvención.

B. Acta de recepción dos equipamentos e compromiso de destinalos á finalidade prevista durante polo menos cinco anos máis.

B. Relación clasificada dos gastos realizados, relacionados coa execución do obxecto do convenio.

C. Facturas, recibos, nóminas e demais documentos de valor probatorio equivalente, acreditativos dos gastos.

D. Acreditación da aprobación da factura/s presentada polo órgano competente da entidade beneficiaria.

E. Declaración doutras axudas recibidas co mesmo obxecto.

2. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII, salvo que, por non ter actividades en España, no sexa preciso tal acreditación.

3. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria ou as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

4. Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no citado departamento.

SÉTIMA. PRAZO DE REALIZACIÓN DOS GASTOS E DA SÚA XUSTIFICACIÓN

1. As adquisicións obxecto de financiamento provincial deberán estar realizadas antes do 30.11.2011, prazo no que a beneficiaria deberá presentar a xustificación final.
2. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención, sen prexuízo das responsabilidades correspondentes. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa lexislación aplicable.
3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. Se transcorreran máis de catro meses dende a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se percibira o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga o pagamento.

OITAVA. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.
2. A acreditación do cumprimento das citadas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinaraa esta de oficio.

NOVENA. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

DÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

UNDÉCIMA. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 54^a das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

DUODÉCIMA. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e estará vixente ata o día 31 de decembro de 2011.

2. Por solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos cun mes de antelación á citada data, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos e preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas partes, por causa debidamente xustificada e despois dos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

DÉCIMO CUARTA. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos Provincial.

3. Correspóndelle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo da Deputación Provincial da Coruña, en sesión do de de 2010

En proba de conformidade, asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación da Coruña

O presidente da Unión de Sociedades Galegas

Asdo: D. Salvador Fernández Moreda

Asdo: D. Eduardo Alonso González

ANEXO

CONCEPTO	PREZO/UNIDADE	UNIDADES	TOTAL (USD)
Equipo procesador	626,00	15	9.390,00
Software	328,00	15	4.920,00
Scanner	98,00	1	98,00
Software deseño	330,00	15	4.950,00
Software deseño	383,00	15	5.745,00
Software deseño	180,80	15	2.712,00
Escritorios	183,00	15	2.745,00
Cadeiras	42,00	15	630,00
Pintura xeral	853,00	1	853,00
Divisións verticais	1.950,00	1	1.950,00
Moqueta	852,00	1	852,00
Cables	1.890,00	1	1.890,00
TOTAL (USD)			36.735,00

TOTAL EN EUROS (1 € = 1,35 USD) 27.140,10

37.-CONVENIO COA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA DO POBO SAHARAUÍ, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO VACACIÓNS EN PAZ 2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Solidariedade Galega do Pobo Saharauí para colaborar no financiamento do proxecto Vacacións en Paz 2010 con efectos dende a súa sinatura e con efectos para o desenvolvemento do proxecto “Vacacións en Paz 2010” que se executará de xullo a setembro de 2010 e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2010, cunha achega provincial de 20.000 euros (28,98% de financiamento) e que se aboará de conformidade co disposto na cláusulas 3ª e 6ª do convenio con cargo á aplicación 0103/232B/481.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A “ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ”, PARA COLABORAR NO FINANCIAMENTO DO PROXECTO “VACACIÓNS EN PAZ 2010”

Na Coruña, o de de 2010

REUNIDOS

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, que intervéñ neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, como presidente e conforme as competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Bernardo Porto Sánchez, con DNI 35.546.445-Z, en representación da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, Cif G-15924558, con domicilio social en Avda. do Alcalde Gregorio Espino, 32 – Entreplanta C, Vigo (Pontevedra), como presidente da citada Asociación.

Ambos os comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

Primeiro. A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí é unha asociación sen ánimo de lucro, constituída no ano 2004, ao abeiro da Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Entre os seus fins figura, entre outros, proporcionar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharauí e, en xeral, a promoción dos vínculos da sociedade galega co pobo e a cultura saharauí.

Segundo. O programa “Vacacións en Paz”, que nas edicións correspondentes a 2008 e 2009 contou co apoio financeiro da Deputación Provincial da Coruña, vén desenvolvendo desde hai xa algúns anos, coa colaboración de diversas entidades públicas (concellos, deputacións, etc.) e privadas, en todo o territorio español. Na súa virtude, e desde hai varios anos, miles de nenos/as saharauís abandonan temporalmente as duras condicións de vida dos seus lugares de orixe, para pasar o período de vacacións escolares nun ambiente distinto, acollidos por familias españolas.

Terceiro. O proxecto está a cargo da "Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí", que o executa en colaboración coa Delegación Saharauí para Galicia e as familias e concellos de acollida.

Cuarto. O Plan Director da Cooperación Española 2009-2012 prevé entre as prioridades xeográficas da cooperación española a axuda ao pobo saharauí. Por outra banda, o proxecto está en sintonía coas prioridades transversais e sectoriais do Plan director da cooperación galega 2010-2013, na medida que reforza o dereito ao desenvolvemento e contribúe á sensibilización e á educación para o desenvolvemento.

Quinto. Tanto a normativa estatal, contida esencialmente na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, como a galega, Lei 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento, contemplan ás entidades locais, entre outras institucións, como principais actores nesta materia, razón pola cal a Deputación da Coruña, ambas as partes acordan a celebración do presente convenio, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO DO CONVENIO

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, para financiar o proxecto de cooperación internacional ao desenvolvemento “Vacacións en Paz 2010”, consistente no traslado de 100 nenos/as saharauís desde os campamentos de refuxiados de Tinduf-Alxeria, ata a entrega ás familias de acollida nos concellos da provincia da Coruña que participan no programa, e o seu regreso aos lugares de orixe.

II. ORZAMENTO DE EXECUCIÓN

O orzamento total da execución do proxecto, que afecta a 100 nenos/as, ascende a 69.000 euros, o que representa un custo por neno/a de 690 euros, e no que se inclúen os seguintes conceptos:

- Billete de ida e volta de cada neno/a
- Póliza de seguro de responsabilidade civil
- Gastos e billetes de acompañantes e de manutención
- Gastos de xestión do programa

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento do proxecto cunha subvención máxima de VINTE MIL EUROS (20.000), o cal representa un coeficiente de financiamento do 28,98 %.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula II, a Deputación só aboará o importe que represente o 28,98 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa cobranza.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado. No caso de que a concorrencia doutras axudas ou subvencións, se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. As actividades estarán a cargo de Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, en colaboración coa Delegación Saharauí para Galicia e os concellos e familias de acollida.

2. En virtude do citado convenio, correspóndelle á Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí a realización das actuacións necesarias para o control, autorizacións preceptivas para o desprazamento dos menores, seguimento, verificación e acreditación documental da súa execución.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

A entidade beneficiaria comprométese a dar difusión ao financiamento provincial e a deixar constancia diso.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A subvención provincial poderá fraccionarse nun máximo de dous pagamentos, que se materializarán mediante transferencias bancarias á conta facilitada pola Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, despois da presentación da correspondente conta xustificativa de gastos, integrada pola documentación que se indica a seguir, e na porcentaxe de financiamento establecido (28,98 %), sen que en ningún caso os pagamentos totais poidan exceder do importe máximo da axuda concedida (20.000 €):

- Memoria de actuación (final ou parcial), subscrita polo representante da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- Relación nominal dos nenos/as participantes no programa, así como dos seus acompañantes, indicando o concello de acollida.

- Acreditación documental das autorizacións preceptivas para o traslado dos menores e a súa estancia en Galicia.

- Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula II. Con esta relación acompañaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias cotexadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para a cobranza dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente

- Declaración doutras axudas recibidas co mesmo obxecto

- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula V, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades, ou se non xustificou dentro do prazo previsto.

3. Para a recepción dos fondos anticipados a beneficiaria deberá ter unha conta bancaria co título "Fondos para atender o proxecto Vacacións a Paz 2010", con cargo á cal deberán efectuarse todas as cobranzas e pagamentos que correspondan á realización do proxecto subvencionado. Un extracto da conta deberá remitirse á Deputación xunto coa xustificación documental correspondente.

4. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII.

5. Os pagamentos que se realicen haberán de ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no devandito departamento.

VII. PRAZO DE FINALIZACIÓN DAS OBRAS E DA SÚA XUSTIFICACIÓN

1. O proxecto obxecto de financiamento provincial terá que executarse antes do 30.09.2010, e unha vez finalizado, e sen prexuízo das xustificacións parciais que se puideron realizar, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación final antes do 30.11.2010.

2. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que o presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e sen prexuízo das responsabilidades a que dea lugar. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa lexislación aplicable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. Se transcorresen máis de catro meses desde a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se percibira o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo do xuro legal, que se perciban desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento en que se faga o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das devanditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinaraa esta de oficio.

IX. DESTINO E MANEXO DE FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobranzas e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se perciban desde o día en que se realizou o pagamento ata o momento en que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 54ª das de execución do orzamento da deputación vixente.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da deputación vixente, o atraso na realización das obras comportará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada, co límite de 75,00 €, se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20%, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura, e con efectos para o desenvolvemento do proxecto “Vacacións en Paz 2010”, que se executa de xullo a setembro de 2010, e conservará a súa vixencia ata o día 31.12.2010.
2. Despois da solicitude da entidade beneficiaria, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as partes, por causa debidamente xustificada e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDIÇÃO COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da Xurisdición do Contencioso-Administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí,
Pola Deputación da Coruña,

38.-CONVENIO COA ASOCIACIÓN UNIDOS POR POTOSÍ, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO HOGAR SANTIAGO APÓSTOLO DE GALICIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ONG “UNIDOS POR POTOSÍ” para o cofinanciamento dun proxecto de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento en Bolivia con efectos dende a súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2011, cunha achega provincial de 20.000 euros (53,50% de financiamento) e que se aboará de conformidade co disposto na cláusulas 3ª e 6ª do convenio con cargo á aplicación 0103/232B/781.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONG “UNIDOS POR POTOSÍ” PARA O COFINANCIAMENTO DUN PROXECTO DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO EN BOLIVIA

Na Coruña, o de de dous mil dez

REUNIDOS

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervéen neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Jaime García Rodríguez, DNI núm. 33.026.083-S, que intervéen neste acto en nome e representación da Ong "Unidos por Potosí", CIF G-70187109, con sede social no Lugar de Baño-Serres, edificio Capitán Pardal, s/n, Portal 1 - planta baixa, 15259 Muros (A Coruña), como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A Ong “Unidos por Potosí” (a beneficiaria, en adiante) é unha organización non governamental constituída ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de

asociación, constituída en 2008 co obxecto de colaborar na construción e sostemento do fogar de nenos con discapacidade e enfermos terminais da Diocese de Potosí-Bolivia, denominado Fogar Santiago Apóstolo de Galicia, ademais de traballar na sensibilización da sociedade sobre os problemas de saúde e educativos nos países do sur, especialmente da Diocese citada.

A Deputación da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, disposta na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Pola citada razón, en sesión ordinaria do Pleno corporativo de, a Deputación da Coruña aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da entidade Ong “Unidos por Potosí”, por importe de 20.000,00 euros para o cofinanciamento do teito do edificio do Fogar Santiago Apóstolo de Galicia, que promove a través da Diocese de Potosí, en Bolivia.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O proxecto que presenta a beneficiaria consiste na construción do “Fogar Santiago Apóstolo de Galicia”, que promove en Potosí – Bolivia, co obxecto de dar acollida a nenos e nenas con discapacidade e enfermos terminais do país, e o obxecto do presente convenio concrétese no cofinanciamento do teito do citado edificio, que comprende tanto a estrutura metálica como a cuberta.

Da execución do proxecto beneficiaranse directamente 50 nenos e nenas con discapacidade ou enfermos terminais das comunidades rurais das provincias afectadas, e indirectamente as súas familias.

SEGUNDA: ORZAMENTO

O orzamento de execución ascende a 49.955,90 USD, co detalle que figura no anexo, que se resume nas seguintes partidas, cuxo contravalor en euros é de **37.378,50 €**:

Estructura metálica (cimbras)	26.578,00
Cuberta con placa ondulada	10.053,50
Pintura para placa ondulada	<u>747,00</u>
TOTAL	37.378,50

TERCEIRA. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 20.000,00 euros, o que equivale a un coeficiente de financiamento do 53,50 % do orzamento estimado de gastos.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 53,50 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.

3. O acordo de concesión desta subvención nominativa foi aprobado en sesión plenaria do, e o importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/781, sobre o que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado. En caso de que pola concorrencia doutras axudas ou subvencións se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

CUARTA. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

A entidade beneficiaria comprométese a dar difusión e deixar constancia do financiamento provincial.

QUINTA. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. A intervención da beneficiaria farase en colaboración coa súa contraparte local, o Bispado da Diocese de Potosí, a través da congregación relixiosa “Hermanas del Huerto”, que está presente en Potosí dende o 2001, traballando no eido da saúde e, polo tanto, con experiencia acreditada na execución de proxectos desta natureza.

2. En virtude deste convenio, correspóndelle á Ong Unidos por Potosí a realización das actuacións necesarias para asegurar o control, seguimento e verificación da execución do proxecto, a acreditación documental perante a Deputación da Coruña da súa execución, así como a transferencia á contraparte local das achegas económicas correspondentes.

3. A beneficiaria comprométese, de conformidade co disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo á contratación dos servizos de asistencia previstos, se o seu importe supera 12.000 euros, ou do custo por execución de obra, se excede de 30.000 euros, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, elixindo de entre as recibidas a que resulte máis axeitada conforme a criterios de eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando esta non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación poderá fraccionarse en dous prazos. O primeiro, por importe do 50% da achega concedida, poderá aboarse co carácter de anticipo de fondos, despois da sinatura do presente convenio, e para a súa percepción a entidade beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:

a) Solicitud de aboamento

b) Acordo coa súa contraparte local “Diocese de Potosí-Bolivia”, autorizando a execución do proxecto e aceptando a intervención da beneficiaria como promotor e financiador.

c) Xustificar a apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender ao proxecto Fogar Santiago Apóstolo de Galicia”, con cargo á que se farán os cobros e pagamentos que correspondan á realización do proxecto subvencionado. Un extracto da conta deberá remitirse á Deputación xunto coa xustificación documental correspondente.

2. Antes da finalización do prazo establecido na cláusula VII, a beneficiaria deberá presentar a conta xustificativa comprensiva da seguinte documentación:

a) Memoria final da execución do proxecto, que aluda, entre outros extremos, ás actividades realizadas e aos obxectivos acadados.

b) Acta de recepción das obras realizadas e compromiso de destinar as instalacións á finalidade para a que foron concibidas durante polo menos dez anos máis.

c) Relación clasificada dos gastos realizados e acreditación da aprobación pola beneficiaria das facturas e demais pezas xustificativas que se acheguen.

d) Facturas e outras pezas xustificativas dos gastos realizados.

e) Ampla reportaxe fotográfica das obras realizadas.

f) Declaración das axudas recibidas para a execución do proxecto.

3. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII.

4. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria e as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

7. Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no citado departamento.

SÉTIMA. PRAZO DE FINALIZACIÓN DAS OBRAS E DA SÚA XUSTIFICACIÓN

1. As obras obxecto de cofinanciamento provincial deberán estar finalizadas e xustificadas un mes antes, polo menos, da finalización do período de vixencia establecido na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional ocasionará a perda da subvención, sen prexuízo das responsabilidades correspondentes. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa lexislación aplicable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. Se transcorreran máis de catro meses dende a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se percibira o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga o pagamento.

OITAVA. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.

2. A acreditación do cumprimento das citadas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinaraa esta de oficio.

NOVENA. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos

en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

DÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

UNDÉCIMA. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá ocasionar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades motivará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €.

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

DUODÉCIMA. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade

prevista no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e estará vixente ata o día 31 de decembro de 2011.

2. Por solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos cun mes de antelación á citada data, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos e preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas partes, por causa debidamente xustificada e despois dos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

DÉCIMO CUARTA. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos Provincial.

3. Correspóndelles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo na sesión do de de 2010

En proba de conformidade, asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación da Coruña

En representación da Ong "Unidos por Potosí"

Asdo: D. Salvador Fernández Moreda

Asdo: D. Jaime García Rodríguez

ANEXO

PROXECTO : CONSTRUCCIÓN FOGAR SANTIAGO APÓSTOLO –GALICIA

ORZAMENTO PARA TEITO

1. Orzamento estrutura metálica - Cimbras

Nº	DESCRICIÓN	CANTIDADE	UNIDADE	COSTO UNITARIO \$us	COSTO TOTAL \$us
1	Costaneira 80*40	900	barra	38,00	34200,00
2	Eléctrodos	3	caixa	83,00	249,00
3	Pintura anticorrosiva	12	balde (18lt)	83,00	996,00
4	Brochas	6	pza	2,50	15,00
5	Disco de Corte 9"	15		3,20	48,00
6	Serra mecánica	10		1,40	14,00
TOTAL =					35522,00

2. Orzamento cuberta placa ondulada *Duralit*

Material considerado para 1700 m2 de cuberta con placa ondulada máis os seus accesorios

Nº	DESCRICIÓN	CANTIDADE	UNIDADE	COSTO UNITARIO \$us	COSTO TOTAL \$us
1	Placa ondulada de 2.44*1.08m	625	PZA	15,00	9375,00
2	Placa ondulada de 1.22*1.08m	211		6,50	1371,50
3	Cumieira articulada superior P-7	114		4,75	541,50
4	Cumieira articulada inferior P-7	114		4,75	541,50
5	Cumieira articulada plana superior	43		3,50	150,50
6	Cumieira articulada plana inferior	43		3,50	150,50
7	Placa translúcida ond. 2.44*1,08m	20		32,00	640,00
8	Gancho J de 120 mm*1/2	1900		0,35	665,00
TOTAL =					13435,50

3. Orzamento para protección de cuberta

Para acabados de teito:

Nº	DESCRICIÓN	CANTIDADE	UNIDADE	COSTO UNITARIO \$us	COSTO TOTAL \$us
1	Pintura para placa ondulada <i>Duralit</i>	12	Balde(18lt)	83,20	998,40

ORZAMENTO TOTAL =	USD 49955,90
--------------------------	---------------------

CONTRAVALOR EN EUROS: 37.378,50 €

39.-CONVENIO COA ONG FARMAMUNDI, PARA O COFINANCIAMENTO DUN PROXECTO DE ATENCIÓN PRIMARIA Á SAÚDE E DE ACCESO SOSTIBLE A MEDICAMENTOS NATURAIS, EN GUATEMALA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o texto de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ONG “Farmacéuticos Mundi” para o cofinanciamento dun proxecto de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento en Guatemala con efectos dende a súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2011, cunha achega provincial de 30.000 euros (18,26% de financiamento) e que se aboará de conformidade co disposto na cláusulas 3ª e 6ª do convenio con cargo á aplicación 0103/232B/481.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONG “FARMACÉUTICOS MUNDI” PARA O COFINANCIAMENTO DUN PROXECTO DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO DESENVOLVEMENTO EN GUATEMALA

Na Coruña, o de de dous mil dez

□REUNIDOS

Dunha parte D. Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando como presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Xosé María Torres Bouza, DNI núm. 32.625.422, que intervén neste acto en nome e representación da Ong "Farmacéuticos Mundi", CIF G46973715, cuxa delegación territorial para Galicia ten sede na Costa da Palloza, Edificio Torresmeralda, da Coruña, como delegado e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

A Ong “Farmacéuticos Mundi” (a beneficiaria o Farmamundi, en adiante) é unha organización non governamental constituída no 1993, ao amparo da Lei de asociacións 191/1964, hoxe substituída pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, co obxecto de intervir na cooperación ao desenvolvemento, especialmente no eido da salvagarda da saúde humana, a través da colaboración farmacéutica e outros medios axeitados. A organización foi declarada de utilidade pública, por Orde do Ministerio do Interior do 24.04.2001, e está inscrita no Rexistro Galego de Organizacións non Governamentais de Axuda ao Desenvolvemento co código SXP 96/9-Ongd 40.

A Deputación da Coruña participa neste proxecto no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao

desenvolvemento, prevista na Lei 23/1998, de cooperación internacional ao desenvolvemento, e na Lei (galega) 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento.

Pola citada razón, en sesión ordinaria do Pleno corporativo de, a Deputación da Coruña aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da entidade Ong “Farmamundi”, por importe de 30.000,00 euros para o cofinanciamento da mellora da atención primaria da saúde e do acceso sostible a medicamentos naturais en 11 departamentos de Guatemala, mediante o fortalecemento do proceso de produción industrial do Laboratorio Medín-Maya.

Na súa virtude, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O proxecto que presenta a beneficiaria consiste na mellora da atención primaria da saúde e do acceso sostible a medicamentos naturais en 11 departamentos de Guatemala, mediante o fortalecemento do proceso de produción industrial do Laboratorio Medín-Maya.

O universo de beneficiarios é de 151.467 persoas con escasos recursos, maioritariamente indíxenas, das que 27.226 serán beneficiarios directos da xestión do proxecto.

A intervención da beneficiaria farase en colaboración coa súa contraparte local, a Asociación de Servizos Comunitarios de Saúde (ASECSA), entidade non governamental sen ánimo de lucro e de interese social, constituída no ano 1979, ao amparo da normativa de asociacións desta natureza guatemaltecas, que agrupa e coordina a unha rede de máis de 100 Programas comunitarios de saúde (integrados por centros de saúde, clínicas, etc.), que supón unha contribución fundamental na cobertura, extensión e mellora da calidade do servizo de saúde dentro do país.

Para a consecución dos seus obxectivos ASECSA contempla, entre outras vías, o rescate e valoración dos coñecementos da medicina tradicional, a investigación e recolección científica da información sobre plantas medicinais con poder curativo, a capacitación nos seus principios, a produción, uso e comercialización e as súas formas naturais de produción, a través dun laboratorio especializado, o Laboratorio Medín Maya.

Farmamundi participa no proceso dándolle seguimento dende o terreo e apoiando e acompañando á súa contraparte local nas cuestións operativas e aspectos técnicos que lle formule.

SEGUNDA: ORZAMENTO

O orzamento de gastos directos suma **164.259,07 €**, que se resume nas seguintes partidas:

Infraestruturas	4.028,34
Equipos	34.615,38
Subministracións	32.963,85
Persoal local	43.384,62
Persoal expatriado	12.600,00
Viaxes e estancias	20.983,08
Funcionamento	13.026,92
Avaliación e auditoría final	<u>2.656,88</u>
TOTAL	164.259,07

TERCEIRA. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 30.000,00 euros, o que equivale a un coeficiente de financiamento do 18,26 % do orzamento estimado de gastos.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 18,26 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.
3. O acordo de concesión desta subvención nominativa foi aprobado en sesión plenaria do, e o importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0103/232B/481, sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado. En caso de que pola concorrencia doutras axudas ou subvencións se supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial.

CUARTA. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

A entidade beneficiaria comprométese a dar difusión e deixar constancia do financiamento provincial no desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio.

QUINTA. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. A intervención da beneficiaria farase en colaboración coa súa contraparte local, a Asociación de Servizos Comunitarios de Saúde (ASECSA).
2. En virtude deste convenio, correspóndelle á Ong Farmamundi a realización das actuacións necesarias para asegurar o control, seguimento e verificación da execución do proxecto, a acreditación documental perante a Deputación da Coruña da súa execución, así como a transferencia á contraparte local das achegas económicas correspondentes.
3. A beneficiaria comprométese, de conformidade co disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo á contratación dos servizos de asistencia previstos, se o seu importe supera 12.000 euros, ou do custo por execución de obra, se excede de 30.000 euros, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, elixindo de entre as recibidas a que resulte máis axeitada conforme a criterios de eficiencia e economía, e debendo xustificarse a elección cando esta non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación poderá fraccionarse en dous prazos. O primeiro, por importe do 50% da achega concedida, poderá aboarse co carácter de anticipo de fondos, despois da sinatura do presente convenio, e para a súa percepción a entidade beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:
 - a) Solicitude de aboamento
 - b) Acordo coa súa contraparte local “ASECSA”, no que autorice a execución do proxecto e aceptando a intervención da beneficiaria como promotor e financiador.

c) Xustificar a apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender ao proxecto de atención primaria á saúde en Guatemala”, con cargo á que se farán os cobros e pagamentos que correspondan á realización do proxecto subvencionado. Un extracto da conta deberá remitirse á Deputación xunto coa xustificación documental correspondente.

2. Antes da finalización do prazo establecido na cláusula VII, a beneficiaria deberá presentar a conta xustificativa comprensiva da seguinte documentación:

a) Memoria final da execución do proxecto, que aluda, entre outros extremos, ás actividades realizadas e aos obxectivos acadados.

b) Relación clasificada dos gastos realizados e acreditación da aprobación pola beneficiaria das facturas e demais pezas xustificativas que se acheguen..

c) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente

d) Reportaxe fotográfica das actividades realizadas.

e) Declaración das axudas recibidas para a execución do proxecto.

3. Sen prexuízo da citada documentación xustificativa, e unha vez rematado o programa no que se incardina o presente proxecto, Farmamundi deberá presentar unha copia da avaliación externa realizada.

4. Con carácter previo aos pagamentos que se realicen, a entidade beneficiaria deberá acreditar que está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, conforme se establece na cláusula VIII.

5. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta as datas de remisión da documentación xustificativa remitida pola beneficiaria e as de realización dos gastos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

6. Os pagamentos que se realicen terán que ser informados polo Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e polo Servizo de Fiscalización, e deles darase traslado ao Servizo de Patrimonio e Contratación para coñecemento e constancia no citado departamento.

SÉTIMA. PRAZO DE FINALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E DA SÚA XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de cofinanciamento provincial deberán estar finalizadas e xustificadas un mes antes, polo menos, da finalización do período de vixencia establecido na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70,3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este último prazo sen que se reciba xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención, sen prexuízo das responsabilidades correspondentes. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que poida corresponder, conforme coa lexislación aplicable.

3. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira que a beneficiaria indique. Se transcorreran máis de catro meses dende a presentación da correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que se percibira o importe correspondente, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga o pagamento.

OITAVA. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS

1. Con carácter previo á sinatura do presente convenio, e igualmente con carácter previo á realización dos pagamentos que procedan, a entidade beneficiaria deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Deputación Provincial da Coruña, así como coa Seguridade Social, salvo que, por non ter actividades en España, non sexa preciso tal acreditación.
2. A acreditación do cumprimento das citadas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña a dita información telematicamente. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación da Coruña determinaraa esta de oficio.

NOVENA. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir o control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencias bancarias, tarxetas de débito ou crédito, cheques nominativos ou calquera outro medio que permita deixar constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente poderán realizarse pagamentos en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais poidan impoñer, a entidade beneficiaria deberá contar, polo menos, cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

DÉCIMA. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.
2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

UNDÉCIMA. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de custo que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro

iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións previstas nas normas citadas na base 54ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades ocasionará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

DUODÉCIMA. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 de la Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura e estará vixente ata o día 31 de decembro de 2011.

2. Por solicitude da entidade beneficiaria, realizada polo menos cun mes de antelación á citada data, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas partes, tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e despois dos informes previos e preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas partes, por causa debidamente xustificada e despois dos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

DÉCIMO CUARTA. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderanlle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención de Fondos Provincial.

3. Correspóndelles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo do de de 2010

En proba de conformidade, asinan o presente convenio en exemplar cuaduplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento

O presidente da Deputación da Coruña

En representación da Ong "Farmacéuticos Mundi"

Asdo: D. Salvador Fernández Moreda

Asdo: D. Xosé María Torres Bouza

40.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS POLO CONCELLO DE CAMBRE.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria durante dez anos máis a partir do 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Cambre.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

41.-DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA DO EXERCICIO 2009.

Dáse conta ao Pleno da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, do exercicio 2009.

42.-DAR CONTA DO INFORME DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DA LIQUIDACIÓN CONSOLIDADA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria na Unidade institucional “Deputación provincial da Coruña” cos datos obtidos das liquidacións dos presupostos e dos estados financeiros do exercicio 2009, para dar cumprimento ó disposto no artigo 16.2 do Regulamento de desenvolvemento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.

O devandito informe pon de manifesto os seguintes resultados:

CAPACIDADE OU NECESIDADE DE FINANCIAMENTO TOTAL POR AXENTES				
AXENTES	DEPUTACION	CONSORCIO	FAEPAC	(*)TOTAIS CONSOLIDADOS
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS				
INGRESOS NON FINANCEIROS	195.303.092,86	8.717.272,86	312.902,85	200.487.872,68
GASTOS NON FINANCEIROS	197.718.931,21	7.458.746,22	259.084,62	201.591.366,16
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO	-2.415.838,35	1.258.526,64	53.818,23	-1.103.493,48
OPERACIÓNS FINANCEIRAS				
INGRESOS FINANCEIROS	9.033.910,13	0	0	9.033.910,13
GASTOS FINANCEIROS	12.509.943,02	0	0	12.509.943,02
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO	-3.476.032,89	0	0	-3.476.032,89
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO TOTAL	-5.891.871,24	1.258.526,64	53.818,23	-4.579.526,37

(*) Dedúcense 3.845.395,89 € por Transf. correntes: ao consorcio 3.735.395,89 € e á fundación 110.000 €.

(*) Minórase o importe total en 3.735.395,89 € achega provincial do exercicio 2009 ao consorcio.

(*) Minórase o importe total en 110.000,00 € achega provincial do exercicio 2009 á fundación

A necesidade de financiamento expresada implica que resulte de aplicación o disposto no artigo 22 do Texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria e nos artigos 19 ao 23 do Regulamento de desenvolvemento da lei xeral de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais.

A Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional da Administración Local adoptou o 7 de abril de 2010 un acordo en relación coa aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria ás liquidacións dos presupostos das entidades locais correspondentes ao exercicio 2009, en desenvolvemento e aplicación do Acordo do Consello de Ministros adoptado ao respecto na sesión que tivo lugar o 26 de marzo do 2010. Este acordo resúmese en

establecer o 5,17% dos ingresos non financeiros consolidados como límite ao déficit das entidades locais dentro do que estas non terán que preparar, aprobar ou someter a aprobación plans económico-financeiros para acadar o equilibrio orzamentario como consecuencia da liquidación dos seus presupostos xerais do exercicio 2009.

O importe total dos ingresos non financeiros da Deputación provincial do exercicio 2009, calculados en termos de estabilidade orzamentaria, ascendeu a 195.303.092,86€. O 5,17% destes ingresos non financeiros representa 10.097.169,90€ e constitúe, polo tanto, o límite do déficit en termos de estabilidade orzamentaria que non require preparar, aprobar ou someter a aprobación plans económico-financeiros para acadar o equilibrio orzamentario como consecuencia da liquidación do seu presuposto xeral do exercicio 2009.

Como se indicou, a necesidade de financiamento da Deputación provincial no exercicio 2009, en termos de estabilidade orzamentaria ascendeu a 5.891.871,24€ e, en consecuencia, non é legalmente imperativo preparar, aprobar ou someter á aprobación do Pleno un Plan económico-financeiro para acadar o equilibrio orzamentario.”

43.-PROPOSTAS DE ACTUACIÓN PROVINCIAL PARA ASUMIR A XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA MUNICIPAL POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL A FAVOR DAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE INTERESE XERAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Asumir pola delegación dos concellos a xestión, inspección e recadación en período voluntario e executivo das taxas pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais do solo, subsolo e voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante dos veciños do termo municipal, coa inclusión do suposto especial da telefonía móbil.

2.- Esta asunción de competencias produciríase seguindo o procedemento de delegación previsto nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia, unha vez adoptados e publicados os acordos de delegación por parte dos concellos e os acordos de aceptación da delegación pola deputación.

3.- Adoptar as medidas necesarias, previos os trámites oportunos, para a posta en marcha do dito servizo e, especialmente, a modificación das bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e a modificación da Ordenanza fiscal número 5 da deputación que regula a taxa pola prestación dos servizos tributarios aos ditos concellos, coa fin de posibilitar que a deputación se poida facer cargo da xestión referida.”

44.-MODIFICACIÓN DA BASE NÚM. 49ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EXERCICIO 2010.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Modificación da Base 49ª de execución do Orzamento provincial.

1º.- Modificar as subvencións nominativas, que deseguido se indican, recollidas na Base 49ª.5 do Orzamento provincial do exercicio 2010, para a súa inclusión no apartado 4 desta base, por tratarse de entidades nas que está integrada ou ten representación esta deputación e polo tanto deben figurar no apartado destinado a transferencias correntes.

A aplicación orzamentaria de procedencia é a 0601/334A/481 e deberán imputarse á aplicación orzamentaria 0601/334A/480 e para a súa tramitación estarase o disposto no apartado 3 da Base 49ª das de execución do Orzamento do exercicio 2010:

<u>APLIC. ORZAMENTARIA.</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>OBXECTO</u>	<u>E</u>	<u>FINALIDADE</u>
<u>IMPORTE</u>				
0601/334A/480 100.000,00	Fundación Ortegalia	Actividades culturais	ano 2010	
0601/334A/480	Fundación Eugenio Granell	Actividades culturais	ano 2010	24.000,00
0601/334A/480	Fundación Camilo J. Cela	Actividades culturais	ano 2010	36.050,00
0601/334A/480	Fundación Rosalía Castro	Programa actividades	2010	30.050,00
0601/334A/480	Fundación Wenceslao F.Flórez	Actividades culturais	ano 2010	18.000,00

2º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formulan reclamacións, o acordo considerarase aprobado definitivamente. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

45.- CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS EDUCATIVOS E DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O ANO 2010

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar o texto do seguinte convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a *Asociación Socio-Pedagóxica Galega para o desenvolvemento de programas educativos e de normalización lingüística durante o ano 2010* cunha achega provincial de 55.000,00 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do

78,55%) imputándose á aplicación orzamentaria 0601/334A/481 do vixente orzamento xeral para 2010.

CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS EDUCATIVOS E DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O ANO 2010

A Coruña,

REUNIDOS

D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, asistido polo Secretario D. José Luís Almau Supervía.

D. Xoán Costa Casas, presidente da Asociación Socio-Pedagóxica Galega.

Actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñécense reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- De conformidade coa Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, que establece a colaboración das administracións públicas na protección e na defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia, e cos arts. 2º e 6º.3, da Lei 3/83, de normalización lingüística, a Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente á educación na cultura, e moi especialmente á promoción e fomento da utilización da nosa lingua.

Así mesmo, a Deputación apoia o fomento da lingua mediante distintas actuacións orientadas á consecución do obxectivo da súa normalización na nosa Comunidade.

2.- A Asociación Socio-Pedagóxica Galega é unha entidade de carácter cultural que ten por finalidade a promoción de toda clase de estudos sociais e pedagóxicos sobre a sociedade galega, incidindo no estudo dos métodos pedagóxicos existentes, buscando acadar os máis axeitados para aplicar no ensino en Galicia, na procura dunha cada vez maior dinamización da cultura e a lingua galegas.

3.- Como parte das actividades de fomento da lingua a Asociación Socio-Pedagóxica Galega desenvolve os seguintes proxectos:

Aprender para educar.-

Programa de formación dirixido ás familias, que se realiza nos concellos de Carballo, Culleredo e Sada, en catro fases:

* Recollida de información nas ANPAS.

- * Información e formación; nesta fase realizaranse conferencias con coloquio.
- * Formación de pais e nais como animadores e condutores de grupo, o que permitirá a formación de grupos de aprendizaxe.
- * Realización de oito obradoiros dirixidos ao alumnado.

Tíralle da lingua.-

Proxecto que ten como finalidade fundamental incentivar o uso oral do galego e, polo tanto, a súa normalización como medio de comunicación habitual entre a xente nova; o proxecto ten dúas fases:

- * Xornadas de expresión oral dirixidas ao profesorado de Primaria, ESO e Bacharelato de toda Galicia, que teñen lugar en Santiago, durante dous días.
- * Concurso de relato oral dirixido ao alumnado, con sesións de animación lingüística, contacontos ou teatro nos centros que pasan á fase final do concurso, que se celebra no Teatro Principal de Santiago.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega coinciden no seu común interese de realizar proxectos culturais orientados aos fins arriba sinalados e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega para o desenvolvemento dos *Programas educativos e de normalización lingüística durante o ano 2010* de acordo cos seguintes orzamentos:

Aprender para educar

* Planificación, coordinación, organización e xestión	7.500.-
* Relatores das charlas e obradoiros	14.000.-
* Servizo de gardería e actividades	1.500.-
* Deseño e maquetación da publicidade	2.200.-
* Impresión e envío da publicidade	5.100.-
* Material para asistentes	3.000.-
* Gastos do encontro final coas familias	1.300.-
* Publicidade nos medios	920.-
* Imprevistos	2.600.-

Subtotal

38.120.-

Tíralle da lingua.- Xornadas de expresión oral

* Elaboración do programa, xestión e organización	2.500.-
* Docencia	2.000.-
* Deseño e maquetación da publicidade	1.000.-
* Impresión de programas e carteis	1.500.-
* Envío da publicidade	1.000.-
* Axudas de custe: comidas e desprazamentos	600.-
* Imprevistos	1.200.-

Subtotal	9.800.-
Tíralle da lingua.- Concurso de relato oral	
* Organización e xestión	3.500.-
* Catro primeiros premios	1.200.-
* Catro segundos premios	600.-
* Premios aos centros	2.000.-
* Trinta sesións de contacontos nos centros	6.000.-
* Dinamización e presentación do concurso	1.900.-
* Maquetación, impresión e distribución publicidade	3.500.-
* Axudas de custe: comidas e desprazamentos	1.400.-
* Imprevistos	2.000.-
Subtotal	22.100.-
Total de gastos	70.020 €

Segunda.- A Deputación financiará as actividades sinaladas na cláusula anterior cunha achega de **55.000 €**.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **78,55 %** do total dos gastos e será compatible coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña, aboándose o **78,55 %** da cantidade realmente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do presuposto previsto na cláusula primeira, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobramento.

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/334A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Terceira.- Correspóndelle á Asociación Socio-Pedagóxica Galega a selección do profesorado e do persoal, as adquisicións de material, a organización e seguimento das actividades obxecto do convenio, así como o pagamento de tódolos gastos xurdidos da súa realización.

En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación da Coruña e as persoas encargadas da realización das actividades obxecto daquel.

Se algunha das prestacións supera o importe de 12.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega deberá solicitar cando menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía; no caso de que a elección non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente, deberá xustificarse expresamente nunha memoria.

Cuarta.- A Asociación Socio-Pedagóxica Galega comprométese a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que se conceden e a Deputación da Coruña poderá comprobar, cando o estime, a execución das actividades.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, os pagos deberán quedar acreditados documentalmentemente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios indicados.

Quinta.- A Asociación Socio-Pedagóxica Galega comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (impresa, informática e audiovisual) que xeren as súas actividades e na súa páxina web.

Sexta.- Para a percepción da subvención, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de comprobación, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega autoriza á Deputación para que solicite directamente as certificacións acreditativas desta situación.

Así mesmo, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Sétima.- A Deputación da Coruña aborará a súa achega, nun máximo de dous prazos, na proporción determinada pola porcentaxe de financiamento sinalada na cláusula segunda, previa presentación da seguinte documentación:

* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* Certificación dos ingresos producidos por matrículas, se os houber.

* Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do presuposto presentado na solicitude.

Con esta relación achegaranse as facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, antes de facer a fotocopia, e con carácter previo á súa compulsión, deberá estenderse unha dilixencia no orixinal na que se faga constar que o documento foi presentado como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña no ano 2010.

Para o cobro do último prazo presentarase, ademais, a seguinte documentación:

* Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos.

* Documentación que acredite o cumprimento da obrigación de dar publicidade á achega da Deputación, establecida na cláusula quinta.

O total do importe a aboar non excederá en ningún caso da cantidade sinalada na cláusula segunda.

O importe da achega da Deputación da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

Oitava.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará un ano despois da súa sinatura, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2010.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2011.

A presentación da documentación despois da finalización do prazo dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- * Ata un mes: 10 % da subvención, co límite de 75 €.
- * Entre un e tres meses: 20% da subvención, co límite de 400 €.
- * Máis de tres meses: 30% da subvención, co límite de 900 €.

Novena.- A Asociación Socio-Pedagóxica Galega queda sometida ao control financeiro de Deputación da Coruña, aos procedementos de fiscalización que leve a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

Décima.- En cumprimento do disposto no art. 20.1, da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Socio-Pedagóxica Galega serán remitidas á Intervención xeral do Estado, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

Asemade, en cumprimento do disposto no art. 16.3, da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin da súa inclusión no rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o establecido no art. 18, da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Socio-Pedagóxica Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios, que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación desta deputación.

Undécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ao presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio.

Para o non disposto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do Orzamento xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2010, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 30/2007, de contratos do sector público.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

2º.- Facultar ao presidente para a sinatura do convenio. ”

46.-CONVENIO PARA A EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS NO PROXECTO ECOINNOVACIÓN E SUSTENTABILIDADE NA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS (ECOINNOVA CONSTRUCCIÓN) NO MARCO DO PROGRAMA EMPLEAVERDE 2007-2013, SUBSCRITO ENTRE O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a participación da Deputación da Coruña como colaboradora no proxecto Ecoinnovación e sustentabilidade na construción de vivendas -Ecoinnova construción- dentro do programa Empleaverde da Fundación Biodiversidade pertencente ao *Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño*, cun orzamento estimado de gastos total de 292.440,00 euros a executar nas anualidades 2010 e 2011, que será realizado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a Deputación da Coruña.

2º.- Conceder unha achega para a cofinanciamento do proxecto por un importe total de 29.000,00 euros o que representa un 9,92% do orzamento total, con cargo á aplicación orzamentaria 0103/462B/481 do vixente orzamento provincial para o ano 2010 (15.000,00€) e 2011 (14.000,00€)

3º.- Aprobar o texto do convenio administrativo que se xunta como anexo ao presente acordo e facultar ao presidente da Corporación para a súa execución. ”

CONVENIO PARA A EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS NO PROXECTO ECOINNOVACIÓN E SUSTENTABILIDADE NA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDAS -ECOINNOVA CONSTRUCCIÓN- NO MARCO DO PROGRAMA EMPLEAVERDE 2007-2013, SUBSCRITO ENTRE O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

A Coruña, de de 2010

PREÁMBULO

No período de programación 2007-2013 dos Fondos Estruturais, a Fundación Biodiversidade (FB) participa na xestión do Fondo Social Europeo (FSE) en España, no marco do Programa operativo adaptabilidade e emprego.

Para a execución dos fondos que se lle asignan, a FB puxo en marcha o Programa Empleaverde ao amparo do cal se desenvolverán proxectos que permitan facer realidade os obxectivos do FSE, do Programa operativo adaptabilidade e emprego e da FB: promocionar e mellorar o emprego en xeral e o emprego no sector ambiental en particular; aumentar as competencias e a cualificación dos traballadores en temas ambientais e de sustentabilidade; fomentar a modernización de empresas e sectores de actividade; promover a creación de empresas no sector ambiental; adaptar as actividades económicas á normativa ambiental; e impulsar a sustentabilidade das actividades económicas.

A FB aprobou, no marco da sinatura de acordos de colaboración 2009-2010 do Programa Empleaverde, o proxecto Ecoinnovación e sustentabilidade na construción de vivendas -ECOINNOVA CONSTRUCIÓN-, presentado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en colaboración coa Deputación da Coruña.

Neste contexto, o presente acordo ten por obxecto concretar os dereitos e obrigas do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a Deputación da Coruña na execución e xustificación das accións do proxecto ECOINNOVACIÓN E SUSTENTABILIDADE NA CONSTRUCIÓN DE VIVENDAS -ECOINNOVA CONSTRUCIÓN.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Celestino García Braña, actuando en nome e representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, como decano presidente segundo o estipulado no artigo 38, apartado a) dos Estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, e de conformidade co resultado das eleccións estatutarias celebradas o 10 de novembro de 2005 segundo certificación emitida por D. Alfredo González Cascallana con data do 6 de xullo de 2009, como secretario da entidade.

E doutra, D. Salvador Fernández Moreda, como presidente da Deputación da Coruña e de conformidade co acordo da sesión constitutiva celebrada o día 18/07/2007.

Ambas as partes recoñécense mutua e respectivamente capacidade e lexitimación suficientes para subscribir este Convenio de colaboración, asegurando cada parte que os poderes con que respectivamente actúan non foron revogados nin limitados e que son bastantes para obrigar ás súas representadas en virtude deste acto e nesta representación.

EXPOÑEN

I. Que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia - COAG (en diante, o beneficiario), de acordo cos fins do FSE e do Programa operativo adaptabilidade e emprego, presentou á FB un proxecto para o desenvolvemento de actuacións no marco dos convenios de colaboración 2009 do Programa Empleaverde, para a execución do proxecto Ecoinnovación e sustentabilidade na construción de vivendas -ECOINNOVA CONSTRUCIÓN (en diante, Ecoinnova Construción), que foi aprobado pola FB.

II. Que o beneficiario executará o devandito proxecto e tendo unha colaboración coa Deputación da Coruña (en diante, o colaborador), cuxa participación implica a achega de financiamento e dá valor a este, xa sexa garantindo resultados positivos, reforzando o seu carácter innovador, facilitando o acceso aos destinatarios e/ou potenciando a divulgación das actuacións.

III. Que o beneficiario (COAG) e o colaborador (Deputación da Coruña) consideran de mutuo interese, coa fin do bo cumprimento das súas obrigas, establecer o presente acordo de

colaboración, que permitirá conseguir unha eficaz condución de esforzos, recursos, medios materiais e persoais no desenvolvemento das accións do proxecto da súa competencia.

Rexerase o presente acordo polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente acordo ten por obxecto o desenvolvemento do conxunto de accións que contempla ECOINNOVA CONSTRUCCIÓN, cuxas accións persegue incorporar a innovación ambiental á actividade da construción en Galicia, de forma que se converta nun referente en edificacións sustentables e líder na aplicación práctica de criterios de sustentabilidade na construción de vivendas, e regular a achega económica da Deputación ao COAG para o desenvolvemento do mencionado proxecto

Ditas accións forman parte da colaboración entre o beneficiario e o colaborador, que se traduciu na presentación da candidatura do proxecto ECOINNOVA CONSTRUCCIÓN ante a Fundación Biodiversidade, dentro do Programa operativo adaptabilidade e Emprego 2007-2013, que conta co cofinanciamento do Fondo Social Europeo (FSE), e teñen por finalidade mellorar a adaptabilidade dos traballadores, as empresas e os empresarios á problemática ambiental e fomentar a iniciativa empresarial no sector ambiental.

A Deputación da Coruña achegará un cofinanciamento do 9,92% do total do proxecto, o que supón un importe total de 29.000€ para o desenvolvemento das accións descritas nos documentos relacionados na cláusula DÉCIMA do presente acordo.

A Deputación da Coruña dará valor ao proxecto por diferentes medios:

- Reforzar a imaxe pública do proxecto, participando activamente en actos presenciais como son as xornadas, congreso ou entrega de premios, o que lles dará unha maior relevancia, reforzando o seu impacto.
- Potenciar a divulgación e publicidade das accións e actividades do proxecto, a través das súas amplas canles de información e publicidade que posúe (boletíns, web, publicidade nos seus centros de traballo e sedes, etc.) garantindo desta forma lograr a súa máxima.
- Facilitar o acceso aos destinatarios, complementando o labor do COAG, a través das relacións que esta entidade mantén con empresas construtoras que realizan servizos para esta Administración.
- Valorar a introdución dos resultados do proxecto no marco das políticas urbanísticas e de plan nas que ten competencia.

SEGUNDA.- DELIMITACIÓN DAS ACCIÓNS OBXECTO DO ACORDO

As accións que se han desenvolver en Ecoinnova Construción serán as seguintes:

CÓDIGO	TÍTULO	LUGAR	DATA
FP1	CURSO DE FORMACIÓN PRESENCIAL A sustentabilidade na construción: sistemas e ferramentas para a súa avaliación	A Coruña	27, 28 e 29 Maio 2010
FP2	CURSO DE FORMACIÓN PRESENCIAL A sustentabilidade na construción: sistemas e ferramentas para a súa avaliación	Vigo	10, 11 e 12 Xuño 2010
FP3	CURSO DE FORMACIÓN PRESENCIAL Construción de ecovivendas: materiais respectuosos co medioambiente.	Ferrol	3, 4 e 5 Xuño 2010
FP4	CURSO DE FORMACIÓN PRESENCIAL Construción de ecovivendas: materiais respectuosos co medioambiente.	Pontevedra	17, 18 e 19 Xuño 2010
FP5	CURSO DE FORMACIÓN PRESENCIAL Construción e rehabilitación de edificios: incorporación da eficiencia e aforro	Santiago	30, 01 e 02 Outubro 2010

CÓDIGO	TÍTULO	LUGAR	DATA
	enerxético.		
FP6	CURSO DE FORMACIÓN PRESENCIAL Construción e rehabilitación de edificios: incorporación da eficiencia e aforro enerxético.	Lugo	23, 24 e 25 Setembro 2010
SP1	SEMINARIO DE FORMACIÓN PRESENCIAL Innovación e ciclo de vida de materiais na construción.	Ferrol	04 e/ou 05 Novembro 2010
SP2	SEMINARIO DE FORMACIÓN PRESENCIAL Innovación e ciclo de vida de materiais na construción.	Lugo	21 e/ou 22 Outubro 2010
SP3	SEMINARIO DE FORMACIÓN PRESENCIAL Innovación e ciclo de vida de materiais na construción.	Ourense	18 e/ou 19 Novembro 2010
SP4	SEMINARIO DE FORMACIÓN PRESENCIAL Innovación e ciclo de vida de materiais na construción.	Pontevedra	07 e/ou 08 Outubro 2010
SP5	CONGRESO GALEGO DE SUSTENTABILIDADE E CONSTRUCCIÓN	A Coruña	en febreiro 2011
PR1	PREMIOS GALEGOS DE ARQUITECTURA SUSTENTABLE	A Coruña	en decembro 2010
CAM1.1	Páxina Web 2.0 ecoinnovaconstrucción.es	Galicia	ata marzo 2011
CAM1.2	Obradoiro práctico e presencial sobre sustentabilidade e construción	Ourense	en febreiro 2011
CAM1.3	Folleto divulgativo: PARÁMETROS PARA AVALIAR A SUSTENTABILIDADE NA CONSTRUCCIÓN DA EDIFICACIÓN DE GALICIA	Galicia	ata marzo 2011
CAM1.4	Publicación: CATÁLOGO DE OBRAS E EDIFICACIONES SUSTENTABLES EN GALICIA E ESPAÑA	Galicia	ata marzo 2011
E1	Publicación: PAUTAS PARA O DISEÑO DE VIVENDAS SUSTENTABLES	Galicia	ata marzo 2011
E2	Publicación: NECESIDADES E SOLUCIÓNS DE ECOINNOVACIÓN E ECOCONSTRUCCIÓN NA EDIFICACIÓN DE GALICIA	Galicia	ata marzo 2011
AS1	Asesoramento en liña no deseño de vivendas sustentables en Galicia.	Galicia	ata marzo 2011

O detalle destas accións e do proxecto no seu conxunto está descrito na Memoria técnica presentada por este á FB e que constitúe o anexo I do presente acordo.

TERCEIRA.- ORZAMENTO

O proxecto Econinova Construción ten un orzamento estimado de 292.440,00€. O compromiso financeiro para o seu desenvolvemento é o seguinte:

FSE (Fundación Biodiversidade):	233.952,00€
Beneficiario (COAG):	29.488,00€
Colaborador (Deputación da Coruña):	29.000,00€

Iso supón a seguinte distribución porcentual no marco do proxecto:

COFINANCIADOR	%	Euros
FSE	80%	233.952,00
Beneficiario	10,08%	29.488,00
Colaborador	9,92%	29.000,00
TOTAL	100,00%	292.440,00

A distribución temporal do orzamento é a seguinte: ano 2010 (15.000,€) e 2011 (14.000€)

CUARTA.- FORMA DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A forma de pagamento entre o beneficiario (COAG) e o colaborador (Deputación Coruña) irá asociado ao pagamento do cofinanciamento que realice a Fundación Biodiversidade. Estableceranse dous pagamentos, coincidentes coa data de presentación das xustificacións intermedias e final do proxecto que realice o beneficiario (COAG) ante a Fundación Biodiversidade.

A achega da Deputación seralle aboada ao Colexio de Arquitectos de Galicia unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do COAG, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado do proxecto. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula DÉCIMA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

No caso de que non realice unha xustificación intermedia o pagamento realizaríase ao final do proxecto.

O colaborador (Deputación da Coruña) achegará en cada pagamento o 9,92% do importe xustificado polo COAG ante Fundación Biodiversidade e en función das resolucións de pagamento efectuadas por esta. A achega provincial farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 0103/462B/481 do vixente orzamento provincial.

A entidade beneficiaria comprométese, de conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, con carácter previo á realización de calquera adquisición, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, elixindo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme os criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, minorarase a achega da Deputación da Coruña aboándose a cantidade realmente xustificada, sempre que se entenda cumprido o obxecto do convenio.

A falta de xustificación en prazo, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificado, ao que se engadirá o correspondente xuro de mora, calculado desde a data de achega do primeiro prazo.

As correspondentes transferencias bancarias materializaranse logo dos informes do Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e do Servizo de Fiscalización.

O COAG acreditará estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais coa Facenda Pública estatal e a Seguridade Social. A acreditación de estar ao corrente coas obrigas fiscais coa Deputación determinarase de oficio a propia Deputación, a través do seu Servizo de Recadación. Para a realización do previsto, a Deputación queda autorizada para solicitar, en

nome da entidade Colexio de Arquitectos de Galicia, as acreditacións mencionadas no parágrafo anterior.

QUINTA.- EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS

A execución das accións comezará a partir da sinatura do presente acordo.

O beneficiario (COAG) executará as accións identificadas na memoria técnica, axustándose ao contido no Manual de Xestión de Proxectos do Programa Empleaverde, sempre que o modo de execución proposto polo Beneficiario sexa aprobado pola Fundación Biodiversidade.

O beneficiario (COAG) velará pola correcta execución de todas as accións do proxecto, será o único responsable xurídico e financeiro da execución destas perante a Fundación Biodiversidade e actuará como único interlocutor perante ela, á que informará periodicamente da execución e xustificación técnica e económica do proxecto.

O beneficiario (COAG) asume expresamente a obriga de velar polo desenvolvemento da totalidade das accións do proxecto.

As principais funcións que ten que realizar o colaborador (Deputación da Coruña), ademais do cofinanciamento, e de conformidade co que acorden ambos, serían as seguintes:

- Reforzar a imaxe pública do proxecto, participando activamente en actos presenciais como son as xornadas, congreso ou entrega de premios, o que lles dará unha maior relevancia, reforzando o seu impacto.

- Potenciar a divulgación e publicidade das accións e actividades do proxecto, a través das súas amplas canles de información e publicidade que posúe (boletíns, web, publicidade nos seus centros de traballo e sedes, etc.) garantindo desta forma lograr a súa máxima difusión.

- Facilitar o acceso aos destinatarios, complementando o labor do COAG, a través das relacións que esta entidade mantén con empresas construtoras que realizan servizos para esta Administración.

- Valorar a introdución dos resultados do proxecto no marco das políticas urbanísticas e de plan nas que ten competencia.

SEXTA.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o COAG poderá ser escollido pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o COAG queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

SÉTIMA.-REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá levar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago até o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade levará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00€ se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00€.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excedese dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

OITAVA.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

NOVENA.- DESTINATARIOS DAS ACCIÓNS

Os destinatarios das actuacións a que se refire o presente acordo serán, necesariamente: traballadores e directivos de pequenas e medianas empresas (PEME); traballadores por conta propia; profesionais liberais (avogados, economistas, xornalistas, etc.); traballadores agrarios (agricultores, gandeiros, pastores, xornaleiros, gardas forestais e de leiras, etc.); ou profesionais da educación (preescolar, primaria, secundaria, etc.).

Neste marco, considéranse prioritarios os traballadores dos seguintes grupos: traballadores pertencentes a colectivos desfavorecidos; traballadores do sector ambiental; e traballadores situados en zonas sometidas a despoboamento, en zonas rurais, en áreas protexidas, ou en Reservas de Biosfera.

Para os efectos do presente acordo, considéranse traballadores pertencentes a colectivos desfavorecidos: as mulleres, as persoas con discapacidade, os inmigrantes, os traballadores maiores de 45 anos e os traballadores de baixa cualificación.

Todas as accións serán gratuítas para os destinatarios, non se podendo cobrar cantidade ningunha pola participación nelas baixo ningún concepto.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE DAS ACCIÓNS

O beneficiario (COAG) realizará as accións de información e publicidade das accións cuxa execución se lle asigna especificamente no Plan de publicidade incluído na memoria técnica do proxecto, co tempo suficiente para garantir a concorrencia dos potenciais participantes e utilizando os medios de difusión previstos na devandita memoria.

O beneficiario (COAG) comprométese a garantir que a totalidade das accións de información e publicidade do proxecto respecten as normas técnicas establecidas no Regulamento (CE) 1828/2006 e o estipulado no Plan de comunicación do programa Empleaverde. En concreto, garantizará que en todos os documentos e materiais que se desenvolvan ao longo do proxecto apareza: a lema “O FSE inviste no teu futuro”, referencias ao cofinanciamento do FSE e, en igualdade de condicións, os logotipos da Unión Europea, a Fundación Biodiversidade, o Programa Empleaverde e do beneficiario. No seu caso, o logotipo da Deputación deberá aparecer baixo o epígrafe “colaborador” ou “coa colaboración de”. Así mesmo, deberán colocarse os devanditos logotipos nun lugar visible das instalacións onde se desenvolvan todas as accións.

O beneficiario (COAG) comprométese a remitirle ao colaborador (Deputación da Coruña), con anterioridade suficiente antes do inicio da totalidade das accións publicitarias do proxecto que ten que realizar a súa publicidade mediante os seus medios.

O colaborador (Deputación da Coruña) contribuirá a potenciar a divulgación e publicidade das accións e actividades do proxecto, a través das súas amplas canles de información e publicidade que posúe (boletíns, web, publicidade nos seus centros de traballo e sedes, etc.) garantindo desta forma lograr a súa máxima difusión.

UNDÉCIMA.- VIXENCIA

Este convenio de colaboración entra en vigor o mesmo día da súa sinatura e a súa finalización estará ligada á duración do convenio suscrito entre o beneficiario (COAG) e a Fundación Biodiversidade. En calquera caso a súa vixencia non se estenderá máis aló do 30/11/2011.

DUODÉCIMA.- INCUMPRIMENTO

O incumprimento por calquera das partes das obrigas establecidas no presente acordo facultará a parte que cumpra para optar entre esixir o cumprimento ou a súa resolución, con resarcimento de danos e aboamento de xuros en calquera dos casos.

DÉCIMO TERCEIRA.- ANEXOS

Pasan a formar parte íntegra deste convenio os seguintes documentos relacionados co proxecto:

- Anexo I: Memoria técnica
- Anexo II: Memoria económica

DÉCIMO CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do proxecto que se desenvolva ao amparo do presente acordo, crearase unha comisión composta por polo menos 1 representante de cada unha das partes asinantes, á que corresponderá, así mesmo, a resolución de cantas dúbidas ou cuestións puidese suscitar a interpretación e aplicación deste acordo. A ela asistirán o xefe do Servizo de Planificación, DT e UE da Deputación da Coruña ou persoa na que delegue e un representante do COAG nomeado para o efecto.

A Comisión reunirse a instancia de calquera das partes. A parte convocante da reunión deberá propor a correspondente orde do día, dándoselle o traslado á outra parte para a formulación das alegacións ou complementos que estime oportunos.

As cuestións expostas resolveranse por consenso e as decisións adoptadas poderán recollerse nunha acta de acordo por ambas as partes.

DÉCIMO QUINTA.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. De forma supletoria aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puidesen xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle interpretalas ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención Provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución da Presidencia núm., do.. ... de de 2010.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio en exemplar cuadriplicado no lugar e data indicados no seu encabezamento.

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. González Vázquez

Bos días a todos e a todas. A miña pregunta é por que se denegou a utilización das aulas no Conservatorio de Danza solicitadas polo Centro Coreográfico Galego para dúas actividades coa Compañía de Danza Merce Cunningham, un é un curso para profesores de Ana Abad en setembro, e outro unha máster class de Robert Simpson en xuño.

Sr. presidente, pídlle a través desta pregunta que se reconsidera a negación das aulas do Conservatorio por varias razóns .Unha, por optimización dos recursos, xa que a amplitude das aulas e as características do chan, con cámara de aire para que os bailaríns non sufran sobrecarga muscular, son moi adecuadas para esta Compañía. Dous, pola proximidade do Conservatorio ao Teatro Rosalía de Castro onde actuará a Compañía. E tres, pola posibilidade que teñen os alumnos do Conservatorio de recibir unha máster class durante a súa estadía na cidade, xa que se concedeu a oportunidade de impartir tres destes máster a 75 dos nosos bailaríns. E cuarto, e sobre todo, porque desde a Deputación débese traballar polo progreso da danza, non todos os conservatorios de España, e atévome a dicir do mundo, teñen oportunidade de acoller a esta Compañía de Merce Cuninngam, creador dunha das compañías de danza contemporánea máis importantes do mundo e que recibiu premios en Toquio e Francia, pero aquí díselles que non á cesión dunhas aulas.

Sinto dicirlllo, Sr. presidente, pero vésele o plumeiro, xa que se noutras ocasións, sendo goberno bipartito, cedéronse as aulas para distintos eventos, a falta de consideración neste caso vai máis aló, porque vostede debe ser o máis interesado en que os alumnos do Conservatorio reciban esta formación, como vostede tamén, en calidade de presidente da Deputación, debería dunha vez tomar parte activa e interesarse porqué non se pode construír un Centro Coreográfico Galego no Concello da Coruña, que se poida estar neste momento perdendo unha subvención estatal de máis dun millón de euros para a cidade.

Os feitos son os seguintes: o proxecto aprobouno o Ministerio de Cultura en agosto de 2009, cun prazo ata agosto de 2010, por un importe de 1.400.000 euros de subvención deste Ministerio e cesión dunha parcela municipal no parque ofimático. O noso alcalde, Losada, desta cidade, en sete meses non enviou a certificación á Xunta da titularidade da parcela, e ponse en risco a perda desta subvención. A Xunta solicitou unha prórroga o 1 de marzo de 2010 ao Ministerio de Cultura, e este díxolle que non o 29 de marzo de 2010.

Son vostedes incapaces, aínda sendo gobernos amigos, tanto o Goberno central como o Concello da Coruña, de apostar pola creación do Centro Coreográfico, porque funcionan como auténticos reinos de taifas, “eu non me meto no teu, ti non te metas no meu”, sen coordinación, sen interese polos problemas dos cidadáns, e nos tempos que corren, xa cunha taxa de desemprego superior ao 20% a día de hoxe, permitindo con iso a perda deste investimento nunha cidade. Pídolle, Sr. presidente, sensibilidade e xestión, e faga o posible para que alumnos, por unha banda, non perdan a posibilidade destas clases maxistras, ademais de poderse celebrar o curso de profesores de Ana Abad, e por suposto, tente, desde esta institución falar co Sr. Losada e coa Sra. Sinde, para que na cidade da Coruña se poida construír o Centro Coreográfico, a Xunta está disposto a facelo, pero a mala xestión e, ata agora, a falta de dilixencia, poden deixar á cidade sen un referente de capital galega da danza. Moitas grazas.

Non habendo máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.